



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 57

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 11 de marzo de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate e votación do Ditame e das propostas de resolución aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, do informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao plan de traballo de 2012 (10740, 09/ICON-000002).

Publicación da admisión, BOPG n° 148, do 06.08.2013

Publicación das propostas de resolución, BOPG n° 231, do 05.02.2014

Publicación do informe de Ponencia, BOPG n° 235, do 11.02.2014

Publicación do ditame e das propostas aprobadas, BOPG n° 240, do 19.02.2014

Punto 2. Solicitud de constitución dunha comisión de investigación sobre as decisións políticas do Goberno galego en relación coa xestión de Alimentos Lácteos S.A., as que se adoptaron ao longo da súa xestión e o destino das axudas públicas que durante todos estes anos lle foron concedidas, formulada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega

de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 18334, 09/SCI-000007).

Publicación da iniciativa, BOPG n° 250, do 06.03.2014

Punto 3. Textos lexislativos

3.1. Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 4^a, Educación e Cultura, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (09/PPLI-000004)

Publicación da Proposición de lei, BOPG n° 7, do 30.11.2012

Publicación do coñecemento das sinaturas e admisión a trámite, BOPG n° 88, do 17.04.2013

Publicación da toma en consideración, BOPG n° 103, do 16.05.2013

Publicación da designación da Comisión e da apertura prazo de emendas, BOPG n° 106, do 22.05.2013

Publicación da ampliación do prazo de emendas, BOPG nº 115, do 05.06.2013

Publicación da ampliación do prazo de emendas, BOPG nº 121, do 14.06.2013

Publicación da ampliación do prazo de emendas, BOPG nº 124, do 20.06.2013

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 130, do 01.07.2013

Publicación da designación da Ponencia, BOPG nº 154, do 06.09.2013

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 236, do 12.02.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 243, do 24.02.2014

3.2. Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirlles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira (6179, PPLC-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 10.04.2013

Publicación da toma en consideración, BOPG nº 110, do 29.05.2013

Publicación da asignación á Comisión e apertura do prazo de emendas, BOPG nº 115, do 05.06.2013

Publicación das emendas, BOPG nº 161, do 17.09.2013

Publicación da designación da ponencia, BOPG nº 164, do 20.09.2013

Publicación do informe de ponencia, BOPG nº 243, do 24.02.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 248, do 4.03.2014

Punto 4. Comparecencias en pleno

20026 (09/CPP-000152)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, por petición propia, para informar sobre o Plan de emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 245, do 26.02.2014

Punto 5. Mocións

5.1. 20349 (09/MOC-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de enerxía eólica. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17643, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

5.2. 20350 (09/MOC-000060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia sanitaria na provincia de Pontevedra. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17653, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

5.3. 20378 (09/MOC-000061)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar a situación de pobreza enerxética que sofren as familias galegas. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1600, publicada no BOPG 215, do 16.12.2013, e debatida na sesión plenaria do 26 de febreiro de 2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

Punto 6. Proposicións non de lei en Pleno

6.1.12540 (09/PNP-000910)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra o lume

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 25.09.2013

6.2.15063 (09/PNP-001059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis, e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o sector galego do transporte de mercadorías por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 20.11.2013

6.3. 16779 (09/PNP-001198)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre a presentación pola Xunta de Galicia dun recurso de inconstitucionalidade polo baleirado competencial que provoca a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 17.01.2014

6.4.17115 (09/PNP-001230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento por parte das entidades bancarias das sentenzas xudiciais relativas á nulidade das cláusulas solo incorporadas aos contratos de préstamos hipotecarios a tipo variable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

6.5.17832 (09/PNP-001285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento das cotizacións á Seguridade Social das persoas traballadoras autónomas, aprobado no Real decreto lei 16/2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

6.6.18413 (09/PNP-001331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a racionalización das estruturas político-administrativas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 12.02.2014

6.7.19524 (09/PNP-001378)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e 7 máis

Sobre a solicitude polo Parlamento de Galicia aos concellos que compoñen a Área Metropolitana de Vigo do desbloqueo do proceso de implementación do Plan de transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 245, do 26.02.2014

6.8.19657 (09/PNP-001383)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ás administracións públicas co fin de impulsar o emprendemento feminino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 245, do 26.02.2014

Punto 7. Interpelacións

7.1.17854 (09/INT-000639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a modificación do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) por parte da Consellería de Traballo e Benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

7.2.19146 (09/INT-000682)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre a política en materia laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

7.3.17793 (09/INT-000634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre o proceso de conversión do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar nunha axencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

Punto 8. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

8.1.20348 (09/POPX-000062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a defensa dos intereses de Galicia diante do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

8.2.20399 (09/POPX-000063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as medidas previstas en relación coa situación existente no Concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

8.3.20448 (09/POPX-000064)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre o cumprimento do compromiso de dimisión ou cesamento a aqueles cargos públicos imputados e obxecto de medidas cautelares, como acontece no Concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1.20415 (09/PUP-000094)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e 3 máis

Sobre as consecuencias da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea referida ao imposto denominado do céntimo sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

9.2. 20392 (09/PUP-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre o impacto ambiental do proxecto denominado «Adecua-
ción da canle e ordenación dos ríos Sarria e Celeiro (1ª fase)»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

9.3. 16615 (09/POP-001405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da pri-
vatización dos servizos de esterilización dos centros hospitalarios
públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 21.01.2014

9.4. 19135 (09/POP-001723)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Solla Fernández, Eva

Sobre a data prevista pola Consellería de Sanidade para o inicio
da reparación das deficiencias estruturais existentes no Hospital
do Meixoeiro, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

9.5. 20433 (09/PUP-000095)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as razóns da paralización polo Tribunal Administrativo Cen-
tral de Recursos Contractuais do concurso para a adxudicación

da xestión integral de espazos no Complexo Hospitalario Univer-
sitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 06.03.2014

9.6. 18315 (09/POP-001661)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel e 6 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coa redu-
ción nun 30 por cento en Galicia, no ano 2013, do número de
traballadores afectados por un expediente de regulación de
emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

9.7. 16890 (09/POP-001428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre o recinto da Semana Verde de Galicia como posible motor
de dinamización para o sector primario galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 225, do 20.01.2014

9.8. 19376 (09/POP-001734)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as estimacións iniciais da Xunta de Galicia acerca dos
danos ocasionados polos sucesivos temporais nas infraestrutu-
ras portuarias da franxa costeira galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 240, do 19.02.2014

Ábrese a sesión ás dez e trinta e un minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame e das propostas de resolución aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, do Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia referido ao plan de traballo de 2012. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Varela Suanzes-Carpegna).* (Páx. 9.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa postura respecto das demais: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 10.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 12.), *Sr. González Santín (S)* (Páx. 13.) e *Sra. Pouso Maneiro (P)*. (Páx. 14.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas, do Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao plan de traballo de 2012: *aprobado por 39 votos a favor, 30 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 16.)

Votación da proposta de resolución número 1, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas: *aprobada por 39 votos a favor, 30 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 16.)

Votación das propostas de resolución número 2, 3, 5 e 6, aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas: *aprobadas por unanimidade, por 69 votos a favor.* (Páx. 16.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 4, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas: *aprobado por unanimidade por 69 votos a favor.* (Páx. 16.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 7, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas: *aprobado por unanimidade por 69 votos a favor.* (Páx. 16.)

Votación da proposta de resolución número 8, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas: *aprobada por unanimidade por 68 votos a favor.* (Páx. 17.)

Solicitud de constitución dunha comisión de investigación sobre as decisións políticas do Goberno galego en relación coa xestión de Alimentos Lácteos S.A., as que se adoptaron ao longo da súa xestión e o destino das axudas públicas que durante todos estes anos lle foron concedidas, formulada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención dos grupos propoñentes: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 17.), *Sr. Sánchez García (AGE)* e *Sr. García García (S)*. (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 19.)

Rolda de réplica: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 22.), *Sr. Sánchez García (AGE)* e *Sr. García García (S)*. (Páx. 23.)

Votación da solicitude de constitución dunha comisión de investigación sobre as decisións políticas do Goberno galego en relación coa xestión de Alimentos Lácteos S.A., as que se adoptaron ao longo da súa xestión e o destino das axudas públicas que durante estes anos lle foron concedidas, formulada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 24.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica que non se manteñan emendas para o seu debate en pleno. (Páx. 24)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 4ª, Educación e Cultura (Piñeiro Martínez)*. (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 26.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 28.), *Sr. Caamaño Domínguez (S)* (Páx. 31.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 33.)

Intervén a señora Pontón Mondelo (BNG) para solicitar unha rolda de réplica ao abeiro do artigo 78, solicitude que denega a señora presidenta. (Páx. 36.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirlles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 36)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Sánchez Bugallo)*. (Páx. 37.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 37.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 40.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 42.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 44.)

Intervén a señora Gallego Calvar (S) para anunciar o decaemento da emenda. (Páx. 47.)

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación dos textos lexislativos. (Páx. 47.)

Votación dos textos lexislativos

Votación do texto do Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía: *aprobado por unanimidade por 64 votos a favor*. (Páx. 47.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira: *Aprobado por unanimidade por 64 votos a favor.* (Páx. 47.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Intervén o Sr. Jorquera Caselas (BNG) para solicitar a interrupción da sesión e a convocatoria da Xunta de Portavoces co fin de instar o cesamento da carga policial que se está dando nestes momentos no exterior da Cámara. (Páx. 48.)

A seguir intervén o señor Ron Fernández (AGE) para solicitar igualmente a interrupción do pleno. (Páx. 48.)

O señor presidente (Santalices Vieira) desestima a petición pois é unha decisión que debe adoptar a Mesa do Parlamento e non hai quórum dese órgano nese momento. (Páx. 48.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, por petición propia, para informar sobre o Plan de emprego xuvenil. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 49.)

Intervén o señor Méndez Romeu (S) por unha cuestión de orde, para solicitar a suspensión durante uns minutos do pleno e a convocatoria urxente da Xunta de Portavoces para avaliar a grave situación de alteración da vida parlamentaria. (Páx. 54.)

Intervención do señor Puy Fraga (P) en relación coa cuestión de orde suscitada polos tres voceiros anteriores. Nese sentido, atendendo a petición destes, e tendo en conta o Regulamento da Cámara, acepta unha reunión urxente ao remate da sesión, que entende que debe desenvolverse con normalidade. (Páx. 54.)

O señor presidente (Santalices Vieira) solicita que se cumpra o procedemento normal que establece o Regulamento e recórdalles que lles corresponde intervir aos grupos parlamentarios. (Páx. 54.)

Nova intervención do señor Méndez Romeu para informar de que, dado que non se acepta a suspensión da sesión por uns minutos para unha reunión urxente da Xunta de Portavoces, o seu grupo renuncia a intervir no transcurso dos demais asuntos desta sesión. (Páx. 55.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 55.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero). (Páx. 57.)

O señor presidente (Santalices Vieira) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 57.) *Nesta rolda interveñen o señor Tellado Filgueira (P)* (Páx. 57.) *e a señora conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero).* (Páx. 60.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de enerxía eólica. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: O señor Losada Álvarez (S) comunica que o seu grupo non vai defender as súas iniciativas mentres continúe na rúa a situación que denunciaron. (Páx. 62.)

A señora presidenta comunica que, en aplicación ao artigo 75.1 do Regulamento, decae a iniciativa por non substanciarse a moción. (Páx. 62.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia sanitaria na provincia de Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia, en aplicación ao artigo 75.1, o decaemento da iniciativa por non facer uso da palabra a señora deputada. (Páx. 62.)

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar a situación de pobreza enerxética que sofren as familias galegas. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia, en aplicación ao artigo 75.1, o decaemento da iniciativa por non estar presente o señor deputado para substanciala. (Páx. 62.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra o lume. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia, en aplicación ao artigo 75.1, o decaemento da iniciativa por non estar presente o señor deputado para substanciala. (Páx. 62.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e D. Raúl Fernández Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o sector galego do transporte de mercadorías por estrada. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia, en aplicación ao artigo 75.1, o decaemento da iniciativa, por non estar presente o señor deputado para substanciala. (Páx. 62.)

Sen máis asuntos previstos na orde do día, a señora presidenta suspende a sesión.

Suspéndese a sesión ás cinco e once minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e trinta e un minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Comezo da sesión ordinaria do día 11 de marzo.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura, e entramos no desenvolvemento da orde do día co punto primeiro.

Debate e votación do Ditame e das propostas de resolución aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, do Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia referido ao plan de traballo de 2012

A señora PRESIDENTA: O Ditame do Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao plan de traballo de 2012 recomenda a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia relativa ao exercicio de 2010 e incorpora oito propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora a debate e votación: as resolucións números 1, 2, 3, 5 e 6 formuladas polo Grupo Popular, a resolución número 4 froito da transacción dos catro grupos parlamentarios, a resolución número 7 transaccionada tamén entre o Grupo Popular e o Grupo Socialista e a resolución número 8 formulada polo Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, ten a palabra para a presentación do ditame da Comisión o presidente da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, don Daniel Varela Suanzes-Carpegna.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS (Varela Suanzes-Carpegna): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Permítanme, señora presidenta, señorías, en calidade de presidente da Comisión Permanente deste Parlamento para as Relacións co Consello de Contas, que antes de entrar na presentación que hoxe regulamentariamente me cumpre facer en relación co Informe de fiscalización do Consello de

Contas non poida evitar expresar a nosa dor polo recente pasamento de quen fora conselleiro maior do Consello de Contas e quen nos presentara precisamente este informe co rigor que o caracterizaba diante da nosa comisión o pasado día 1 de outubro, como tiña feito con tantos outros informes, memorias e plans de traballo emitidos baixo a súa frutífera responsabilidade á fronte do Consello de Contas, institución estatutaria fundamental da nosa Comunidade Autónoma que el tanto defendeu e contribuíu a precisar. Deixounos Luciano Fariña Busto e con el foise o servidor público exemplar, honesto, imparcial, traballador e entregado ata o derradeiro momento ao servizo e ao interese público, a pesar da súa grave e prolongada enfermidade. Dende aquí para a súa familia a nosa máis sincera condolencia e para el o noso póstumo e emocionado recoñecemento. Repouse en paz. *(Aplausos.)*

Señora presidenta, señorías, os informes do Consello de Contas de fiscalización do sector público de Galicia correspondentes ao plan de traballo do Consello de 2012 tiveron entrada na Cámara o 2 de agosto de 2013. Logo de estudar os citados informes, así como as sete propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, as oito formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, as catro presentadas polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e as oito presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a ponencia nomeada para o efecto, integrada polos señores Jorquera, Vázquez e González Santín, polo BNG, AGE e Grupo Socialista, respectivamente, e pola señora Pouso do Grupo Parlamentario Popular, elevoulle á Comisión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, verbo do que se pronunciou este órgano emitindo o correspondente ditame na sesión do día 14 de febreiro do presente ano, que hoxe elevamos para debate e votación final no pleno da Cámara.

O ditame que presentamos incorpora a proposta de resolución presentada orixinariamente co número 1 polo Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2010. As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión e que se someten agora ao debate e votación son sete, se se exclúe a proposta anteriormente citada de aprobación da Conta xeral, e ordénanse do seguinte xeito:

En primeiro lugar, a proposta de resolución número 2, formulada orixinariamente con ese mesmo número polo Grupo Parlamentario Popular, na que se insta a Xunta de Galicia a render información detallada sobre as operacións de gasto realizadas a través de habilitacións de pagamento, co obxectivo de coñecer o destino final destes gastos.

A continuación, a proposta de resolución número 3, formulada orixinariamente con ese mesmo número polo Grupo Parlamentario Popular, na que se insta a Xunta de Galicia a que continúe traballando na liña de anticipar a rendición de contas, coa finalidade de aproximar os informes ao exercicio en curso.

A proposta de resolución número 4, resultante dunha transacción entre a número 4 do Grupo Parlamentario Popular, 8 do Grupo Parlamentario do BNG, 1 do Grupo Parlamentario de AGE e 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, na que se insta a Xunta de Galicia a asumir todas as recomendacións dos informes do Consello de Contas.

E a proposta de resolución número 5, formulada orixinariamente co mesmo número polo Grupo Parlamentario Popular, cuxa finalidade é que a Xunta de Galicia informe anualmente o Parlamento de Galicia das actuacións realizadas para facer o seguimento do cumprimento das recomendacións do Consello de Contas.

A proposta de resolución número 6, formulada orixinariamente como proposta de resolución co mesmo número polo Grupo Parlamentario Popular, e que ten por obxectivo mellorar a planificación plurianual dos fondos europeos en relación coas modificacións de créditos.

A número 7, formulada orixinariamente con ese número polo Grupo Parlamentario Popular e na que subsumiu a número 4 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, cuxo propósito é que a Xunta de Galicia logo de postos en marcha os mecanismos para recoller de forma axeitada o inventario de bens da Administración autonómica avance na elaboración dun novo inventario de bens inmoables.

E, finalmente, a proposta de resolución número 8, formulada orixinariamente como proposta de resolución número 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego,

cuxo obxectivo é que todos os organismos e entidades dependentes da Xunta de Galicia utilicen o idioma galego na súa relación co Consello de Contas.

Ata aquí pois, señora presidenta, señorías, a nosa presentación en calidade de presidente da Comisión, non sen antes rematar recoñecendo e agradecendo a colaboración de todos os membros da mesma, e moi especialmente de todos os portavoces dos distintos grupos parlamentarios, fundamental para a boa marcha desta comisión, cunha gran compoñente sen dúbida política pero tamén técnica e institucional.

Máis nada, señora presidenta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, vou procurar ser breve, axustarme aos cinco minutos establecidos, aínda que non deixe de resultar paradoxal que a presentación do ditame dispoña de dez minutos e a intervención de cada grupo parlamentario nada máis que de cinco.

Pero, en primeiro lugar, quero expresar o pesar do Grupo Parlamentario do BNG polo falecemento do señor Luciano Fariña e trasladar as nosas condolencias á súa familia, e expresar tamén a consternación do BNG pola traxedia do *Santa Ana*, polos mariñeiros falecidos e desaparecidos e trasladar a nosa solidariedade coas súas familias, achegados e a todo o mundo do mar.

Ao ditame incorporáronse dúas resolucións propostas polo BNG, nas que se insta a Xunta a asumir todas as recomendacións dos informes do Consello de Contas e a realizar as actuacións necesarias para que todos os organismos e entidades utilicen o idioma galego nas súas relacións co Consello de Contas. Pero, en cambio, foron rexeitadas

outras propostas que fan que manteñamos unha posición crítica co ditame.

Criamos e cremos que o Consello de Contas debe de realizar unha auditoría ás empresas beneficiadas de contratas e concursos públicos citadas no informe do xerente do Partido Popular de Galiza en 2006 como autoras de doazóns ilegais ao Partido Popular. As revelacións do caso Bárcenas e Gürtel pon en evidencia a existencia dunha trama de financiamento irregular perpetuada no tempo, na que participarían empresas beneficiadas de contratas e concursos públicos. Por iso consideramos necesaria esa auditoría para defender a transparencia nas contratas e concursos públicos e loitar contra a corrupción.

En segundo lugar, propuxemos tamén que a Xunta de Galiza asuma a recomendación do Consello de Contas de que calquera axuste do gasto debe de estar condicionado a unha avaliación previa do seu impacto nas políticas produtivas e nas políticas sociais.

Considerabamos e consideramos tamén que a Xunta debe de ofrecer información consolidada das contas, incluíndo entes, sociedades, fundacións e consorcios, de xeito que permitan unha visión global da actividade económica de todo o sector público da Comunidade Autónoma.

E que se deben de corrixir as deficiencias relevantes e reiteradas relativas aos estados financeiros e instar a Xunta a que o Sergas implante un sistema integral de contabilidade de acordo coas exigencias do Plan xeral de contabilidade público de Galiza.

Pero permítanme pola súa relevancia que me centre en particular nas nosas propostas iniciais 5 e 7, que foron rexeitadas e, polo tanto, non incorporadas ao ditame.

A proposta quinta propuña unha regulación estrita da adquisición de novos compromisos a través da fórmula de colaboración público-privada. Recollemos neste sentido unha recomendación do propio Consello de Contas, que ademais di que “O actual contexto de restricións orzamentarias require dunha precisa determinación dos proxectos ou infraestruturas cuxos obxectivos xustifiquen diferir o gasto a exercicios futuros”. O Ditame sobre financiamento público-privado realizado polo Consello de Contas sinala claramen-

te como unha das causas do incremento desta fórmula de colaboración que o recurso a esta fórmula non computa para efectos contábeis como déficit e débeda pública, pero é débeda pública real para efectos prácticos, na medida en que traslada a carga a exercicios futuros, representando unha importante hipoteca.

O propio consello di textualmente que “resulta complicado que como fórmula de financiamento demostre vantaxes comparativas respecto das fórmulas clásicas de financiamento”, e ademais reflicte que “as fortes restricións de crédito derivadas da actual crise encarecen e dificultan esta fórmula”, e alerta da súa falta de transparencia. Permítanme que faga unha cita textual: “Tal e como se puxo de manifesto no informe do Consello de Contas sobre a peaxe en sombra, un dos problemas dos que adoecen as colaboracións público-privadas é a súa falta de transparencia e a súa maior opacidade fronte a formas tradicionais de financiamento de infraestruturas”. Quero lembrar neste sentido, señorías, que o Goberno galego ten comprometidos máis de 3.000 millóns de euros a través desta fórmula, o que representa unha grave hipoteca para exercicios futuros, e por iso o BNG aposta porque se abandone inmediatamente esta fórmula de financiamento.

E, por último, a nosa proposta orixinal número 7 insta a Xunta a deixar de desprazar obrigas a exercicios seguintes. É unha práctica sistemática do Goberno da Xunta de Galiza para cumprir os obxectivos de déficit, pero, como di o propio Consello, “pode acabar distorsionando ese resultado orzamentario e afectar negativamente orzamentos futuros ou diminuír a capacidade para atender as necesidades previstas no exercicio respectivo debido ás cargas arrastradas de exercicios anteriores”.

Conclúo xa anunciando, por tanto, que imos votar en contra do ditame, na medida en que a Xunta incumpriu boa parte das recomendacións realizadas polo propio Consello de Contas, e ademais o ditame recomenda a aprobación da Conta xeral do exercicio 2010, é dicir, do primeiro exercicio completo do austericidio practicado polo Goberno Feijóo. Por esta razón mantemos esta posición crítica ao ditame.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Ramón Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, quixera sumarme ás verbas de pésame dirixidas hoxe nesta Cámara.

Polo que se refire xa á valoración do Ditame sobre o Informe de fiscalización do sector público de Galicia, dende Alternativa Galega de Esquerda imos votar de xeito claramente negativo. E ímolo facer baseándonos nos propios datos aportados polo Informe en relación coa Conta xeral da Comunidade, que son especialmente graves dende o noso punto de vista.

Temos que recordar que o informe se refire ás contas do ano 2010 –primeiro ano completo da era Feijóo–, no que o Goberno do Partido Popular iniciaba este delirante proceso de empobrecemento global de Galicia. O informe sobre a Conta xeral do 2010 é taxativo neste sentido, e desgraciadamente tamén é premonitorio do que máis adiante se nos veu encima. Recolle, por unha banda, un incremento nese exercicio de 2010 de máis de 1.300 millóns de euros da débeda pública nun só ano, alcanzando por aquel entón xa a débeda pública do Goberno da austeridade os 5.220 millóns de euros; hoxe a débeda supera xa os 9.000 millóns de euros. O informe xeral constata tamén que os compromisos futuros acadados pola débeda eran xa nese ano 2010 de 10.500 millóns de euros; hoxe seguro moito maiores. Débedas que terán que pagar os nosos netos nos vindeiros corenta anos.

Nese exercicio do 2010 o Goberno galego dedicou para a amortización da débeda máis de 500 millóns de euros. Neste ano 2014 xa se contemplan máis de 2.000 millóns para o pago da débeda. O informe da Conta xeral constata que no 2010 Galicia contou con 11.300 millóns de euros de orzamento e neste exercicio 2014 con 8.300. As conclusións á luz do informe do Consello de Contas son claras e evidentes: 3.000 millóns de euros de recorte orzamentario máis 5.000 millóns de euros de incremento da débeda, unido ao desmantelamento progresivo dos servizos públicos e sociais. O resultado: quebra económica e quebra social de Galicia.

O fracaso dun modelo delirante no que se incrementa a débeda para acometer medidas de recorte, débeda para pagar débeda, medidas, en definitiva, procíclicas, nun contexto de crise onde o necesario é incrementar a protección social, realizar investimentos produtivos, apostar pola investigación, realizar políticas de emprego, facilitar o crédito ás empresas, poñer a débeda ao servizo das persoas e non as persoas ao servizo da débeda. Dende entón ata agora non mellorou ningún dos indicadores económicos de Galicia, nin un. E por iso non podemos aprobar a Conta xeral e non podemos aprobar o ditame.

E sobre as propostas de resolución, ¿que podemos dicir? O traballo en ponencia foi bastante desolador, estéril –diría eu–, non nos enganemos. Das vinte propostas de resolución presentadas por todos os grupos da oposición rexeitáronse quince en total, transaccionáronse tres e aceptouse unha, subsumíndose outra. Propostas de resolución que no caso de Alternativa Galega de Esquerda ían na liña xeral de que o Goberno asuma as propias recomendacións do Consello de Contas, que raramente son asumidas, e tamén na liña de aproximar os informes e as contas ao exercicio en curso; non en van estamos a falar das contas do ano 2010.

O máis grave, neste sentido, non é xa que o Goberno non colabore coa propia institución fiscalizadora, senón que ademais non ten nin a máis mínima vontade de asumir as propias recomendacións que se lle propón desde a propia oposición. Se facemos caso do que no propio informe se describe, a situación é tremenda. Na páxina 9 di: “omítese información detallada sobre operacións de gasto realizadas a través de habilitacións de pagamento”; na páxina 11 di: “uso excesivo do programa 621, Imprevistos e funcións non clasificadas”; páxina 18: “a Intervención Xeral non achegou información sobre as desviacións de financiamento acumuladas”; páxina 82: “a memoria segue presentando unha información desestruturada e insuficiente”; páxina 80: “constátase a existencia dun gasto desprazado do exercicio 2010 ao 2011”; páxina 92: “obrigas de pagamento pendentes e acumuladas ao Sergas que chegan aos 999 millóns de euros”...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: E remata dicindo que “permanecen vixentes as recomendacións anteriores efectuadas polo Consello de Contas, que ata o momento seguen pendentes de

ser consideradas pola Administración”. Este é o resultado e o resumo do propio informe.

Polo tanto, o que temos que dicir é que xa no seu inicio, no inicio desta singradura, ao Goberno non lle saían as contas e neste momento sáenlle moito menos.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Señorías, quero tamén hoxe iniciar a miña intervención mostrando o meu pesar e o do Grupo Socialista polo falecemento do conselleiro maior de Contas, don Luciano Fariña. Sen dúbida, o seu labor á fronte do Consello de Contas de Galicia contribuíu a aumentar a transparencia das administracións, cousa que todos lle agradecemos.

Centrándome xa no tema que hoxe nos trae aquí, anunciar o apoio do Grupo Parlamentario Socialista a todas as propostas de resolución agás a número 1, que é a que propón a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2010. As causas esenciais polas cales non imos aprobar esta resolución son as seguintes:

1º) Existe na documentación remitida ao Consello de Contas de Galicia numerosas limitacións ao alcance que fai a Xunta de Galicia, polo que fai imposible que este organismo poida avaliar de forma exhaustiva a situación das contas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º) Tamén existe un desprazamento de gastos da Comunidade Autónoma de máis de 400 millóns de euros neste exercicio 2010, coa conseguinte distorsión no déficit resultante das amortizacións. E tamén se deixan de executar neste exercicio 2010 máis de 950 millóns de euros en inversións reais.

Todo isto, xunto con outras cousas, fai que non poidamos aprobar esta resolución nin poidamos votar a favor da aprobación da Conta da Comunidade Autónoma para o ano 2010, xa que entendemos que non reflicte unha imaxe totalmente

fiel e veraz da situación económica e financeira da Xunta de Galicia.

Con respecto ao resto das resolucións, dicirlles que si as apoiaremos, pois moitas son recomendacións que fai o propio Consello de Contas de Galicia á Xunta e outras van dirixidas a mellorar o control que este organismo fai sobre as contas públicas. Desde o Grupo Socialista entendemos que todo o que aumenta a transparencia e o control das contas é bo xa non só para a Comunidade Autónoma, senón para todos os galegos.

Facemos constar que tanto no ditame como na ponencia apoiamos todas as resolucións agás esta que lles comentaba de todos os grupos políticos. Por iso, agora gustárame centrarme nas propostas de resolución que non se aprobaron, en concreto, que non aprobou o Partido Popular, que é o que ten maioría absoluta e que non entendemos a que se debe esta non-aprobación.

Quixera facer referencia, primeiro, á resolución número 3, na que solicitabamos axilizar os prazos de remisión da documentación solicitada por parte do Consello de Contas de Galicia, o que facilitaría que a Conta xeral que agora estamos a analizar non fose a do ano 2010, catro anos antes do que agora nos encontramos. Ou nesta mesma resolución solicitabamos que se rematase coas limitacións ao alcance que se facían aos traballos realizados polo Consello de Contas. É curioso que desde o Partido Popular non se aceptase esta resolución, dado que lendo *a sensu contrario* implica que o Partido Popular está de acordo en que a Xunta de Galicia non presente toda a documentación que lle exige o Consello de Contas.

A nosa resolución número 5, que tampouco foi aceptada, insta a Xunta de Galicia a que nas súas contas anuais se rexistren todas as obrigas que corresponden ao propio exercicio, sen desprazar esas obrigas a exercicios seguintes. Como ben saben, neste exercicio houbo un desprazamento de 411 millóns de euros. Parece ser que por parte do Partido Popular tampouco se quere que todas as obrigas sexan as que corresponden ao dito exercicio e parece que parece ben que se poidan desprazar a exercicios seguintes.

Tamén a resolución número 7 nosa, na que instabamos a Xunta de Galicia a que mellore o grao de execución no cum-

primento do gasto público en relación co que inicialmente se aprobou no orzamento, e que neste caso implicou que non se executaran máis de 950 millóns de euros en gastos de capital e inversións. Nosoutros entendemos que todos os gastos orzamentados deben ser executados no propio exercicio. Non aprobar esta resolución entendemos que implicaría que se está dicindo por parte deste Parlamento que a Xunta de Galicia non ten a obriga de executar os orzamentos que son aprobados por esta Cámara.

E, xa para rematar, tamén me gustaría facer referencia aos gastos de carácter electoral, dos que non se falou ata agora, e que entendemos que, á parte de que o Consello de Contas de Galicia analice os gastos que fan os distintos partidos políticos, debería tamén facer unha análise de todos os gastos en publicidade e propaganda que fai a propia Xunta de Galicia durante o proceso electoral, comparando estes gastos cos que había en exercicios anteriores, para ver se se produciu un aumento de gastos de publicidade da Xunta ou polo contrario continúan a ser os mesmos que en exercicios anteriores.

Tamén hai unha serie de gastos, agora que estamos falando sempre do aforro, do aforro en termos que de aquí se está solicitando por parte deste Parlamento redución de deputados, e entendemos que se podería aforrar noutras cousas que provocarían un aforro superior á redución de deputados, como podería ser o envío de papeletas electorais ao domicilio dos particulares. Podemos ver no propio Informe do Consello de Contas que di que isto provocaría un aforro de forma anual, pois case todos os anos hai unhas contendas electorais, de máis dun millón e medio de euros.

Polo que solicitamos que todas estas propostas que non foron aceptadas por parte do Partido Popular se repensen e no futuro sexan aceptadas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra dona Herminia Pouso Maneiro.

A señora POUSO MANEIRO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Dende o Partido Popular de Galicia queremos tamén manifestar o noso pésame polo pasamento do conselleiro maior, don Luciano Fariña Busto, foi unha honra ter participado con el na Comisión de Relacións co Consello de Contas, e mostrar o noso agradecemento polo traballo realizado e polas súas aportacións a prol de mellorar o funcionamento da Administración. O noso máis profundo respecto por unha persoa con clara vocación de servizo público, tal e como mostrou ao longo da súa traxectoria profesional.

En relación xa co informe que nos ocupa no punto actual, salienta a importancia do Consello de Contas polo traballo independente que realiza, sempre orientado a mellorar a xestión económica do sector público galego.

Acabamos de escoitar a intervención do presidente da Comisión do Consello de Contas, na que explicou as propostas de resolución que foron aprobadas o pasado día 14 de febreiro en relación co plan de traballo de 2012, no que se fiscalizou a actividade económico-financeira do sector público galego do ano 2010.

Pois ben, señorías, podemos ver na declaración definitiva realizada polo Consello de Contas como todos os organismos autónomos, entidades de dereito público e axencias cumpriron coa obriga de render as contas en prazo, o que supón un importante avance. É unha mostra de que se fixeron importantes avances neste eido, feito que nos debe satisfacer a todos os grupos.

O Grupo do Partido Popular vai aprobar a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2010, posto que, tal e como consta na declaración definitiva emitida polo Consello de Contas, a Conta xeral da Comunidade Autónoma reflicte razoablemente a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio 2010. Unha conta, señorías, que reflicte as políticas do Goberno do Partido Popular, un goberno comprometido coa nosa sociedade, priorizando o gasto social, protexendo os máis vulnerables, responsable de garantir o funcionamento dos servizos públicos, e un goberno comprometido co cumprimento do déficit, que paga aos seus provedores e non precisa recorrer ao Fondo de Liquidez Autonómica, porque só así deste xeito podemos garantir o noso autogoberno.

Nesta conta comparativa e nesta conta en comparativa coa do ano 2009 podemos ver a mellora de magnitudes económicas, como o remanente de Tesourería ou o resultado orzamentario cumprindo o déficit previsto cunha desviación positiva do 0,01 punto do produto interior bruto.

Maila iso e tendo en conta que aínda quedan eivas por subsanar en futuras rendicións das contas, o Grupo do Partido Popular aproba unhas propostas de resolución coa finalidade de conquistar mellorar a información, que redundará positivamente no control, administración e xestión dos recursos públicos galegos.

Entendemos que é preciso ir corrixindo determinadas deficiencias detectadas. Así, solicitamos que se renda información sobre os gastos realizados a través da habilitación de pagamentos, a fin de recoñecer o destino final dos mesmos, e importante nos parece que se procure anticipar a rendición da Conta xeral, para que os informes se aproximen no máximo posible ao exercicio en curso, a fin de lograr unha maior eficiencia das recomendacións realizadas polo órgano de control.

Reiteramos a nosa petición de continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas, posto que se realizan coa máxima de mellorar a eficacia, a eficiencia e o control na xestión dos recursos públicos e en aras de conseguir unha maior prestación de servizos públicos de máis calidade aos cidadáns e de procurar que os investimentos públicos supoñan unha panca para facilitar o desenvolvemento dunha maior actividade económica na nosa Comunidade.

Propoñemos tamén que se informe anualmente a este Parlamento das actuacións realizadas para executar o cumprimento das recomendacións, poder coñecer os avances que se van producindo respecto deste tema.

Tamén reclamamos unha mellora na execución, na planificación plurianual, dos fondos europeos, especialmente que isto se teña en conta para o plan operativo da Unión Europea do período 2014-2020.

Estamos tamén de acordo en que se avance nesa elaboración do inventario de bens da Comunidade, da Administración autonómica galega, e tamén defender a utilización do idioma galego.

En canto ás recomendacións propostas por outros grupos, ao señor Jorquera, do BNG, dicirlle que, en canto á resolución número 1, non é competencia do Consello de Contas a fiscalización de realizar auditorías de empresas privadas.

En canto á resolución número 4, dicirlle que a información consolidada das contas xa se recolle na Conta xeral rendida.

Rexéitase a recomendación número 2, porque, á hora de facer axustes de gastos motivados...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora POUSO MANEIRO: ...—si— pola caída dos ingresos, xa se analizan as prioridades dos diferentes programas, e non podemos deixar de utilizar os recursos de gastos de capital ante unha prioridade de gastos sanitario, educativo ou de atención social por carencia de recursos básicos aos nosos cidadáns.

Neste senso, dicir que en canto ao desprazamento de gasto...,

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señora Pouso.

A señora POUSO MANEIRO: ...recordar o efecto neutro, a que fai referencia o informe, que pode deducirse da compensación deste tipo de gasto ao longo do tempo.

E en canto ao tema do endebedamento, dicirlle que Galicia é a comunidade autónoma que, collan os índices que collan, tanto de ratio de débeda por habitante como de produto interior bruto, está por debaixo da media das comunidades autónomas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pouso.

Pasamos á votación. Pechamos as portas.

Comezamos coa votación do ditame.

(Murmurios.)

¿Escóitase agora? Bueno, pero escóitanme que imos votar o ditame, ¿verdade?

Ben, entón votamos.

Votación do Ditame elaborado na Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas, do informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao plan de traballo de 2012.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 30.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación as propostas de resolución aprobadas pola Comisión. Se lles parece e non me din o contrario, votariamos as propostas números 1, 2, 3, 5 e 6, en primeiro lugar. Dígoo porque son as que mantén o Grupo Popular, salvo que me digan o contrario e queiran votar algunha por separado.

¿A 1, señor Jorquera? A 1.

Ben, entón, votariamos, se lles parece, en primeiro lugar, a 1.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 1, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 30.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

A señora PRESIDENTA: Votariamos a continuación a 2, 3, 5 e 6.

Votamos.

Votación das propostas de resolución número 2, 3, 5 e 6, aprobadas na Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votariamos a continuación a proposta transaccionada número 4.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 4, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votariamos a número 7, tamén transaccionada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 7, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Votamos, por último, a proposta número 8.

Votamos.

Votación da proposta de resolución número 8, aprobada na Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Continuamos coa orde do día, co punto 2.

Solicitud de constitución dunha comisión de investigación sobre as decisións políticas do Goberno galego en relación coa xestión de Alimentos Lácteos S.A., as que se adoptaron ao longo da súa xestión e o destino das axudas públicas que durante todos estes anos lle foron concedidas, formulada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, en primeiro lugar, en representación do Bloque Nacionalista Galego, a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Bos días, señoras e señores deputados, persoas que nos acompañan desde o público.

A situación na que se encontra actualmente Alimentos Lácteos vén confirmar punto por punto todo o que o Bloque Nacionalista Galego veu denunciando practicamente desde o ano 2010 en relación con este asunto, tanto co que tivo que ver coa súa xestión e a participación directa da Xunta de Galicia e o Partido Popular nas decisións que deron lugar a que fose Alimentos Lácteos quen se fixera cargo da planta de Outeiro de Rei –e non unha proposta solvente, configurada por todo o sector do cooperativismo lácteo galego– como as decisións políticas que se produciron ao longo de todo este tempo e que tiveron que ver no resultado final da xestión de Alimentos Lácteos.

Hoxe, catro anos apenas despois do inicio, tres anos e pouco despois do inicio desta fraude, que podemos cualificar agora directamente de fraude e saqueo a toda a operación

de Alimentos Lácteos, hai catro ámbitos que se ven claramente prexudicados por todas as decisións que se tomaron.

En primeiro lugar, os gandeiros e as gandeiras integrantes das cooperativas que formaron parte e que entregaron leite a Alimentos Lácteos, que, por certo, en caso de que cobren serán practicamente os últimos acredores en poder cobrar algo logo deste concurso de acredores, aos que se lles deben a día de hoxe 5,7 millóns de euros por entregas de leite non satisfeitas, ás que hai que engadir tamén as participacións preferentes do sector lácteo, que foi un engano masivo no que se incorreu con estes gandeiros, ao facerlles –sen que eles soubesen– entregar leite para subscribir con ese leite unha ampliación de capital da sociedade.

Aos traballadores e traballadoras de Alimentos Lácteos, que como consecuencia dunha cláusula establecida no contrato entre Pascual e Alimentos Lácteos, se o despedimento se tivese producido antes de tres anos desde a subscrición dese contrato, é dicir, antes do 1 de marzo de 2013, terían unhas indemnizacións moi superiores ás que tiveron, porque o seu despedimento se produciu moi poucos días, pero despois desa data, co engadido de que nese caso sería unha terceira empresa a que tería que facerse cargo desas indemnizacións e non irían contra a masa da empresa.

O conxunto do cooperativismo lácteo do noso país, que perdeu unha oportunidade e que viu ademais como prácticas empresariais bastante cuestionables de Alimentos Lácteos nalgún momento tiraron os prezos á baixa.

E, finalmente, a Administración pública, o erario público, e polo tanto o conxunto dos galegos e das galegas.

En primeiro lugar, porque desde as administracións públicas se achegaron para manter durante estes tres anos e pico este xoguete que o señor Núñez Feijóo puxo en mans do cooperativismo presidido por persoas do Partido Popular practicamente 8 millóns de euros de cartos públicos, que a día de hoxe inda non sabemos onde foron parar, e porque durante este período se permitiu que se producise a depreciación das marcas de Alimentos Lácteos nun 68 %, perdéndose tamén nese ámbito 5,6 millóns de euros, despois de ter gastado tamén máis de 1 millón de euros de cartos públicos na promoción das marcas de leite Muu coa identificación de

“leite 100 % galega” –por certo, era “leite galega” o slogan do Partido Popular–.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Polo tanto, nós cremos que hai que depurar responsabilidades políticas, e por iso promovemos a constitución dunha comisión de investigación, porque a Xunta promoveu este proxecto, amparouno, deulle cartos públicos e estivo durante tres anos amparando este proxecto. Porque desde febreiro de 2012 o Igape participou directamente, con voz pero sen voto, en todas as decisións do Consello de Administración de Alimentos Lácteos. Entón, polo tanto, coñecía tanto a situación como as decisións que se tomaban nese consello de administración...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...porque a Xunta tería que facer algunha análise de viabilidade deste proxecto, que todo o mundo en Galiza dicía que non era viábel, agás o señor Núñez Feijóo, o Igape e os señores de Alimentos Lácteos, e porque, a día de hoxe, segue habendo persoas que ocupan cargos públicos neste país que están involucradas nesta gran estafa masiva, que nos custou aos galegos e ás galegas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...moitos recursos públicos e un gran prexuízo a moitas persoas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Alimentos Lácteos foi un fracaso histórico dun proxecto irresponsablemente plantexado, irresponsablemente xestionado, xestionado e plantexado dun xeito caciquil, e cunha

relevancia –por iso falamos de fracaso histórico– que incluso o administrador concursal expresa no texto, que di: *“En otro orden, no desconoce esta administración concursal el papel que en el sector lácteo en el ámbito provincial y de la comunidad autónoma ha pretendido representar Alimentos Lácteos. Al contrario, entendemos que se debe de tener muy presente tal relevancia de la empresa en ese sector económico, para valorar en su justa medida los perjuicios económicos y sociales, de extraordinaria magnitud, que se han provocado para los acreedores, el empleo y el desarrollo económico del sector; debido, en nuestra opinión, al injustificable mantenimiento en el tiempo de su estado de insolvencia, al punto de imposibilitar cualquier fórmula que permitiese la continuidad de tan significativa actividad económica.”* Isto dío o administrador concursal, o que xa viñamos dicindo nós durante un ano; dixémolo aquí en reiteradas ocasións.

Xogouse irresponsablemente con diñeiro público. Xa estamos acostumados a que o Partido Popular utilice as institucións como se fosen propias. Por moita maioría absoluta que teñan, as institucións e as administracións non son súas, non as poden utilizar como se fosen súas, teñen que render contas ante todos. Xogou irresponsablemente con diñeiro público, cos gandeiros. Permitiu prácticas –como se dixo aquí– de estafar os gandeiros facendo ampliacións de capital de dúbida transparencia. Xogou coas cooperativas e co seu futuro, e co futuro co cooperativismo. Este é un golpe á confianza dos gandeiros para un futuro grupo lácteo, un golpe á confianza dos gandeiros no cooperativismo. E a Xunta de Galicia estivo aí –como ben se dixo aquí– no consello de administración, con voz pero sen voto, dende o primeiro momento case.

O dano xa está feito. Esta empresa plantexouse mal desde o principio; xa estivo desde o principio en causa obxectiva de disolución e o dano xa está feito. O único que se pode facer neste momento, o único que se debe de facer neste momento, se queremos buscar o interese xeral, é dar toda a información, ser transparentes, analizar o que se fixo, como se fixo, quen tomou as decisións e determinar responsabilidades; sacar conclusións para tratar de que non volva suceder algo similar. Iso é o que se pode facer agora; e, se se confirman actuacións irregulares contrarias ao interese xeral, tomar decisións, porque pode haber cargos que aínda sigan na administración sen ter que dar contas sobre o despilfarro de case 9 millóns de euros de diñeiro público.

E o auto do administrador concursal non nega a determinación de responsabilidades políticas, di que este –o xurídico– non é o ámbito de determinar responsabilidades políticas. E o Partido Popular quérenos levar a un calexón sen saída, levando todo cara á parte xudicial, cando a propia parte xudicial di que ese non é o ámbito de depurar as responsabilidades políticas. O ámbito de determinar responsabilidades políticas é este, vostedes néganse.

Nós queremos que se esclarez, queremos que se dea transparencia. Nós pedimos en xullo de 2013 –hai xa máis de sete meses– os expedientes da concesión dos préstamos participativos. Aínda estamos esperando por eles, queremos coñecelos. Vostedes non teñen dereito a gardar iso, non teñen ningún dereito a non darnos a información, nin a nós nin aos gandeiros nin aos traballadores, ten que saír á luz e vostedes téñeno que dar; por iso pedimos esta comisión de investigación.

Vostedes teñen o costume de utilizar as administracións, as institucións e o diñeiro como se fose seu, e por moita maioría absoluta que teñan, non é seu, é de toda a cidadanía. E necesitamos saber se se tomaron as decisións da concesión destes préstamos participativos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...con criterios racionais, en base aos criterios. E, xa dicimos, non nos importa tanto o resultado –que calquera proxecto pode fracasar– como saber se se concederon en función de criterios obxectivos, claros, racionais, e en función de algo máis que non sexa darlles os cartos aos amigos para estafar os gandeiros e os traballadores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Efectivamente, como xa temos dito aquí, o proxecto de Alimentos Lácteos foi un proxecto político –por iso había

dous concelleiros do PP á fronte– para tumbar un proxecto empresarial que existía –primeiro dato a ter en conta e fundamental e determinante–. É dicir, este proxecto non nace por si mesmo, senón que nace fronte a outro proxecto empresarial que aglutinaba a práctica totalidade do sector cooperativo galego. E responde, polo tanto, á folla de ruta do Partido Popular e sobre todo á folla de ruta do Partido Popular do *modus operandi* cando hai cartos de por medio, que é que se hai cartos de por medio teñen que ser cada decisión que se tome, cada posible decisión que se poida tomar, se hai cartos de por medio alguén do Partido Popular ten que saír beneficiado; e se nese proxecto non hai ninguén do Partido Popular, cargámonolo e facemos outro no que si o haxa. Isto foi o que pasou con Alimentos Lácteos.

Polo tanto, non é só ineficacia, non é só inoperancia, non é só descoñecemento, non é só falta de rigor, como xa se nos ten dito aquí, non é sequera unha chapuza, senón que para nós é unha cacicada do señor Feijóo e, por suposto, un pelotazo para determinadas figuras preponderantes do Partido Popular.

Segundo o informe do administrador concursal, Alimentos converteuse nunha empresa insolvente aos sete meses de ter nacido, xa era insolvente; é dicir, xa era insolvente antes de nacer, posto que pretendía vender leite sen ter leite; polo tanto, nacía insolvente. Pero o administrador concursal di claramente que aos sete meses xa a empresa era insolvente, de forma numérica, cos datos encima da mesa; sen embargo, a súa actividade mantívose durante tres anos. É máis, o señor Feijóo prometeu en plena campaña electoral na provincia de Lugo que ía haber máis cartos para Alimentos Lácteos, que ía haber eses cartos para solucionalo. Foi despois das eleccións autonómicas cando eses cartos non chegaron e, polo tanto, abocou definitivamente ao peche.

6,3 millóns por un lado e mais as axudas ordinarias, é dicir, falamos de máis de 8 millóns de euros que se destinaron, de cartos públicos, a manter ese xoguete, esa invención do señor Feijóo e do señor Romay Beccaría, non intentando axudar un sector, senón, como dixeran antes, intentando en todo caso beneficiar determinados persoeiros do Partido Popular e, sobre todo, intentando controlar o incontrolable e intentando ter unha industria sen ter materia prima para vender.

¿E para que foron ou para que serviron?, que é a pregunta, e por iso temos que plantexar unha comisión de investigación. ¿Para que serviron eses máis de 8 millóns de euros? Bueno, primeiro, por suposto, para que os concelleiros do Partido Popular cobraran 236.000, que non é un tema menor; e, polo tanto, o primeiro obxectivo do señor Feijóo seguramente quedou cumprido de sobras. Para que o diñeiro de cinco meses –como se dixo aquí– de 800 gandeiros hoxe se lles deba e non só se lles deba senón que se lles considere como un crédito participativo, e, polo tanto, nese concurso de acredores perdan toda esperanza practicamente de cobrar e de recuperar, mentres que a Xunta considera o seu crédito ordinario. Para que os traballadores, 80 traballadores, por ter apostado, convencidos pola Xunta de Galicia e pola empresa, non só acabaran despedidos, senón que acabaran despedidos ademais en moitas peores condicións das que tiveran acabado no seu momento porque apostaron por un proxecto tal como lles dicía o seu presidente. Aquí os que apostaron polo proxecto, enganados polo señor Feijóo, foron os que máis sen dúbida perderon.

Para cambiar o xerente porque dicía que, efectivamente, ao pouco tempo había que incorporar cooperativas. Pero, claro, o presidente dicíalle: non, non, cooperativas non podemos incorporar, porque temos que controlar nós; polo tanto, se entran cooperativas, non podemos controlar o chiringo; polo tanto, fóra xerente e traemos outro.

Para que Pascual quede libre de pagar esas indemnizacións e teña outra vez a industria e a empresa *libre de polvo y paja*, para poder volver alquilala ou poder volver facer o seu proxecto. E para que, efectivamente, tamén como se dixo aquí, durante moito tempo –que é de vergoña– a Xunta de Galicia, a través de Alimentos Lácteos, practicara *dumping* e fixera que nun dos peores momentos do sector lácteo desde Galicia o que estabamos facendo era baixar o prezo do leite.

Iso foi o que pasou. E ante iso, ¿que temos? Ao señor Juárez dicindo que el xa o dicía –imaxino que xa llo dicía ao señor Feijóo e o señor Feijóo non lle facía caso– e ao señor Feijóo dicindo que en todo caso si que hai que facer algo de autocrítica. O que temos que facer, señores do Partido Popular –se non, vostedes serán cómplices de toda esta cacicada–, é ter cando menos unha explicación cara ao sector, cara aos galegos, cara ás galegas, e esclarecer que é o que pasou durante todos estes anos con todos estes cartos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Popular. Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Bo día a todos e a todas. Grazas, señor presidente.

Saudar o público, que vexo algunha cara coñecida afectada por esta problemática de Alimentos Lácteos.

Ben, escenifican vostedes un acto máis da súa cruzada política, totalmente lexítima loxicamente, pero co único fin de atacar a Xunta de Feijóo. Unen forzas nunha iniciativa común dende a oposición non buscando solucións para os afectados, senón esperando sacar beneficios políticos para os seus partidos, e dígoo claramente. Despois de iniciativas de cada grupo en solitario apoiadas polos restantes, non abundaron as explicacións do Goberno na interpelación do ano pasado, as recentes declaracións do subdirector xeral en comisión, nas distintas mocións, PNL, habituais –dúas ou tres por período de sesións–, non abundaron, non abundaron as explicacións.

Vostedes reiteran hoxe con esta iniciativa unha liña política que utilizaron dende o inicio deste conflito, desta situación na que todos intentamos atopar, buscar a mellor solución. Pero vostedes o que fan é gabarse, buscar neste fracaso o seu propio beneficio. Os argumentos que utilizan para xustificarse eu creo que son suficientemente coñecidos e foron expostos, pero hoxe volveron reiterar perlas como chapuzas, cacicadas, xoguetes, fraude, saqueo, realmente pelotazo... Utilizan uns termos, uns cualificativos que xa non son nada orixinais, xa os repiten. Pero entendemos que non son os reais, que o que realmente a xente, os implicados, os afectados coñecen non é a súa verdade, non é a súa interpretación.

Porque os que estivemos dende o inicio, dende o 2009, cando nos acusaron os nacionalistas de que Pascual pechaba porque chegaba Feijóo –porque o tiven que escoitar– ata todas as dificultades neste periplo que se sucederon, realmente dá mágoa, dá mágoa que a responsabilidade política dos grupos desta Cámara non sexa exclusivamente unha finalidade, e é conseguir que unha actividade dun sector

estratéxico non só para as comarcas afectadas senón para toda Galicia tire para adiante. Porque vostedes intentan incluso denigrar o cooperativismo, cousa que non podemos de ningún xeito asumir, cousa na que non podemos de ningún xeito coincidir con vostedes. Porque neste proxecto os resultados son os que son e teremos que sacar algunhas cousas positivas.

Pero o que non se pode dende ningún momento é responsabilizar a Administración autonómica de decisións de empresas privadas, decisións dende o inicio de empresas privadas, decisións ao longo de todos estes meses de empresas privadas, decisións dunha Administración responsable que loitou por apoiar pero dun xeito contundente todos os pasos, estar aí, dun xeito político, económico, dende todos os ámbitos.

Pois claro que si, como non podía ser doutro xeito. Non podíamos ter deixación de funcións nin responsabilidades políticas nin de goberno. Porque calquera iniciativa nestes últimos anos, sabendo a situación económica pola que atravesamos, precisaba de apoios económicos, precisaba de responsabilidade política. E vostedes afirmaron aquí outra vez –porque son argumentos coñecidos, como dicía– que había alternativas; e fronte a esta alternativa, había o cooperativismo conxunto que se opoñía. Realmente iso é unha terxiversación da realidade, porque o que se fixo foi intentar integrar, intentar buscar... Ri o señor García, porque realmente as manifestacións –e remitímonos á hemeroteca– de todos os responsables políticos, deses que vostedes hoxe aquí non citan pero que din ocupan cargos e teñen responsabilidades políticas. Señor Sánchez, dígo-lle que non, que as responsabilidades políticas tamén estiveron na oposición. Porque dende o primeiro inicio celebraban cada fracaso, cada eiva..., (*Murmurios.*) celebraban cada atranco.

E, señor Losada, vostede realmente quere intervir sempre, e fai apuntamentos moi interesantes, pero no sector lácteo permítame dicirlle que os meus veciños, que hoxe integran as cooperativas, cooperativas que formaron parte dun proxecto con ilusión, con ganas, con moito traballo, que loitaron todas para adiante e que hoxe seguen apoiadas pola Xunta de Galicia –como non podía ser doutro xeito–, a Consellería do Medio Rural, a Consellería de Industria está a carón de toda esta xente que intenta saír. Pero vostedes viron un filón político, viron un atranco político... (*Interrupcións.*)

que realmente o que intentan foi dende o inicio... (*Interrupcións.*) atacar o Goberno.

Pero a Administración é a máxima responsable en clarear o que aconteceu. E temos un proceso xudicial aberto ao que temos que aternos, e non atoparon responsabilidades na Administración. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) E vostedes teiman, teiman e teiman con que hai responsabilidades políticas, pero as responsabilidades políticas virán cando recentemente, en datas próximas, hai un ámbito político, exclusivamente político, o das urnas.

E, señor Sánchez, se vostede cre realmente que o Partido Popular, democraticamente representado, fai un uso partidista das administracións, das entidades e dos fondos públicos, esas son palabras moi graves. E se ten vostede coñecemento, con probas e detalles, xa sabe o que ten que facer. Pero é moi fácil, é moi doado botar a lingua a pacer e poder malinterpretar, terxiversar, manipular. Todas as interpretacións valen politicamente, pero por favor pídlles que sexan rigorosos, que sexan responsables. E fronte a unha Administración que loita enconadamente polo sector lácteo, con propostas lexislativas que amparan a creación de OPL, con novas normas que amparan a produción galega, que se intenta promocionar o leite galego, que debemos estar todos os galegos e galegas, e non só os que formamos o grupo do Partido Popular, orgullosos deste Goberno, porque os gandeiros e as gandeiras galegas así o manifestan, así o ven todos os días. Pero vostedes sigan coa súa finalidade.

E rexeitamos a creación desta comisión en distintas propostas que vostedes levaron ás comisións. E hoxe temos que volver utilizar esa mesma coherencia para volvella rexeitar, porque –repito– a Administración deu cumpridas explicacións, reiteradas explicacións en comisión, nesta sede, en sesións de pleno, e dará as que fagan falla. Pero o que non se pode permitir é intentar politicamente manipular a realidade para sacar beneficios, cando realmente os beneficios que vostedes deberían loitar, polos que vostedes deberían buscar, sobre todo, é o beneficio daqueles que están afectados.

E eu e ningún dos meus compañeiros non fixemos fotografías diante da planta, non estivemos na prensa e nos medios utilizando esta situación para poder rendibilizala politicamente. Estivemos a carón de cada gandeiro, a carón

de cada produtor, dende as entidades locais afectadas, como o Concello de Outeiro de Rei, dende a Administración da Deputación Provincial, dende este mesmo Parlamento, onde se propuxeron ao longo dos distintos meses distintas iniciativas apoiando o cooperativismo, apoiando emendas, señora Paz. Emendas que vostedes non transaccionaron, emendas que vostedes rexeitaron ás súas iniciativas, porque non loitan polo cooperativismo galego, non loitan polo produtor de leite galego. Vostedes intentan manipular, terxiversar, buscar unha realidade que non é. Pero os propios gandeiros...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...serán os que os xulguen e serán os que democraticamente dean a razón a unha xestión da Administración que estivo apoiando e loitando, pero que non tivo responsabilidade na xestión de empresas privadas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pacín.

Réplica, señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Moito debe ter que ocultar o Partido Popular no asunto de Alimentos Lácteos para negarse sistematicamente a que se investiguen en sede parlamentaria tres cousas: as responsabilidades políticas en relación coa xestación, as responsabilidades políticas de decisións políticas asumidas e adoptadas ao longo da xestión e onde foron parar os cartos públicos, que aínda non nos deron ningunha explicación, señora García Pacín. E, desde logo, estando o señor Romay Beccaría de por medio, poderíamos pensar moitas cousas ou haber moitas hipóteses acerca de onde poden estar eses cartos.

Mire, manipulación política, señora García Pacín, voulle ler un texto moi interesante: “O proxecto Alimentos Lácteos foi impulsado e amparado pola Xunta de Galicia para solventar un problema político, social e económico, e para elo conta cunha gran fábrica, un gran produto e un bo número de cooperativas. De aí que o protagonismo da Administración pública galega en Alimentos Lácteos fose moi destacado e que, como é lóxico, a súa intervención a

todos os niveis fose esencial tanto para a orixe do proxecto como para o seu desenvolvemento e posterior desenlace, influíndo decisivamente –por non dicir de maneira definitiva– nas decisións adoptadas na súa xestión e administración, na medida en que os intereses en xogo excedían –como dicíamos ao principio– os meramente mercantís da sociedade. O apoio da Xunta de Galicia deu o espaldarazo final para que o proxecto Alimentos Lácteos frutificase. Baixo o seu beneplácito e co compromiso da Administración de respaldo financeiro constitúese Alimentos Lácteos, nova sociedade de base cooperativa”. Isto, señoras e señores deputados, non foi escrito polo Bloque Nacionalista Galego, foi escrito, asinado e presentado no xulgado polo señor Eugenio Montero, tenente alcalde de Touro e presidente de Alimentos Lácteos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PAZ FRANCO: ...e o señor Arcadio López, ex alcalde da Pastoriza –tamén do Partido Popular– e vicepresidente de Alimentos Lácteos.

Non está aquí o señor Núñez Feijóo para darnos unha explicación de se o seu flexicódigo ético de quen pode e quen non pode ocupar cargos públicos lle permite votar en contra dunha iniciativa que o único que pretende é que se depuren as responsabilidades políticas e que se as hai...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...saian dos cargos públicos, tanto da Xunta como do Estado –no caso do señor Juárez–, como dos concellos de Touro ou da Pastoriza –no caso destes señores–, persoas que cometeron un quebranto tan grande para o sector lácteo, pero tamén para o erario público.

Non sei, señoras e señores do Partido Popular, como está hoxe o seu flexicódigo ético.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estamos acostumados a moitos exercicios de cinismo do Partido Popular, pero este superou o nivel habitual. Non podemos exercer nin sequera labor de oposición porque, segundo a señora García Pacín, estamos procurando réditos políticos.

¿Que deberíamos de facer? ¿Esquecer que se tiraron ao lixo 9 millóns de euros de diñeiro público? ¡É que nin podemos pedir o acceso aos expedientes! ¿Non podemos nin exixir que se nos ensine esa información, señora García Pacín? ¿Que deberíamos de facer? Aplaudir o despilfarrado de diñeiro público, ¿non? Aplaudir que hai gandeiros aos que se lles deben 6.000, 10.000, 12.000 euros. Aplaudir que hai 80 traballadores na rúa. Deberíamos de estar caladiños e aplaudindo ao señor Feijóo. Ou como vostede vir aquí soltar uns tópicos, porque nunca é capaz de baixar á area dos argumentos, porque non ten. Eu estou cansado aquí de dar argumentos e vostedes repiten que estamos ao lado dos gandeiros, que estamos empuxando... Iso non significa nada, a vostede sobráronlle dez minutos de intervención, non dixo nada.

Eu xa falei e non era nada de política, senón un proxecto empresarialmente mal plantexado, polas características da planta, polo que custaba o arrendamento, porque tiña 80 traballadores, que tiña que chegar a un nivel de produción determinado ou se non ter un plan financeiro para subsistir, e vostedes plantexárono chapuceiramente. Isto non é política, isto é un criterio empresarial que vostedes nin sequera saben xestionar, ¿entende? E vostedes estiveron presentes no primeiro minuto, e dous tenentes de alcalde do Partido Popular... Vostede quere que calemos e que aplaudamos que dous tenentes de alcalde do Partido Popular estiveran cobrando case 6.000 euros mentres a empresa estaba quebrada, e mentres poñíanse en perigo 80 postos de traballo. Eu sei o que significa, non sei se vostede, pero eu sei o que significa para un gandeiro que lle deban e que non lle paguen 10.000 euros en leite, eu sei.

Entón, segundo vostede nós deberíamos de esquecer o tema porque estamos tratando de obter réditos políticos. Os réditos políticos obtémolos ou non os obtemos en función do que fagamos cada un. E iso estamos expostos a que nos xulgue a xente en cada momento...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...Pero nós aquí temos que cumprir co noso cometido. E vostedes están ocultando, nin sequera nos deron a información de con base en que se concederon 9 millóns de euros. Iso é moi grave. Vostedes están escondendo unha cuestión moi moi grave de utilización fraudulenta dos fondos públicos. Vostedes están protexendo polo menos a quen tomou esa decisión, que é, cando menos, un incompetente, cando menos, cando non outra cousa. Cando menos están protexendo aos incompetentes.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez. Moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E vostedes queren prohibir á oposición nin sequera pedir unha comisión de investigación cando nos están negando o acceso aos expedientes. Isto xa é demasiado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Socialista, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señora Pacín, eu reitero o que dixen con total tranquilidade: isto non foi nin unha inoperancia, nin sequera foi unha chapuza, foi unha cacicada do señor Feijóo e do señor Romay Beccaría para beneficiaren uns concelleiros e alcaldes do Partido Popular e os seus amigos, e que destruíron outro proxecto que si existía. Iso é así, non é manipulación, señora Pacín.

Señora Pacín, como verá nos últimos tempos, á conseleira de Medio Rural xa non nos referimos, nin está nunca, nin se lle espera... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, intente a ver se é unha cuestión de colocar os micros.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor GARCÍA GARCÍA: Non, é que están...

A señora PRESIDENTA: Fale, a ver.

O señor GARCÍA GARCÍA: Polo tanto, señora Pacín, o que pasa é que vostede hoxe tivo moita sorte, porque as de barba-

ridades que dixo aquí quedaron e van quedar eclipsadas despois da intervención do señor Román Rodríguez acusando ao Partido Socialista de instrumentalizar o Tribunal Constitucional. Pero vir hoxe aquí e dicir que a oposición non é, non está lexitimada, non ten razóns despois de ter outorgado 9 millóns de euros, 9 millóns de euros que –como lle relatei antes– só serviron para que os concelleiros do Partido Popular cobraran, só serviron para que os gandeiros quedaran coas débedas e só serviron para destruír o outro proxecto que existía. ¡E que non teñamos nin sequera baixo o seu punto de vista o dereito de pedirmos explicacións! Porque é verdade que son moitas as iniciativas que viñeron sobre Alimentos Lácteos aquí, é verdade que se fixeron moitas iniciativas, pero é verdade que vostedes se opuxeron a todas, é verdade que vostedes non deron ningún tipo de explicacións, é verdade que vostedes se negan sistematicamente a entregarnos a documentación.

Eu xa llo dixen na anterior comisión, o que non vexo é a saída desta. ¿Que é unha cuestión de cansarse? Nós non nos imos cansar de traer iniciativas con este tema. É o suficientemente grave 9 millóns de euros –entendo eu– nas contas saneadas do señor Feijóo, é suficientemente grave 9 millóns de euros como para cando menos merecer unha explicación, para cando menos merecer que se esclarezca que pasou con eses cartos.

Señora Pacín, non o digo eu, dino agora os concelleiros do PP. Agora, loxicamente, os concelleiros do PP non se fan cargo da responsabilidade e en sede xudicial din: non, non, eu facía o que me dicía a Xunta de Galicia; eu facía o que me dicían do despacho do director xeral da Consellería de Medio Rural. Son eles os que o din, non o dicimos nós xa; non o dicimos nós, señora Pacín, xa o din eles. E xa din eles que foron eles os que... ou foi a Xunta a que lles dicía...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...que tiña que baixar o leite. Son eles os que din que eles non son responsables posto que a responsabilidade xa a ten que asumir a Xunta de Galicia.

Señora Pacín, non hai saída para isto, e o señor Feijóo sábeo. Non hai saída para que se poida liquidar isto porque o señor Juárez diga que el xa o dicía –imaxino que llo dicía a el– e o señor Feijóo diga que temos que facer certa autocrítica. Non podemos liquidar 8 millóns e pico de euros cun titular de

prensa do presidente e do que entón era conselleiro dicindo que se cadra metemos a pata, porque non metemos a pata.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Fixérono deliberadamente para beneficiar, como fan sempre e como é o seu *modus operandi*, os amigos do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación da solicitude de creación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón. Ben, se non se me escoita, se é necesario parámos o pleno para que se arranxe doutro xeito, pero se lles parece imos votar agora a solicitude de creación da comisión de investigación.

Votación da solicitude de constitución dunha comisión de investigación sobre as decisións políticas do Goberno galego en relación coa xestión de Alimentos Lácteos S.A., as que se adoptaron ao longo da súa xestión e o destino das axudas públicas que durante estes anos lle foron concedidas, formulada polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co punto 3, de textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía

A señora PRESIDENTA: ¿Estásame escoitando, por favor? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Escóitase?

Non se manteñen emendas para o pleno... Se lles parece, facemos a presentación do ditame da Comisión e, se non escoitan ben, paramos un momento o pleno para que se revise o son.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 4ª, dona Soledad Piñeiro.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA (Piñeiro Martínez): Ben, desexando que se poida escoitar por todos, como presidenta da Comisión 4ª vou proceder á presentación do Ditame sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade.

A proposición de lei de iniciativa lexislativa popular presentada pola súa comisión promotora tivo entrada na oitava lexislatura no Rexistro do Parlamento o día 16 de maio de 2012, co número de Rexistro de entrada 82915. Na mesma contense o texto articulado e a exposición de motivos desta iniciativa, así como as razóns que aconsellan a súa tramitación.

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 25 de xuño de 2012, admitiu a trámite esta iniciativa, declarou constituída a súa comisión promotora e acordou notificar este acordo á comisión promotora e á Xunta Electoral de Galicia para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reguladora da iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 22 de novembro de 2012, acordou a non caducidade de determinados procedementos na novena lexislatura, en particular, o referido á proposición de lei, e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal publicación produciuse no boletín número 7, do 30 de novembro de 2012.

O Pleno do Parlamento tomouna en consideración na sesión do día 14 de maio de 2013, logo da súa presentación e defensa por don Xosé Carlos Morell González, designado pola comisión promotora para estes efectos.

Así mesmo, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na súa sesión do 21 de maio de 2013, asinou a súa tramitación á Comisión 4ª, de Educación e Cultura, e acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que logo das súas prórrogas rematou o día 27 de xuño.

As emendas presentadas foron cualificadas pola Mesa da Comisión 4ª o día 1 de xullo de 2013 e publicadas no boletín número 130, do 1 de xullo de 2013. Resultaron un total de doce: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, catro emendas; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cinco emendas, e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, tres emendas.

A Comisión 4ª, de Educación e Cultura, na sesión do día 4 de setembro de 2013 designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Agustín Baamonde Díaz e don Román Rodríguez González; polo Grupo dos Socialistas de Galicia, don Francisco Manuel Caamaño Domínguez e don Ricardo Vicente Docasar Docasar; do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, don José Javier Ron Fernández e don Ramón Vázquez Díaz; do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 11 de setembro de 2013 coa miña presenza e a asistencia da ponente e dos ponentes titulares. Na reunión do día 6 de febreiro a Ponencia elaborou o seu informe.

Como resumo do seu labor a Ponencia formúlalle á Comisión a recomendación de transaccionar todas as emendas presentadas nos termos que recolle o seu texto articulado. A Comisión, na súa reunión do día 19 de febreiro do presente ano, ratificou as propostas da ponencia e admitiu unha nova modificación no seu artigo 5.

O texto articulado está estruturado en cinco artigos, ao longo dos cales se establecen instrumentos e medidas para que os poderes públicos galegos promovan o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa. A parte final conta con dúas disposicións derradeiras relativas ao desenvolvemento normativo e á súa entrada en vigor.

Ata aquí o percorrido da proposición de lei, rematando con esta intervención o labor da Comisión 4ª que eu presido, e como presidenta agradézolles aos portavoces o seu traballo e a súa disposición. Cómpre agora someter o seu ditame á consideración desta Cámara.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, dicía Valentín Paz-Andrade na súa obra *Galiza como tarefa* que o galego era a lingua de Rosalía e Camões. E cremos nós que é un xeito ben atinado de apuntalar unha tese, a tese de que o galego e o portugués forman parte do mesmo tronco lingüístico, e tamén era un chamamento que facía nesta altura don Valentín Paz-Andrade a reclamar ese fin do isolacionismo que ten caracterizado a filosofía oficial sobre a lingua galega. Unha tendencia que, lonxe de ser un vestixio do pasado, continúa hoxe presente, e mesmo ás veces temos a sensación de que constitúe un tabú ou mesmo case diría que unha herexía afirmar algo que científica e historicamente está acreditado, como o feito de que o galego e o portugués son variantes dunha mesma lingua.

Desde o Bloque Nacionalista Galego acreditamos na necesidade de rachar con esta situación, que pensamos que é unha situación perigosa para o idioma, en canto que está limitando as posibilidades reais de normalización, de difusión, de aproveitamento de todo o potencial que ten a nosa lingua, tanto no terreo lingüístico e normalizador como no terreo das nosas industrias culturais, así como tamén no potencial para os produtos que ten Galiza, que deberían de ter unha maior interrelación con todo o mundo da lusofonía.

En todo caso, tamén seguimos pensando que este afastamento da lingua portuguesa non é neutro, que ten detrás de si causas políticas que gardan unha relación directa coas consideracións e aspiracións colectivas para o pobo galego. De feito, xa manifestabamos tamén no debate de toma en consideración desta iniciativa lexislativa popular que o descoñecemento e os prexuízos que se manteñen en torno ao portugués están relacionados directamente cos prexuízos cara á lingua propia de Galiza, cara á lingua galega; a lusofobia como unha expresión real desa galegofobia, dese auto-

odio que aínda padecemos e que habita demasiado cerca –diría eu– desta tribuna.

A nós, desde logo, parécenos que isto todo é moi grave e que se facemos unha diagnose sobre cales son as relacións entre Galiza e o mundo da lusofonía o que comprobamos é como hai un traballo inmenso oceánico por facer.

A nivel do ensino temos que unha boa parte da poboación galega afirma entender con dificultade ou ler tamén con dificultade o portugués. No noso sistema educativo público a situación do portugués é realmente ben precaria e ten unha fragilidade enorme. De feito, o esforzo que se ten realizado por incorporar o portugués no ámbito do ensino pois hai que parabenizar o profesorado que o ten impulsado, tamén as direccións de centro que teñen feito e recollido ese impulso, pero, en realidade, hoxe este programa está cunha precariedade latente, cunha precariedade evidente, que non permite nin garantías dunha oferta xeneralizada nin tampouco permite a continuidade do programa. E nós cremos que unha cuestión deste tipo non debe de sustentarse sobre unhas bases tan fráxiles.

Esta situación non é a primeira vez que chega ao Parlamento, no *Diario de Sesións* e tamén no *Boletín Oficial* desta Cámara hai múltiples iniciativas. Eu podo dar conta das presentadas polo Bloque Nacionalista Galego interesándonos tanto pola necesidade de incrementar os medios e recursos para a ensinanza do portugués como dotalo dun programa estábel, así como aproveitar todo o que ten que ver cos vínculos coa lusofonía.

O certo é que os últimos datos oficiais que temos sobre este programa son do ano 2012, nunha resposta remitida ao Grupo Parlamentario do BNG. E nesa resposta a Xunta o que certifica é a precariedade na que se atopa a ensinanza do portugués. Estamos falando de que só vinte e dous centros de ensino tiñan como opción para estudar como lingua estranxeira portugués, que só había tres seccións bilingües nas que a lingua vehicular fora o portugués e só en oito de dez escolas oficiais de idiomas se ofrecía ensino de lingua portuguesa.

Isto, desde logo, contrasta co que está pasando noutras latitudes do Estado español, onde se asume con absoluta naturalidade a ensinanza do portugués e ven unha oportunidade nese ámbito. Un caso coñecido é o de Estremadura,

onde o Goberno desa comunidade hai tempo que decidiu potenciar todo o que ten que ver coa ensinanza do portugués, e teñen non só unha maior sensibilidade, senón tamén unha extensión que quen nola dera para nós no caso galego. Fíxense: Estremadura, que ten menos dun millón de habitantes, concentra o 75 % do alumnado de portugués de todo o Estado español. O alumnado que realiza estudos en portugués é dez veces inferior na Galiza que en Extremadura. Un feito que contrasta cunha realidade que pedagoxicamente calquera podería contrastar, como é que nós temos maior capacidade para poder aprender esta lingua polas similitudes, polos lazos e por formarmos parte do mesmo tronco lingüístico.

Isto supón tamén que estamos privando moito do alumnado galego da posibilidade de adquirir unha competencia moi elevada nunha lingua estranxeira, que é tamén un dos requisitos que se está establecendo en todo o ámbito da Unión Europea. E, polo tanto, tamén neste terreo –digamos– esta cegueira que existe por parte das administracións públicas constitúe unha pexa e poñerlle un obstáculo a maiores ao alumnado do noso país.

Para nós, polo tanto, esta é unha das pezas, unha das partes fundamentais desta iniciativa lexislativa popular, e onde realmente no texto orixinal entendíamos nós que había unha concreción moito maior. Convén recordar que esta era unha iniciativa lexislativa que constaba simplemente de tres artigos, que nós cualificabamos xa no momento da súa toma en consideración como unha iniciativa lexislativa de mínimos, porque o que nos estaban propoñendo no seu artigo primeiro era que estenderamos a aprendizaxe do portugués a todo o ensino regrado nun prazo de catro anos, que é o prazo dunha lexislatura; tamén que se recoñecera o portugués para o acceso á función pública e como concurso de méritos. Nun segundo artigo establecíase o carácter estratéxico que tiña que ter para o Goberno galego todo o relacionamento cos países da lusofonía nos diferentes ámbitos. E, en último lugar, facíase mención a un feito que tampouco resulta novidoso, como é a necesidade de que houbera posibilidades de recepcionar radios e televisións portuguesas ou doutros países da lusofonía. Por certo, este último punto eu quero lembrar que forma parte xa dos incumprimentos da lexislación que temos vixente neste momento no noso país.

O Bloque Nacionalista Galego non presentou ningunha emenda a este texto lexislativo porque asumiamos o com-

promiso de que partindo dunha iniciativa de mínimos e de que houbera un consenso para a súa toma en consideración criamos que sería posíbel articular un consenso sobre eses puntos que aparecían recollidos, que –como dicimos– eran moi concretos, moi sinxelos, pero tamén nalgúns casos que tiñan unha clareza moi importante.

E hoxe neste trámite non podemos ocultar a nosa desconformidade con algunhas das modificacións que se introduciron durante a tramitación desta iniciativa lexislativa popular no Parlamento.

E tamén queremos dicir que non partillamos o discurso que o Partido Popular fixo en torno á defensa destas modificacións na Comisión 4ª. Non é a mellor lei posíbel nin tampouco a única lei que podía ser, porque asumir que isto é así sería claudicar a esa tese da dereita, de que vivimos no mellor dos mundos posíbeis, de que o que fan é sempre o único que se pode facer, que hai un único camiño. Nós non acreditamos nesa visión unidimensional ou nese pensamento único que o que esconde ás veces, que o que esconde sempre son posicións políticas que non se queren xustificar nin razoar.

Nós, desde logo, tampouco cremos que estas mudanzas teñan que ampararse no feito de que sexan necesarias leis realistas ou leis con capacidade para efectivizarse. Porque dicimos que tan realista é aprobar unha lei que promova a incorporación do portugués en catro anos como aprobar unha lei na que non se asuma ningún compromiso concreto. O problema, señorías, non é de realismo, o problema é de cales son os obxectivos e os compromisos concretos que quere adquirir un goberno, neste caso o Goberno do Partido Popular. Porque teño o convencemento de que as persoas que traballaron na elaboración orixinal desta iniciativa lexislativa popular non son nin persoas ilusas nin persoas desconcedoras de cal é a realidade do sistema educativo, e que mediron moi ben o contido concreto desta iniciativa.

E tamén seguimos dicindo que non cremos que a incorporación do portugués, a súa xeneralización, no ámbito do ensino fora supoñer a ruína de Galiza. Desde logo, sería ben sorprendente que isto puidera acontecer. O problema será en todo caso de cal é o compromiso que neste momento concreto está disposto a asumir o Partido Popular, pero que non se xustifique nin porque outras posicións non sexan realis-

tas, nin porque non sexan necesarias, nin tampouco porque non sexan posíbeis.

Tamén queremos dicir que criamos que existía un compromiso que era máis firme en relación co coñecemento por parte da función pública do portugués na redacción orixinal da lei, porque “fomentar” xa sabemos que é un concepto indeterminado, que logo ten unha eficacia real e unha eficacia xurídica máis ben reducida. E tamén neste sentido había unha vontade que aparece claramente establecida nese parecer que nos trasladou a comisión promotora de cales eran as causas que xustificaban a incorporación desta medida, que tiñan que ver –digamos– con preparar a Administración para realmente estar en capacidade de relacionarse e de fomentar as relacións co ámbito dos países da lusofonía.

Consideramos que o máis positivo da tramitación en todo caso que vén de producirse neste Parlamento pois é a incorporación dunha emenda, que neste caso é do Grupo Socialista, que incorpora a necesidade de que teñamos que avaliar anualmente o cumprimento desta lei, e que nós agardamos que non sexa incumplida por parte do Grupo Parlamentario Popular, porque tamén nesta materia temos precedentes.

En todo caso, e alén destas valoracións, nós quedámonos co positivo. E o positivo é que hoxe este Parlamento, por unanimidade, vai aprobar unha iniciativa lexislativa popular, que toma xa forma de lei unha vez que sexa publicada no *Diario Oficial de Galiza*, que por primeira vez reconece a necesidade de fomentar o estudo do portugués, que considera o relacionamento co mundo da lusofonía como algo estratéxico. E valorámolo positivamente porque cremos que estamos amparando unha vontade que durante moito tempo puido estar traballando dunha maneira –digamos– máis calada, máis por debaixo, sen amparo e mesmo moitas veces sen un reflexo institucional claro, e cremos que ese é un valor político tamén importante.

Aproveitamos este trámite tamén para anunciar que imos ser exixentes e vixiantes co cumprimento desta lei para que non sexa flor dun día e, concretamente, imos pedir medios e recursos para a aprendizaxe do portugués, porque ¡claro que a Xunta de Galiza ten recursos! E nós cremos que é mellor dedicalo a isto que a outras cousas ás que se están dedicando. Pensamos que hai que avanzar tamén nesa proposta que

nos fai a comisión promotora de conseguir a adhesión á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa; avanzar realmente en que se concrete dunha vez o recepcionamento de canles portuguesas ou do mundo da lusofonía, porque isto xa está aprobado por este Parlamento con anterioridade, ou no establecemento de relacións económicas, culturais co mundo da lusofonía.

Por certo, aproveitamos hoxe tamén a aprobación desta lei –lamento que non haxa ningún membro do Goberno interesado nun debate deste calado, e concretamente o conselleiro de Educación– para pedir que a Xunta empece a rectificar algunhas decisións. Por exemplo, como a do Plan director de cooperación galega 2014-2017, que un dos programas que elimina é precisamente os programas de cooperación que había con países lusófonos como son Guinea Bisau ou Cabo Verde. Polo tanto, pedimos que tamén ese tipo de liñas se rectifique e que non se aplique aquí un criterio que é o criterio de asumir pois que como no Estado español se priorizan as relacións cos países de fala española,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

A señora PONTÓN MONDELO: ...esa tamén tiña que ser a liña de actuación deste Goberno.

E nada, simplemente acabar co recoñecemento sincero e franco ao labor de todas as persoas que integraron a comisión promotora, parabenizar a todas aquelas galegas e galegos que apoiaron esta iniciativa lexislativa popular, a todas aquelas persoas que mantiveron esta chama erguida, porque cremos que con esta lei tamén estamos contribuíndo a avanzar nun proceso de normalización da lingua galega, que está tan necesitada, unha lingua que está neste momento sufrindo unha política lingüicida e unha política ilegal. E pensamos que ampliar relacións coa lusofonía tamén permitiría romper con determinados tabús, como ese que tanto nos repiten de que o galego só é útil porque só se fala na Galiza, pois fábase na Galiza, mais tamén o falan 250 millóns de persoas no mundo, e é a sexta lingua máis falada en todo o planeta.

Asumimos pois un compromiso con este obxectivo e dicimos tamén aquí solemnemente que desde a oposición traballaremos para que esta lei teña efectos claros, reais e directos.

E remato, se me permite a presidenta, cunhas palabras de Valentín Paz-Andrade, a quen esta comisión promotora quixo poñerlle o nome desta iniciativa lexislativa popular. Díciános Valentín Paz-Andrade: “Os apaixonados de Galiza han de amala doutro xeito, convertendo o sentimento en ideal, en acción. (...) / Ningún tópico tan sobado como o de amor a Galiza. Escoitámolo a cotío nos máis diversos tons declamatorios, ora para matizar sentidas protestas de galeguismo, ora para encubrir a turbia aparencia de accións inxustificábeis. / Desa clase de amor a Galiza queremos denunciar hoxe o que ten de truco inxenuo. Con todo o amor a Galiza en que se derreten estas xentes, ningún ben positivo se recada para a Terra. Seguirá vivindo Galiza, como desde fai catro séculos longos, en réxime de colonia, sen conciencia esperta para se revelar e manumitir”.

Moito obrigada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todas e a todos de novo.

Desde a Alternativa Galega de Esquerda xa dixeramos no debate de toma en consideración desta iniciativa lexislativa popular o 14 de maio de 2013 que saudabamos a súa presenza, a súa chegada a este Parlamento, o achegamento fraterno coa lingua portuguesa e co espazo da lusofonía. Será inevitable, loxicamente, despois de tanto debate nese 14 de maio de 2013 e do seu traballo pola Comisión, que nos repitamos un tanto; procuraremos non facelo para non aburrir os que xa nos escoitaron.

Só avanzaremos que insistimos na idea de que a lusofonía é o enriquecemento para Galicia, mais que tamén –tal e como afirmabamos na toma en consideración– Galicia pode e debe ser enriquecedora para a lusofonía; que só cómpre a vontade de poñer en marcha os mecanismos precisos, porque no fondo no imaxinario social están ancorados, debido a anos de absurdas estratexias discursivas, estereotipos e prexuízos sobre Portugal e o espazo da lusofonía, que precisan dunha fonda pedagogía para seren eliminados, e nada mellor

que unha Administración galega comprometida nesa tarefa de sentirse a gusto na “casa común” que dicía Saramago.

A nosa concepción, como xa manifestamos, vai máis aló do economicismo; partimos da necesidade do enfoque convivencial e reiteramos o dito daquela: unha concepción que se fundamente, cando menos, nos seguintes trazos: cultura e afectividade, solidariedade e horizontalidade, pluralismo e participación, comunicación e intercomprensión, diálogo e cooperación, reciprocidade e recoñecemento das identidades. No fondo, unha reconstrución da afirmación do escritor portugués Saramago sobre a Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, que a definía como un instrumento de superior eficacia para que academos o obxectivo fundamental: unha gran comunidade de culturas que, sen prexuízo das súas diversidades e diferenzas, se atoparán reunidas pola voz común e por novos camiños fraternais. Galicia pode e debe formar parte dese camiño fraterno pensado por Saramago.

Mais para iso, tal e como dicíamos na comparecencia do 14 de maio de 2013, para que a lusofonía sexa realmente un espazo aberto, incluso hai que consideralo na súa globalidade, deberan cambiarse as leis migratorias. Esas leis, de graves consecuencias na fronteira sur do Estado español, son as que dan corpo ao paradoxo de que mentres as culturas das persoas poden compartir un imaxinario común as ditas persoas son relegadas do proxecto vital común que é a cidadanía. E en relación con este feito hai algo que temos que denunciar, e nada mellor que aproveitar esta ocasión para sermos escoitados, porque trátase dun tema que afecta a lusofonía desde esta concepción global e fraterna á que nos referimos máis arriba. O pasado 13 de decembro de 2013 sometíase á votación das ONG integradas dentro da Coordinadora Galega de ONG o terceiro Plan director de cooperación galega 2014-2017. Esas organizacións votaron en contra deste plan director, porque entre outros aspectos –que saíran nalgunha comparecencia futura– un dos motivos que provocou o voto negativo foi a exclusión de países prioritarios como Haití, Guinea Bisau e Cabo Verde. Aí está a contradición que sempre permanece na dereita. A dereita é quen de apoiar unha iniciativa para o impulso da lusofonía ao mesmo tempo que reduce, elimina a cooperación ao desenvolvemento de forma prioritaria con países lusófonos, onde Galicia desenvolveu e desenvolve importantes traballos de cooperación.

Lembremos que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade comezou a cooperación bilateral coa Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos no ano 2002 e que desde aquela se desenvolveron trinta e tres proxectos de cooperación internacional que tratan temas como a habitabilidade, xénero, saúde, educación, amais de establecer outras relacións culturais e sociais, porque hai que ter en conta a importante presenza da comunidade caboverdiana en Galicia. É desde este enfoque global que hai que considerar a lusofonía e non, desde logo, dicir si a unha cousa e non a outra.

Nós introducimos na iniciativa inicial unha serie de emendas, tres emendas de adición que non de modificación dos postulados esgrimidos pola comisión promotora. Tres emendas que se inscriben na concepción descrita máis arriba e que van máis aló do sendeiro economicista, que afondan a súa textualidade no recoñecemento mutuo de Galicia e a lusofonía, en concreto as emendas números 2 e 3 –emendas ao artigo 2 e ao artigo 3, quero dicir–. Ambas emendas o que fan é establecer unha ponte de reciprocidade entre Galicia e a lusofonía, unha ponte que permita o recoñecemento das artes, os intercambios de experiencias artísticas, audiovisuais, musicais, editoriais, co compromiso das administracións públicas, dos dous polos, de poñeren en marcha mecanismos de divulgación, e tamén para derrubar os aínda existentes prexuízos sobre a lingua galega. A nosa emenda ao artigo 3 solicitaba que os medios de comunicación social divulgaran a lingua galega nos espazos da lusofonía, tal e como a lingua portuguesa debe ser achegada á sociedade galega a través dos nosos medios de comunicación social.

E, finalmente, achegabamos unha emenda á exposición de motivos para introducirmos precisamente toda esta dimensión cultural que nós pensamos que adquire a lusofonía para Galicia.

O texto resultante, ¿como se chegou a ese texto resultante? A nós non nos gustou o proceso. Unha vez que se constituíu a ponencia, que debe deliberar, tratar, acordar ese texto final –digamos– ao que chegamos, a nós non nos semellou correcto. Dixémolo e criticámolo en comisión e consideramos pertinente facelo aínda hoxe. A comisión promotora da ILP alude ás emendas presentadas polos grupos parlamentarios, agás BNG, e decidiu remitir un parecer aos grupos, e iso aconteceu en outubro de 2013. A ponencia só se reuniu de facto dúas veces: a primeira para dicirnos que a comisión

promotora ía emitir un parecer e a segunda para ensinarnos xa un texto elaborado, xa decidido unicamente polo grupo maioritario, o Partido Popular, en diálogo coa comisión promotora. Nós entendemos que este proceso non é puramente o que necesita a Cámara. Non puidemos participar na redacción final, simplemente dicir si ou non, pois precisaba de máis deliberación, de máis debate, de confrontación dialéctica, de tomas de consideración reflexionadas polo menos despois de termos un primeiro borrador, ¿non? Non se fixo nada disto; presentóusenos un texto que tiña, iso si, o aval da comisión promotora. E, polo tanto, o texto resultante non nos gusta na súa textualidade.

Iso si, queremos manifestar que non nos imos opoñer desde logo á consideración formulada pola comisión promotora, que estaba de acordo co texto que estaban negociando ou negociaran co Partido Popular. Mais tal e como está redactado, loxicamente o texto non recolle a textualidade exacta das nosas emendas. E aínda así si consideramos que figura recollido o espírito, o fundamento, das nosas emendas, que era a idea de recoñecemento de reciprocidade de Galicia na lusofonía e da lusofonía en Galicia.

Non obstante, outros aspectos que xa denunciámos na Comisión non quedan ben tratados, quedan diluídos e cando non quedan sen carácter vinculante ou garantista, que é o que debe ter unha lei, sobre todo, no que se refire aos tempos para incorporar o ensino da lingua portuguesa nos centros educativos galegos e, sobre todo, o carácter de que incluso se teña en conta os méritos do recoñecemento da lingua portuguesa para o concurso de traslados, por exemplo. Algo que se dixo que era imposible e nós entendemos que era unha confusión que tiña o Partido Popular nese momento.

Xa se comentou, pero saudamos a emenda que achegou o Partido Socialista, de que exista o compromiso de presentar un informe anual.

E nós agardamos como xa comentou a compañeira do Bloque Nacionalista Galego que isto vaia adiante. É dicir, necesitamos que a lusofonía sexa unha realidade e nós sermos unha realidade para a lusofonía, e necesitamos desde logo non quedarmos atrás de Estremadura ou Andalucía no aspecto concreto do ensino da lingua portuguesa nos centros educativos galegos.

Polo tanto, saudar a iniciativa lexislativa popular, saudar que se chegara a un texto de consenso cando menos coa comisión promotora e coas forzas aquí presentes daquela maneira —como xa dixeran antes—, e desde logo agardamos, unha vez que esta iniciativa sexa un proxecto de lei xa real e aprobado por unanimidade da Cámara, que o Partido Popular non poña pedras no camiño para que sexa real e claro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Caamaño.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Galicia, 30 de novembro de 1920, vén de saír do prelo o número 2 do boletín *Nós*. Na páxina oitava dese boletín, desa coñecida revista en defensa da identidade de Galicia, hai un editorial titulado “Portugal e Galizia”. Permítanme ler, por homenaxe a tantos e a tantas, algúns dos parágrafos contidos nese editorial. Fala concretamente da solidariedade espiritual entre a “Lusitania e Galizia”, e di cousas tales como as seguintes: “Sempre arelaran as Irmandades da Fala, qu’os dous pobos irmaus se coñeceran e s’amaran. Era, mais que un simples intercámbeo, unha verdadeira colaboración na obra da cultura, o que se quería. A *Nósa Terra* leva feito moito n-ise camiño. Elí acollíanse con delicia os escritos de José Joaquín Nunes, Antonio Sardinha, Luis d’Almeida Braga, Novais Teixeira y-outros moitos escritores portugueses.” Máis adiante engádese: “Ó tempo, Portugal decatábase do noso esforzo de reconstrución da Patria Galega y-ollaba pra nós con simpatía. As verbas amigas iban chegando (...) cheas de curiosidade e de sentimento fraterno. Eran os espíritos mais escoleitos das nóvas xeracións: o gran pensador Leonardo Coimbra; os poetas Alexandre de Córdova, Manuel de Figueiredo, João de Castro; os pintores João Peralta e Armando de Basto; o Tenente Pina de Moraes y-o poeta e crítico José Cervantes Rodrigues. E moitos mais, aínda”. “A intención, hoxe,” —refírese polo tanto no momento de saír esta nova edición— “como manifestan as súas comunicacións recentes a esta redacción, é chegar aíxíña n-iste camiño ás realizacións prácticas: a venda en Galizia de libros portugueses, e de libros galegos en Portugal; visita a Portugal dos nosos artistas, músicos y-escriitores, e dos artistas y-escriitores portugueses eiquí”, a Galicia. E por último —e remato xa— as citas textuais deste editorial: “NÓS, órgao da

cultura galega, programa outamentos o valor universal celto-atlántico da cultura galaico-lusitana, que foi unha e tivo unha soa época gloriosa cando estaba unida e s’escribiron os *Cancioneiros*, a *Crónica de Turpin* y-a *Demanda do Santo Graal*. O movemento pangaleguista será unha renovación dos tempos en que a nosa nacionalidade foi mais fecunda e creadora”.

Galicia, 11 de marzo do 2014. A Galicia do século XXI vive o mesmo espazo que tantas outras culturas comunitarias nun mundo globalizado. Un mundo que tende a comprimir os espazos do pequeno, pero á vez experimenta como agroma un retorno cara á identidade, cara ás referencias, cara á necesidade de explicarmos o mundo a través da nosa forma de velo, a través dos nosos esquemas de cultura. E cómpren alianzas entre culturas que parten do mesmo tronco común. Cómpren fórmulas colaborativas para nos defendermos neste mundo que pretende a homoxeneidade de pensamento e de culturas. Fórmulas que deberamos ter tendidas desde hai moísimos tempo entre Portugal e Galicia.

Existiron sempre pontes de entendemento intelectual, sen dúbida, pero faltaban instrumentos institucionais, referentes normativos, obrigas e guías claras para os poderes públicos. E chegou nese contexto unha iniciativa lexislativa popular, que ademais leva no título o nome e a homenaxe a Valentín Paz-Andrade. Benvida, en nome de todos os socialistas, e estou seguro que de todos os galegos e galegas, esa iniciativa; en hora boa aos seus promotores. En hora boa tamén aos 17.000 galegos que a apoiaron e a firmaron, que tiveron a sensibilidade de saber que aquilo que non separou a xeografía non debía de seguir estando separado pola terquedad ás veces dos homes.

E así foi como nós vivimos e sentimos esa iniciativa dende o Grupo Parlamentario Socialista. Parecíanos unha boa idea na que traballar. E no Parlamento —é bo recordalo— quen presenta unha iniciativa é procedementalmente o dono da mesma. Polo tanto, dende o primeiro momento os socialistas tivemos a vontade de respectar os propietarios —se me permiten a expresión—, neste caso, a promotora e aos galegos e galegas firmantes da iniciativa que eles traían a esta “casa de todos”, e así o intentamos facer dende o primeiro momento.

Pero na nosa opinión había algunhas cousas que mellorar, sentímonos obrigados a facer en tan solemne texto legal,

tan relevante e importante, algunha aportación que camiñase no que considerabamos unha boa dirección, unha mellora do texto. E así o fixemos cun espírito de colaboración, de busca do consenso, tanto cos promotores como co resto das forzas políticas presentes no arco parlamentario. Pois ben, desde esa lóxica presentamos cinco emendas: unha de natureza técnica, que só pretendía corrixir algún tipo de expresión contida no texto, pero sobre todo dúas e dúas que buscaban dous obxectivos fundamentais, sobre os cales tiñamos unha fonda preocupación coñecendo o que nos está a pasar coa política lingüística en Galicia dende que nos goberna especialmente o señor Núñez Feijóo.

A primeira desas preocupacións era garantir a execución. A lei que buscaba ese consenso, a iniciativa era moi principal, e nós queríamos respectar esa vontade. Ás veces, non máis regulacións fan que unha lei se cumpra, é moito máis importante a convicción moral de que é unha boa lei, e imos todos ver como a aplicamos conxuntamente dende esa vontade. Pero había que establecer algún tipo de garantía no texto legal que nos asegurase que non acontecera –como outras veces ten pasado– coa lexislación, que unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia* segue aí agardando a que alguén se lembre dela.

Por iso plantexamos dúas emendas –e dunha delas xa se ten falado aquí polo resto dos grupos parlamentarios que teñen intervindo–. A primeira, que o Goberno, sexa cal sexa ese Goberno, teña o compromiso de remitir a esta Cámara, no prazo dun ano, –quedou finalmente, a nós válenos–, un informe detallado de como está a desenvolver esa lei, que problemas puido atopar nese desenvolvemento, cales foron as causas que llo impediron, que podemos facer entre todos para que a lei sexa cumprida.

A segunda das emendas non tiña tecnicamente un soporte á chamada do regulamento. Polo tanto, a lei viraba sobre si mesma sen buscar a complicidade da norma xurídica, que é a máis importante despois da lei, para poder facer certos os contidos da mesma, que é o regulamento. E por iso establecemos tamén a obriga de aprobar un regulamento executivo desta lei, que ogallá o Goberno teña a delicadeza de falar non só cos promotores e co mundo da cultura galega, senón tamén cos grupos parlamentarios, para manter este mesmo ton de consenso que entre todos hoxe procuramos. Agardo que sexa así e que non nos encontremos cun decreto de sor-

presa publicado no DOG, onde se interpreta unilateralmente un texto que os socialistas desexamos que sexa de todos.

E había unha segunda preocupación politicamente para nós moito máis relevante, que nada ten que ver co texto en si, senón co que está a acontecer politicamente neste país. Todos lembrarán que en Galicia non hai tanto pasamos do bilingüismo ao trilingüismo por decisión unilateral dun goberno. So protesto de incorporar o coñecemento de inglés, dividimos, tripartimos –por así dicilo– o noso sistema de ensino das linguas provocando graves danos, entre outras cousas, unha grave alteración nun texto que todos tiñamos pactado neste mesmo Parlamento, que era o Plan de normalización lingüística. E foi igual que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dixera que o corazón dese texto era ilegal, foi o mesmo, o texto aplicouse finalmente e o dano tamén se fixo.

E desgraciadamente a concordia que hoxe temos todos para aprobar esta lei non existe tristemente por vontade dun goberno cando se trata de falar da nosa lingua. ¡Ogallá esta reflexión tamén sirva para cambiar esa situación! Porque, en efecto, existía o risco de que en troques de ter trilingüismo tiveramos cuadrilingüismo, e que a estratexia de facer esta alianza, ben intencionada, ben pensada, que entronca co pensar de tantas e tantas xeracións xa en Galicia, fora utilizada –digamos– de forma discreta, fora alterada para conseguir un fin verdadeiramente distinto, que era acoutar, reducir unha vez máis o espazo de utilización da nosa propia lingua.

Esa emenda, e eu teño que recoñecelo tamén publicamente desde este estrado, foi aceptada por todos os grupos, tamén polos promotores, que dende logo non pretendía en ningún momento que se fixera unha lectura desa natureza, e chegamos a un acordo que está perfectamente incorporado na nosa opinión, co consentimento dos grupos parlamentarios e tamén da propia comisión. Unha emenda que garante que o coñecemento do portugués, que é fundamental para este país, non vai entorpecer nin vai colisionar coa outra batalla –que é distinta– que se está tendo, sobre todo no eido do ensino, entre a lingua oficial de Galicia e a outra lingua tamén oficial, que –como sabemos– é o castelán.

Estas eran as dúas preocupacións que tiña o Grupo Parlamentario Socialista, e ambas foron recollidas, non como quixeramos, en efecto; gustaríanos que cunhas palabras que

nos plantexamos, sen dúbida. Pero cando hai que construír hai que saber tamén ceder e apostar por proxectos de futuro. E nós cremos que esta iniciativa, que pronto será lei, é sobre todo un proxecto de futuro para nos atoparmos co noso pasado, por iso quería ler ese editorial que me parece tan importante. Un editorial que –como digo– honra non só a aquelas persoas e aos irmáns e a cultura portuguesa que temos ao lado, senón que tamén honra aos que fixeron esta iniciativa e a volveron pór neste Parlamento no día de hoxe.

Por último, facer outra reflexión sobre a importancia que teñen as emendas que na nosa opinión presentaron outros grupos –especialmente o de AGE– respecto á necesidade de intercambiar e de permitir as comunicacións a ambos lados entre Galicia e Portugal nos medios audiovisuais, e tamén o apoio a toda a cultura no seu conxunto. Parécenos que esa emenda veu reforzar tamén o valor e o contido desta lei e que permite traballar a todos moito mellor.

Polo tanto, nós defenderemos sempre a cooperación e o desenvolvemento coa lusofonía. Esperemos –como aquí se ten dito– que ese sentimento o Partido Popular e o Goberno actual de Galicia o teñan non só nesta lei, senón tamén que o demostren andando, como na cooperación e as axudas ao desenvolvemento, onde curiosamente ese malvado bipartito estableceu un plan específico con países que tiñan lusofonía. E, nembargantes, do plan que imos ter que discutir agora desapareceron todos os países e, polo tanto, as posibilidades de colaboración cultural. Non basta só con facer unha lei, hai que ter compromisos coa lei que se fai. Iso tamén é fundamental e importante.

Dicía Vicente Risco que Galicia e Portugal formaban un “neatlantismo cultural” que tiña que cooperar moitísimo máis co paso do tempo e que estaba chamado a reforzarse en séculos vindeiros. E tiña razón tamén –e remato xa– Valentín Paz-Andrade cando nesa obra por todos citada –porque é un referente imprescindible na cultura de Galicia–, *Galicia como tarefa*, escribía o seguinte: que o mesmo idioma se module con distinto acento e ata cun certo número de palabras e xiros que se pronuncien ou se constrúan de xeito diferente en Galicia, en Portugal e en Brasil ten unha importancia secundaria. E, efectivamente, o que é importante, señorías; o que é importante, promotores da iniciativa; o que é importante, cidadáns de Galicia que apoiaron e que hoxe estou seguro se senten representados por esta Cámara e que

agardan que o Goberno asuma o compromiso e o consenso que hoxe haberá aquí; o importante é manter eses vínculos de unión e saber que as fronteiras non existen cando hai unha cultura común, que as fronteiras son feitas polos homes e que separan xeografías...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: ...pero moitas veces os corazóns das persoas non saben o que é un río e viven ás dúas orelas do Miño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra don Agustín Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

Antes que nada saudar os membros da Comisión Promotora da Iniciativa Valentín Paz-Andrade e todas as persoas que nos honran coa súa presenza neste debate.

Tamén antes de empezar a intervención, e por unha alusión aquí realizada, xustificar a ausencia do señor conselleiro de Educación, ao que obrigas ineludibles do seu cargo teñen hoxe presente en Madrid, exactamente igual que a outros deputados desta Cámara cumprindo as súas obrigas de representación no Parlamento de España.

Señorías, entramos hoxe no último trámite para a aprobación, se esta Cámara así o estima oportuno, da Iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade. Xa dixemos no debate de toma en consideración que o Partido Popular apoiaba esta iniciativa fundamentalmente porque nos permitía facer realidade a converxencia coa lusofonía, porque abría unha vía universal para o galego hacia unha lingua próxima e tamén porque nos abría ese extraordinario espazo económico que supón a lusofonía, con 250 millóns de persoas falantes do portugués no mundo. Eu non vou insistir nestas razóns da toma en consideración nin tampouco vou

entrar no debate sobre o idioma, porque creo que hoxe o que ocupa é xustificar e pedir a aprobación dos señores e señoras deputados, a aprobación do proxecto de lei.

Eu entendo que é un proxecto de lei que vén avaliado por tres notas características que xustifican esa petición de aprobación. En primeiro lugar, o feito de que se trate dunha iniciativa de impulso popular ten como consecuencia que non estamos en presenza dun texto propiedade de ningún grupo político, nin propiedade de ninguén en particular; é un texto que pertence a todos e, singularmente, á cidadanía galega. E tamén por esa circunstancia hai que dicir que estamos en presenza dunha proposta realista e fortemente conectada co sentir da inmensa maioría de galegos e de galegas. A necesidade de intercomunicación entre Galicia e Portugal, entre Galicia e a lusofonía, foi sempre sentida e tivo vixencia na historia, e hoxe a través desta iniciativa dáse cumprimento a esa necesidade. Polo cal nosoutros tamén agradecemos moi especialmente esta presenza da comisión organizadora para expresarlle o noso recoñecemento por unha iniciativa que loxicamente abonda en algo fundamental para esas relacións entre Galicia e a lusofonía.

En segundo lugar, esta iniciativa –como non podía ser doutro xeito dados eses antecedentes– é fundamentalmente unha iniciativa de consenso; de consenso, en primeiro lugar, cos propios promotores. No Partido Popular fomos sempre conscientes e en todo caso apoiamos decididamente a toma en consideración da tramitación da lei e fixemos os máximos esforzos posibles para a súa aplicación, pero sempre tivemos moi claro que en ningún caso podíamos aprobar unha lei á marxe dos propios promotores. Tivemos moi claro que o espírito e o contido da lei tiña que responder ás súas expectativas e tamén que tiñamos que aproveitar o inxente traballo e documentación que puxeron ao noso dispor. Por esa razón mantivemos dende o primeiro momento unha comunicación intensa e leal, intensa con numerosas reunións de traballo e tamén conversas –eu neste sentido quero destacar a participación decisiva do noso portavoz parlamentario Pedro Puy na aprobación deste proxecto de lei–, e unha colaboración leal en canto que admitimos suxerencias e modificacións, e mesmamente modificamos moitas das emendas ás aportacións que fixemos en aras do resultado favorable satisfactorio. E tamén consenso co resto dos grupos parlamentarios, expresado na aprobación unánime do texto de ponencia que hoxe se somete á votación e expresado tamén na acep-

tación da totalidade das emendas presentadas por todos os grupos e incorporadas ao texto final en letra ou en espírito.

Son consciente de que aquí se acaban de facer algunhas obxeccións a este proceso e eu creo que non é agora momento de entrarmos en polémicas estériles. Creo que é o momento de felicitar-se, efectivamente, por ese consenso, pois o consenso supón espírito de superación e espírito de cesión en aras dun acordo. Un acordo unánime do Parlamento galego que neste caso é fundamental e dá maior forza ao proxecto de lei que presentamos como iniciativa e esforzo colectivo de cara a abrir unha nova xeira nas relacións entre Galicia e Portugal. Creo que ese consenso debe primar por riba doutras consideracións.

En terceiro lugar, teño que subliñar tamén o feito de que a lei que se aproba é efectivamente unha lei perfectamente posible, unha lei de eficacia posible. Compartimos a preocupación do señor Caamaño no sentido de que non se trataba de facer un texto grandilocuente, senón un texto que tivera posibilidades de aplicación real e que puidera ser asumido polos poderes públicos de Galicia e garantidos por esta. Traballamos sempre con ese obxectivo, e por esa razón tamén na tramitación da lei sempre mantivemos unha comunicación fluída e constante co Goberno galego para pulsar as posibilidades reais de aplicación, para pulsar e mesmamente forzar os límites desa efectividade. O compromiso do Goberno galego está garantido precisamente co apoio do Grupo Parlamentario Popular a este proxecto de lei; está garantido na propia lei, porque así o establece o propio articulado, e tamén –como xa se indicou aquí– porque nunha das emendas socialistas incorporadas ao texto da lei se establece a obriga de dación de conta da aplicación efectiva da mesma ante este propio Parlamento. E tamén a propia lei establece o desenvolvemento regulamentario.

Nosoutros cremos que é preferible unha lei posibilista, unha lei de eficacia real que non unha lei grandilocuente. Aquí temos o exemplo –falouse del– do Convenio cultural de 1983 entre Galicia e Portugal; unha norma efectivamente correcta, grandilocuente, pero que na práctica quedou sen aplicación, porque ás veces se non se ten claro cales son os obxectivos a perseguir, loxicamente, pérdese a eficacia posible nesa norma. Por esa razón tamén o que fixemos nosoutros foi fundamentalmente pulir do proxecto inicial aqueles aspectos que podían afectar esa posibilidade de aplicación

real e efectiva. Singularmente, o prazo de catro anos, porque se estimaba que nas actuais circunstancias de crise económica era un prazo absolutamente inviable. E tamén o feito de primar a cualificación do idioma portugués nos concursos de mérito, por canto iso obrigaba necesariamente á modificación da Lei da función pública. Pero, a cambio, si que se establece a incorporación progresiva con control parlamentario para garantir efectivamente esa aplicación, e tamén se introduce na lei a promoción da cualificación dos empregados públicos no idioma portugués.

Pero, ademais desas circunstancias, nosoutros entendemos que o traballo dos grupos parlamentarios e o traballo da comisión promotora —que sempre fixo unha aportación extraordinaria nese sentido— permitiu tamén pulir e mellorar aspectos do texto inicial. E neste sentido o que presentamos hoxe é un texto transaccionado no que se recolle, por exemplo, a condición da lusofonía como obxectivo estratéxico, pero tamén a consideración non como un concepto unicamente economista, senón tamén como un concepto cultural de reciprocidade e de recoñecemento de identidades. Un texto que regula a incorporación progresiva da aprendizaxe da lingua portuguesa nos centros de ensino de Galicia no ámbito das competencias en lingua estranxeira. Este constitúe obviamente un dos termos da lei. Se estamos de acordo en que o portugués é útil, é unha vantaxe para o galego en canto que nos dá unha saída universal hacia unha lingua próxima, o lóxico corolario é que fagamos efectiva esa vantaxe. De aí a necesidade de introducirmos a aprendizaxe do portugués.

E para esta aprendizaxe gozamos indiscutiblemente de dúas vantaxes: unha, a intercomprensión dos dous idiomas, que fai máis fácil esa aprendizaxe, pero tendo ben presente en todo caso que unha cousa é falar unha lingua e outra diferente falala ben; en segundo lugar, a relación cun mercado potencial de 250 millóns de persoas. Neste sentido, como dicía o profesor Monteagudo, se somos capaces de conquistar que a competencia en galego se constituía nun elemento de referencia para entrarmos nese mercado, indubidablemente que o alumnado aproveitará a oferta de lingua existente nos centros de ensino porque terá unha motivación especial para usala e aprendela.

Tamén un texto, señorías, que incorpora a relación a todos os niveis coas institucións e co mundo da lusofonía. Unha referencia obrigada porque como diría o profesor Fil-

gueira Valverde constitúe, en definitiva, o desenvolvemento da forte comunión de intereses que existe e existiu sempre entre Brasil, o fraterno Portugal e Galicia. E moi especialmente eu quixera subliñar que a reforma operada permite mellorar a regulación inicial no ámbito do audiovisual. Máis aló que a simple reciprocidade *quid pro quo*, difícil de plasmar, e máis aló do simple intercambio de canles, o que si se incorpora á lei, tamén a suxerencia da comisión promotora, é o concepto de cooperación e intercambio de contidos para que o sector galego do audiovisual teña a oportunidade para explorar e crear vías de negocio coa lusofonía.

En definitiva, o que temos, señorías, e o que se somete á votación da Cámara, é un texto realista, un texto de eficacia xurídica progresiva pero inmediata perfectamente posible, un texto de consenso e un texto útil. Eu diría, incluso, un texto que nos pon ante un fito histórico nas relacións entre Galicia e Portugal.

En primeiro lugar, porque nos dá a oportunidade de reparar unha fenda histórica que nunca se debeu ter producido e permite abrir unha nova dimensión nas relacións entre Galicia e a lusofonía.

En segundo lugar, porque nos permite visualizar o gran valor que ten o galego como lingua de intercomprensión co mundo oficial de fala portuguesa e ábrenos a un mercado potencial de inmensas posibilidades económicas.

En terceiro lugar, eu quixera subliñar unha circunstancia importante. Facía referencia o señor Caamaño a cuestións de plurilingüismo e trilingüismo. Evidentemente que a aprendizaxe do portugués é unha vantaxe para o galego porque nos coloca nunha senda de universalidade. Dicía a este respecto Ramón Piñeiro que no século XXI as grandes linguas universais serán o inglés, o chinés, o castelán, o portugués e o ruso. E nós, que mantemos lazos de fraternidade histórica con España, lazos de fraternidade lingüística e cultural co portugués —segúa dicindo Ramón Piñeiro—, participamos en dous deses grandes ámbitos culturais universais do século XXI.

Por tanto, como toda actividade endogámica tende culturalmente á esterilidade, non podemos renunciar ao contacto, a esa vía de expansión, a esa vía de universalidade que a aprendizaxe do portugués abre a todos os galegofalantes.

Tamén é un fito importante porque, como xa se ten dito, esta iniciativa responde ao impulso de 17.000 persoas que respaldan directamente coa súa firma, pero tamén responde ao sentir dunha ampla maioría da sociedade galega.

E, polo tanto, para rematar, permítanme dúas referencias. Unha, a un refrán portugués –que xa dixeran no debate de toma en consideración–. Di este refrán: “*Devagar chega-se longe; o pior é, se quando lá chegares, ja não há ninguém.*” Esperamos que con esta iniciativa non cheguemos tarde a ningún sitio. Grazas ao compromiso do Partido Popular, que outros non tiveron tan contundente cando tiveron a oportunidade de facelo, hoxe esta lei é unha realidade que abre unha expectativa futura importante para Galicia e Portugal.

E quero rematar pedindo os votos...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor BAAMONDE DÍAZ: ...coas mesmas palabras que utilizou o señor Morell para pechar o debate de toma en consideración: “Hoxe temos a oportunidade de facer ver a toda Galicia que temos unha lingua extensa e útil, cunha dignísima historia de séculos e un inmenso futuro por diante, como o que ten este país”.

Eu espero que este Parlamento saiba estar á altura das circunstancias e respalde unanimemente un acordo grande e histórico para Galicia e... (*O señor Baamonde Díaz pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Baamonde.

Continuamos coa orde do día, co debate e votación...

(*A señora Pontón Mondelo pide a palabra.*)

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Entendemos, señora presidenta, que se debería dar un turno de réplica, xa non só ante-

poñéndonos ao que son antecedentes nesta Cámara, senón ao que está previsto no propio artigo 78, de que todo aquel que fora contradito nas súas argumentacións pode ter un turno de réplica. Desde logo, a nós parécenos que iso sería o normal para que asistamos...

A señora PRESIDENTA: Ben.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a un debate e non a un monólogo, como estamos vendo, e é unha repetición de discursos...

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que creo que vai en detrimento da calidade da vida democrática deste Parlamento.

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, xa a entendín. Paréceme que vostede é perfectamente consciente de que o segundo turno dun debate é para fixar posición de emendas, e casualmente nesta iniciativa lexislativa non hai emendas porque hai un debate no que todos os grupos se mostraron favorables. Polo tanto, vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é consciente, consciente –déixeme falar a min, por favor–, vostede é plenamente consciente de que este é o debate como se ten que dar, que está axustado e que non hai outra cuestión, aínda que vostede queira –permítame– confundir un pouco.

Se lle parece, continuamos coa orde do día.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirlles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira

A señora PRESIDENTA: Mantense para o pleno unha emenda, a número 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Para a presentación do ditame, ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, señor Sánchez Bugallo.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Sánchez Bugallo): Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Vou dar lectura á presentación do Ditame sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito para garantir a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira. Di así:

“A Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantir a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira, foi formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 8 de abril de 2013. A Mesa do Parlamento, na reunión do 8 de abril de 2013, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. O 28 de maio de 2013 foi tomada en consideración polo Pleno da Cámara. O 4 de xuño de 2013 foi asignada á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O Grupo Parlamentario Popular presentou seis emendas parciais e o Grupo Parlamentario dos Socialistas formulou tres, que foron cualificadas o 16 de setembro de 2013.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 19 de setembro de 2013, designou os seguintes ponentes: Grupo Parlamentario Popular de Galicia: don Pedro Puy Fraga, titular; dona María Hermínia Pouso Maneiro, suplente. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona María do Carme Gallego Calvar, titular; don Juan Carlos González Santín, suplente. Do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda: don Xosé Manuel Beiras Torrado, titular; dona Yolanda Díaz Pérez, suplente. E do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: don Francisco Xesús Jorquera Caselas, titular; dona María do Carme Adán Villamarín, suplente.

As sesións da ponencia tiveron lugar o 15 e 19 de novembro de 2013 e 20 de febreiro de 2014. Nelas estudáronse as emendas formuladas á proposición de lei e rematouse o informe, que contén as recomendacións que o dito órgano lle fixo á comisión, consistentes en aceptar todas as transaccións elaboradas con todas as emendas presentadas. Quedou pendente para a comisión a número 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 27 de febreiro de 2014, ratificou por unanimidade o informe elaborado pola Ponencia e, en consecuencia, aprobou o ditame que se tramita nesta sesión plenaria. O Grupo Parlamentario dos Socialistas mantén para a súa defensa neste último trámite do procedemento a emenda número 2.

O ditame consta dunha exposición de motivos, seguida dun artigo único, a través do cal se introduce na Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, unha nova disposición adicional, décimo terceira bis, que se aplica aos posuidores de instrumentos híbridos de capital ou de débeda subordinada que sexan aforradores.

A este artigo ségueno dúas disposicións transitorias: a primeira, que suspende as accións de xestión deses instrumentos financeiros cuxos titulares sexan aforradores; e a segunda, relativa aos aforradores posuidores de participacións preferentes ou de débeda subordinada cun préstamo hipotecario para o financiamento da primeira vivenda.

A proposición non de lei remata cunha disposición derradeira única, referida á entrada en vigor da lei”.

Máis nada, moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Bugallo.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender a emenda mantida neste caso.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Permítanme, en primeiro lugar, un saúdo aos convidados que nos acompañan, representantes de distintas plataformas de afectados e afectadas polas participacións preferentes e obrigas subordinadas no noso país.

Co debate e votación do ditame da comisión, culmina o trámite no Parlamento galego desta proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, unha proposición de reforma da Lei 9/2012, de reestruturación e resolución das entidades de crédito. A lei, como afirmabamos no debate da toma en consideración desta proposición, legaliza unha dobre expropiación: a expropiación que sofren as ducias de miles de pequenos aforradores e aforradoras posuidoras de participacións preferentes e obrigacións subordinadas, ás que se lles confisca unha parte importante dos seus aforros ao establecer a asunción obrigatoria de perdas, e a que sufrimos todos os contribuíntes custeando con diñeiro público, con diñeiro de todos, o saneamento da banca.

Agora, señorías, señoras e señores do Partido Popular, xa non é teoría, os datos avalan de xeito contundente a afirmación que entón faciamos. Coa venda de Novagalicia Banco, tan só se recuperou o 8 % do diñeiro público investido. Dos 8.981 millóns de euros aportados polo Estado só se recuperarán 721 millóns. E non o digo eu, díxoo o subgobernador do Banco de España, o señor Fernando Restoy, nunha comparecencia no Congreso. Cito textualmente: *“En los 1.003 millones que pone Banesco hay que restar los 275 millones que salen del FROB para determinados compromisos y garantías adicionales, vinculados sobre todo a las denuncias de afectados por preferentes y otros conflictos legales.”* En definitiva, con esta marabillosa operación perdéronse 8.253 millóns de euros de recursos públicos, de diñeiro, en definitiva, de todos.

Mais, consumado, para desgraza de todos, este novo saqueo aos contribuíntes, agora o que nos preocupa é buscar unha solución xusta para os milleiros de afectados polas preferentes que aínda non puideron recuperar os seus cartos. E desde o noso punto de vista, o acordo acadado en comisión representa un paso claro nesta dirección.

Para facer posíbel o acordo, tivemos, como é evidente, que renunciar a que se acadasen o cento por cento das nosas

pretensións, das pretensións do Grupo Parlamentario do BNG. Pero, en calquera caso, é un bo acordo. En esencia, o que se propón é unha modificación da Lei 9/2012 para que se exclúa da quita os aforradores. Así, dise explicitamente que terán dereito á recuperación das contías investidas sen perda ningunha. Aclárase que para os efectos desta lei terán a consideración de aforradores aquelas persoas que teñan a consideración de clientes minoristas, nos termos previstos no artigo 78 da Lei do mercado de valores, en contraposición á propia definición que este artigo fai dos clientes profesionais; é dicir, todos aqueles aos que se lles presuma a experiencia, os coñecementos e a cualificación necesarios para tomar as súas propias decisións de investimento e valorar correctamente os seus riscos. Pero, ademais, aclárase que, en todo caso, terán a consideración de aforradores aquelas persoas nas que concorra, entre outras, algunha —e subliño: algunha— das circunstancias seguintes.

Primeiro, as que non tivesen previamente contratado ningún produto de investimento significativo en relación coa súa posición de liquidez. Segundo, as que acrediten que no momento da contratación desexaban manter a dispoñibilidade dos seus aforros. Terceiro, as que pola súa idade, situación persoal ou falta de formación cumpran cos requisitos para seren considerados aforradores. Cuarto, as que teñan un perfil ou características semellantes aos casos aceptados na arbitrase, nos trasacordos xudiciais ou nas sentenzas xudiciais favorábeis. Pero, ademais, engádese que todo isto tamén lles será aplicábel aos aforradores sen experiencia financeira que acrediten non ter recibido información adecuada do instrumento financeiro adquirido.

En consecuencia, establécese que o previsto nesta modificación da lei será de aplicación para os pequenos aforradores que foran obxecto de acción de xestión polo FROB, tanto se acudiron ao procedemento de canxe como se mantiveron a conversión obrigatoria deses instrumentos financeiros en accións, polo que terán igualmente dereito a percibir as contías investidas ata que non teñan perda ningunha. E a recuperación das contías investidas levarase a cabo malia os acordos adoptados antes da entrada en vigor desta modificación da lei que propoñemos pola comisión reitoria do FROB.

Por tanto, é un paso importante para propiciar unha solución política xusta aos milleiros de pequenos aforradores e de pequenas aforradoras que non puideron recuperar aínda

os seus aforros. Porque seguen sendo milleiros, señorías, seguen sendo milleiros, señoras e señores do Partido Popular. O problema, pese ás expectativas que intentou crear o Goberno da Xunta, está moi lonxe de terse solucionado.

En Galiza as antigas caixas de aforro colocaron produtos híbridos a 77.194 clientes, na súa inmensa maioría pequenos aforradores. Deles, menos de 40.000 recuperaron o cento por cento do seu diñeiro. Quedan por tanto 37.960 afectados e afectadas que non recuperaron nada ou só unha parte dos seus aforros.

Dos 1.831 millóns de euros vendidos en preferentes e subordinadas polas antigas caixas, só 496 millóns foron recuperados pola vía da arbitrase. E tras o proceso de canxe obrigatorio, fican aínda por recuperar 502 millóns de euros.

Señoras e señores deputados do Partido Popular, segundo os nosos datos, ficaron 26.900 solicitudes de arbitrase por resolver, e a reapertura da arbitrase anunciada polo señor Feijóo neste mesmo Parlamento ficou reducida á posibilidade ofertada por Novagalicia Banco de chegar a acordos extraxudiciais cos demandantes. E xa sabemos os resultados: 1.813 acordos extraxudiciais, dun total, nada máis e nada menos, que de 5.749 demandas presentadas.

Por tanto, señorías, o problema está moi lonxe de estar solucionado. No proceso de venda de Novagalicia Banco, o FROB comprometeuse a sufragar o 85 % das devolucións de preferentes e subordinadas resultantes de sentenzas xudiciais ou acordos extraxudiciais. Pero o director xeral do FROB, o señor Carrascosa, preocupouse hai uns días de aclarar que se Novagalicia Banco bota man destes cartos poderían ser considerados axudas do Estado e, por tanto, habería que solicitar autorización a Bruxelas.

Unha nova incerteza, unha nova razón para procurar unha solución política global a todos estes casos. Porque, ademais, dáse a circunstancia, señorías, de que o FROB está recorrendo sistematicamente as sentenzas favorábeis aos afectados.

Por tanto, señorías, só en Galiza fican aínda 38.000 afectados esperando unha solución xusta, que non é outra que a devolución íntegra do diñeiro que lles foi estafado. Cifra, como manifestei no debate de toma en consideración desta

proposición, que é moito máis que datos fríos para unha estatística. É unha cifra que agocha milleiros de dramas persoais. Dramas como os que teño comentado, en representación do Bloque Nacionalista Galego, desde esta mesma tribuna.

O caso dun traballador que durante toda a súa vida foi depositando as pagas extras de horas e horas de traballo nunha conta de aforro; enganado, como todos, os seus aforros convertéronse en participacións preferentes e ve como se lle espolian os aforros dunha vida de traballo. O caso dunha xubilada que pasou a súa vida traballando de limpa-dora en Suíza; enganada, como todos, os seus aforros convertéronse en participacións preferentes; agora ten todos os seus fillos no paro e non ten con que axudalos. Ou o caso de persoas que ficaron sen traballo e non puideron tirar dos seus aforros para poder seguir pagando a hipoteca, porque, enganados como todos, convertéranos en participacións preferentes, e a mesma entidade que os estafou executou a hipoteca. Para evitar situacións como esta, incorporouse ao texto unha emenda do Grupo Socialista que consideramos extraordinariamente atinada.

Señoras e señores deputados, como grupo proponente, congratulámonos do acordo unánime ao que se chegou en comisión, porque é de xustiza. Estamos a falar de persoas que non especularon co seu diñeiro, de persoas que non aspiraban a facerse ricos, que non tiñan os seus aforros en paraísos fiscais nin en contas na Suíza. Estamos a falar de persoas que o único que querían era ter os seus aforros seguros para ter unha vellez digna, para pagar os estudos dun fillo ou dunha filla, para axudar unha filla que estaba no paro, persoas que foron vítimas dunha auténtica estafa, dun engano masivo, e é de xustiza que poidan recuperar integramente os seus aforros.

E, nese sentido, vou concluír, señoras e señores deputados, formulando un desexo, pero facendo tamén un ofrecemento, un emprazamento. O desexo: que todos os grupos, do mesmo xeito que van votar a favor desta proposición, se impliquen en acadar o antes posíbel a modificación que se recolle nesta proposición para que poidan recuperar integramente os seus aforros, suprimindo a quita que establece a lei que se modifica.

Por tanto, desexo que o voto favorábel a esta proposición non sexa un brinde ao sol, non sexa un lavado de cara, non

sexa un quedar ben aquí para logo facer o contrario en Madrid. ¿Lembran o que pasou o 28 de maio do ano pasado, verdade, señorías? Votaban, señoras e señores do Partido Popular, neste Parlamento a favor de admitir a trámite esta mesma proposición e esa mesma tarde votaban en contra en Madrid.

Miren, se o que pretenden agora é un lavado de cara, teño que admitir que incluso agora o teñen máis fácil, pois tendo en conta a mecánica do Congreso dos Deputados esta proposición do Parlamento galego, unha vez que se aprobe, pode tardar anos en ser debatida en Madrid, tendo en conta que no Congreso dos Deputados nada máis que se debate unha proposición de lei emanada dun parlamento autonómico ao mes e ademais débátese por rigorosa orde de rexistro. De feito, hoxe mesmo débátese no Congreso dos Deputados unha proposición de lei, nacida tamén dunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, que resulta que foi aprobada neste Parlamento, señorías, o 14 de xullo de 2008. Estamos en 2014 e hoxe débátese no Congreso dos Deputados unha proposición de lei aprobada por este Parlamento o 14 de xullo de 2008.

Por iso, acompaño este desexo dun ofrecemento e dun emprazamento. ¿Cal é o emprazamento, señorías? Que todas as forzas políticas con representación nesta Cámara que á súa vez teñan representación en Cortes rexistren como proposición do seu grupo parlamentario este mesmo texto no Congreso, para asegurar a través desta vía que se poida debater esta modificación coa urxencia necesaria para dar satisfacción a eses 38.000 afectados aínda só en Galiza que están esperando unha solución xusta.

Ese é o noso ofrecemento e ese é o noso emprazamento. E, por suposto, o Bloque Nacionalista Galego vai rexistrar esta mesma semana no Congreso dos Deputados esta proposición que hoxe vai aprobar o Parlamento galego. 38.000 aforradores e aforradoras están esperando esta solución, señorías, e agardan tamén de todos nós, representantes dos cidadáns, representantes do pobo galego, que non xoguemos con eles; agardan que defendamos todos en Madrid o mesmo que hoxe imos votar aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, de novo bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, facer un chamado para que o Goberno dialogue e non se parapete detrás dos antidisturbios, eses que están aí a empurróns cos alcaldes que protestan contra Sogama e contra os mariñeiros que protestan polo cerco, os mariñeiros do cerco. Polo tanto, o noso chamado a que o Goberno dialogue e non empregue os antidisturbios.

Ben, esta proposición de lei é necesaria e debe facer xustiza, xustiza social, co que acontece con milleiros de familias galegas que aínda agardan, de persoas galegas que aínda agardan unha resolución favorable ás súas reivindicacións, e que non é outra cousa que recuperar o diñeiro roubado e colocado por avispados xestores en instrumentos financeiros de alto risco para recapitalizar as contas demoucadas por unha mala xestión e mesmo corrupta, durante unha fase de expansión e da burbulla inmobiliaria.

O resultado da estafa –venta– xa o coñecemos: Galicia perdeu as súas caixas, o pobo galego perdeu as súas entidades de crédito, esas que naceran cun fin social incuestionable, fin social que veremos agora en que queda.

En vez de empregar a inxente cantidade de milleiros de euros, 9.000 millóns de euros, que se inxectaron para sanear as caixas, en vez de empregalos para construírmos unha entidade pública e social, optouse por malvender o resultado da bancarización e do proceso de fusión-fisión. Unha perda irreparable. Pero o pobo galego precisa ser reparado, precisa dun goberno valente que aposte pola creación dunha entidade de crédito dedicada á economía social.

Non imos recordar aquí tampouco a importancia da obra social. No 2008, por exemplo, Caixa Galicia era a terceira caixa do Estado que máis investía no eido social. Hoxe, no 2014, fálase de 31 millóns de euros, dos 84 que tiña. Non hai nada. Isto, loxicamente, significa que moitos eidos da actividade social que viñan desenvolvendo as caixas deixarán de cubrirse, un servizo do que as persoas deixarán de beneficiarse.

Lembremos que o 18 de decembro de 2013 o Pleno da Cámara aprobou por unanimidade unha proposición non de lei de AGE referida á actual situación da obra social, interesándose pola necesidade de que se dotara a fundación da obra social duns estatutos que a legalizasen. Pero hoxe somos sabedores de que existen certas prácticas escurantistas da comisión xestora relacionadas coa Escola de Negocios sometida a un proceso nada transparente de segregación da obra social e de privatización na que semella mesmo ter participado a Consellería de Educación, facilitando que sexa unha entidade como San Pablo CEU a que se adira e se beneficie seguramente da súa privatización. A pesar da proposición non de lei aprobada, o PP non deu aínda os pasos necesarios, mais semella que deixa a porta aberta para que o director da Escola de Negocios negocie na trastenda sen ter as autorizacións para iso.

Pero non só a obra social está en risco, xa se falou aquí ao longo de varias e diversas iniciativas de que está en risco o patrimonio artístico, inmobiliario e cultural –pictórico, escultórico, librario e documental–. Que sexa ben de interese cultural de titularidade pública, colección única e non segregable, non privatizable, non deslocalizable. Por exemplo, agora, ¿que vai acontecer coas mil obras que están depositadas no polígono de Pocomaco e que pertencen á nova entidade bancaria? Ben, as caixas xa non existen, e o seu resultado fisionado, saneado co diñeiro de todos e todas, foi regalado a Banesco (Banco Etcheverría) semella que por 1.003 millóns de euros, adquirindo –din– o compromiso de manter os empregos –verémolo– e de ampliar o crédito.

Pero, ¡ollo!, nada hai de claridade en toda esta historia, como é habitual. E o regalo é aínda mellor cando vemos que Banesco pagará só 400 millóns agora e 600 en cinco anos. Isto é, semella que a compra será financiada realmente cos activos da propia Novagalicia, e os outros 600 serán pagados en prazos ata 2018, sempre que se dean unha serie de condicións.

Vemos aquí unha operación de venda apresurada, premeditada, aleivosa, e que supón, como xa ten dito o noso voceiro Xosé Manuel Beiras, unha traizón que sería motivo de dimisión dun goberno enteiro en calquera país normal.

Aínda temos que agardar o visto bo da Comisión Europea, e nós preguntámonos para cando as autoridades o farán.

O FROB segue sendo o dono real desta historia; Escotet, o propietario.

E agora temos, dentro desta historia, a estafa das preferentes. Os beneficiarios do regalo realizado polo FROB coa conivencia de todas as administracións, en concreto a Xunta de Galicia, aseguraron como compromiso ineludible que ían atopar unha solución para as polémicas participacións preferentes, tamén no que se refire aos traballadores da entidade. Escotet falaba mesmo de 90 días. Hoxe sabemos que esa solución se dilata. Cómpre unha solución global, xusta, que permita a todas as persoas que foron enganadas recuperar os seus aforros, sen quitas, sen conversión a accións. Mais, como acontece, é preciso que non dependa da vontade dun banqueiro a devolución deste diñeiro, mal iríamos. Ten que ser a lei a que dite cal debe ser o camiño. A Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, foi creada co indisimulado fin de inxectar diñeiro público ás entidades de crédito. “Os poderes públicos deben prestar un apoio decidido aínda que equilibrado á viabilidade das entidades de crédito”, dise. Rexida polas mans férreas da Comisión Europea, esta lei inscríbese no sendeiro do neoliberalismo normativo de intervencionismo á carta, de aí a concesión de máis poderes intervencionistas concedidos ao FROB e a anunciada creación do chamado “banco malo”. No artigo 49 da lei defínense os dereitos dos investidores afectados por unha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada, e aí reafirmase que non poderán reclamar cantidade con base nun incumprimento dos termos e das condicións da emisión correspondente se eses instrumentos foron afectados por operacións que acordara o FROB. E di textualmente que “non poderán reclamar da entidade nin do FROB ningún tipo de compensación económica polos prexuízos que lles puider causar”. Este artigo complétase co 73, onde consta que quen está lexitimado para interpor recurso contencioso-administrativo contra os actos e decisións do FROB son os accionistas e socios da entidade de crédito.

En definitiva, era unha lei feita para que as decisións do FROB con respecto aos pequenos aforradores quedasen sen atrancos posibles. Por iso é preciso que a proposición de lei que hoxe se somete á aprobación do Pleno sexa unha realidade; polo tanto, o noso apoio para a mesma. No entanto, quixéramos deixar constancia dalgunha dúbida que esperta en nós todo o referente á consideración de “aforradores”. En

efecto, a textualidade introducida, que responde a unha emenda de substitución do Partido Popular –como dixo o voceiro do Bloque Nacionalista Galego–, incorpora zonas ambiguas ou, cando menos, de indeterminación. Isto é o que acontece cando se considera que unha persoa é aforradora cando non tivese contratado previamente ningún produto de investimento significativo. ¿Que é “significativo” neste contexto?, ¿a que produto se refire? Isto pode dar lugar a situacións discriminantes. Outra é a introdución do verbo “acreditar”. ¿Como acredita unha persoa aforradora que foi enganada? ¿Significa isto que ten que recorrer á xustiza para acreditar tal feito? Máis atrancos.

Estas dúbidas non son pequenas, introducen a posibilidade de que se dean situacións discriminantes. E nós coidamos que non debe suceder, que non debe acontecer, e que deben actuar con certa flexibilidade. Aínda así, certo é que é preciso deter, e xa, os efectos negativos da Lei 9/2012 para os milleiros de familias –de 38.000 persoas falaba o voceiro do Bloque Nacionalista Galego– que aínda agardan que se lles devolva toda contía roubada. E permítanme o uso deste verbo, porque desde logo non é diñeiro investido como se di, senón que foi levado de forma fraudulenta, enganosa, das contas de aforros destas persoas cara a produtos tóxicos a través dunha mala praxe comercial.

Por iso é esencial limitar o poder que introduce o artigo 49, tal como se fai coa disposición transitoria primeira, que pide a suspensión das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada. É importante non só que se deteña o proceso, senón que todas as persoas aforradoras que se viron sometidas ao procedemento de troco e de conversións de accións poidan recuperar todo o diñeiro roubado –repito, roubado–.

Finalmente, remato como facía o noso voceiro durante a comisión. Resulta paradoxal que teñamos que levar ás Cortes unha iniciativa para solucionar algo que vén das antigas caixas, das extintas caixas, sobre as que tiña plena competencia, competencia exclusiva, polo Estatuto, a nosa Xunta de Galicia. Feito que nos lembra que as cousas non se fixeron ben, senón todo o contrario. Agardamos que as Cortes aproben esta modificación da Lei 9/2012 con celeridade. Xa o dixo o voceiro do Bloque Nacionalista Galego: se temos que agardar seis anos, pois, desde logo, milleiros de persoas estarán sometidas a un estado de creba; de creba, porque

realmente agora mesmo os seus aforros poden ser o sustento necesario para manter, por exemplo, as letras da hipoteca. E de aí, efectivamente, que teñamos que saudar a introdución da emenda do Partido Socialista Galego á disposición transitoria segunda, xa que, efectivamente, as persoas afectadas por este *corralito* e que teñan dificultades para afrontar o pagamento da hipoteca pois loxicamente que non se lles execute a hipoteca, ou outras garantías ata que non se lles devolvan todos os seus aforros.

Polo tanto, agardamos que, en efecto, esta lei, esta proposición de lei se tramite con celeridade, e que o Partido Popular de Galicia a leve adiante e que exixa en Madrid que as cousas se fagan ben e de forma rápida para beneficio de milleiros de persoas que agardan de nós realmente un compromiso real e activo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra dona Carmen Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Envío tamén dende aquí un saúdo, dende o Grupo Parlamentario Socialista, a todas as persoas estafadas que seguen acotío protestando nas rúas do noso país e que manteñen prendida a chama da reivindicación para que se faga dunha vez xustiza con todos e todas elas.

Este proxecto de lei, esta proposición de lei, que remata hoxe o seu trámite, entrou hai case un ano no Parlamento de Galicia. E daquela, cando se someteu por vez primeira a debate neste Pleno para ver se se tomaba en consideración, dicíamos os socialistas que apoiabamos, evidentemente, a súa toma en consideración, que queríamos tratar de melloralala no trámite de emendas, e que tamén considerabamos que un proxecto de lei destas características tiña que ter o compromiso político máis alá da súa aprobación, e que o compromiso político tiña que acompañala tamén logo na súa tra-

mitación. Porque, efectivamente, estamos aprobando unha proposición de lei para elevar ao Congreso dos Deputados, para resolver un problema que xa ten máis de tres anos e que aínda ten atrapados como vítimas da estafa a máis de 38.000 galegos e galegas cunha contía económica de máis de 500 millóns de euros. Polo tanto, estamos a falar dun problema que non está nin moito menos resolto e ao que hai que darlle solución. E de pouco servirá que este Parlamento hoxe acorde unanimemente aprobar esta proposición de lei que foi presentada polo señor Jorquera se despois non nos comprometemos todos a que tamén o seu trámite sexa áxil –neste caso non foi moi áxil–, que sexa áxil no Congreso dos Deputados e se poida aprobar alí tamén para facela real.

Porque o que pretende este proxecto de lei, esta proposición de lei, é sinxelamente recoñecer a estafa e recoñecer os estafados, as persoas estafadas. É dicir, que aquelas persoas que foron vítimas desta estafa poidan ser resarcidas e se lles poida devolver integramente as contías que lles foron estafadas.

Os socialistas xa manifestamos en moitas ocasións o noso apoio a esta reivindicación xusta. De feito, a esa Lei 9/2012 –a que emenda esta proposición de lei– presentamos un recurso de inconstitucionalidade, que aínda non foi resolto pero que está presentado como un xeito tamén de amparar as vítimas desta estafa e de intentar, pois, darlles unha saída.

A día de hoxe, como dicíamos todos os que me precederon no uso da palabra e eu mesma, hai aínda máis de 38.000 persoas atrapadas nesta estafa, e máis de 500 millóns de euros tamén atrapados nesta estafa. E hai unha arbitrase pechada unilateralmente por unha decisión política, que nunca foi explicada e que condenou as vítimas desta estafa a ter que recorrer xudicialmente; é dicir, a ter que soportar aínda máis gastos, gastos de procuradores, gastos de taxas, gastos de avogados.

Pero hai algunhas outras cousas que convén hoxe lembrar aquí para que todos saibamos en que situación estamos. Dende logo, nunha venda precipitada de Novagalicia Banco, que dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos de criticar reiteradamente neste Parlamento e cantas veces podemos facelo diante dos medios de comunicación, nós considerabamos que se podería esgotar o tempo dado pola Comisión Europea e que se podían, namentres, resolver algunhas cues-

tións que están a día de hoxe pendentes, como todo o que ten que ver coa obra social pero tamén como todo o que ten que ver coas persoas vítimas desta estafa e, dende logo, como recuperar a posibilidade de dar crédito ás pequenas e medianas empresas e ás familias do noso país, que están sen el.

Ben, pois nesta venda precipitada que se fixo de Novagalicia Banco a Banesco houbo un compromiso, efectivizado diante dos medios de comunicación por parte dos novos propietarios de Novagalicia Banco, dicindo que nun prazo de 90 días se ía resolver o problema da estafa. Pero o certo é que non foi así, e agora estase adiando estes días diante dos medios de comunicación a solución. Adíase, cando menos, ao mes de maio. Pero non hai ningunha información clara e precisa ás persoas que representan as plataformas de afectados e afectadas por esta estafa sobre cal vai ser a solución que vai dar Novagalicia Banco, os novos propietarios de Novagalicia Banco. Aínda que houbera que adiala nin tan sequera hai unha explicación clara de cal vai ser esa solución.

E logo hai un cambio de actitude importante no FROB, sobre todo un cambio de actitude que os afectados pola estafa veñen detectando dende o mes de xaneiro deste ano. E é que agora, como tamén lembraba o señor Jorquera na súa intervención, o FROB está recorrendo todas aquelas actuacións xudiciais que lles dan a razón ás vítimas da estafa. E, claro, isto non se entende. E non se entende, sobre de todo, se temos en conta que o FROB, que é un organismo que depende do Banco de España e que á súa vez é un organismo que depende do Goberno de España, non pode estar, por unha banda, recorrendo contra as vítimas desta estafa e negándolles o dereito a recuperar os seus aforros e, pola outra, o grupo político que sustenta o Goberno de Galicia e o Goberno de España ao mesmo tempo estar dando mensaxes aquí de que quere apoiar as vítimas desta estafa.

Por iso eu dicía ao inicio da miña intervención que máis vale que non só sexa un apoio unánime aquí para intentar quedar ben diante das vítimas desta estafa senón que o que debera ser é un apoio unánime aquí e un apoio unánime do Congreso dos Deputados.

Dende logo, teñen todas as súas señorías o compromiso de que o Grupo Parlamentario Socialista así o vai facer. Imos procurar, na medida do posible, que esta proposición de lei se tramite con urxencia, con axilidade, no Congreso dos

Deputados, e dende logo vai contar co noso voto favorable. Porque, insisto, xa no seu día interpuxemos un recurso de inconstitucionalidade porque entendiamos que esta Lei 9/2012, de reestruturación do sistema financeiro, olvidaba as vítimas desta estafa, e as vítimas non hai que olvidalas —e hoxe é un día para falar de vítimas—, ás vítimas hai que reparar-lles o dano causado e hai tamén, cando un se equivoca, que pedir-lles desculpas. Eu creo que aínda falta tamén esa parte de reparación que o Partido Popular non fixo en todo este tempo, e xa é hora de que o vaia facendo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Bos días, señorías.

Nós entendemos que, despois dunha razoable solución aos problemas do sistema financeiro que garantiu os depósitos de todos os galegos e galegas e de todos os españois, o maior fracaso institucional propio do sistema financeiro español é, sen dúbida, o problema aínda non resolto plenamente dos afectados por unha mala comercialización, cando non engano ou estafa, das participacións preferentes e obrigas subordinadas; é dicir, da comercialización dun produto de risco e complexo, inapropiado para a súa comercialización nas persoas que non tiñan a formación financeira suficiente, e que foi o resultado dunha cadea de erros, evidentemente, en primeiro lugar, dos xestores das entidades que promoveron esta comercialización, de erros tamén regulatorios, por suposto de erros de supervisión, e, con independencia de que teñamos nestes momentos máis avanzada unha solución ao problema, o problema aínda non está resolto ao cen por cento.

A orixe do problema xorde a partir da Lei 24/1988, que establece que a Comisión Nacional do Mercado de Valores é a encargada de supervisar a emisión deste tipo de produtos. A Lei 44/2002, do Estado, que prevé que se consideren como recursos propios das entidades financeiras, é dicir, que reforzan o capital principal desas entidades. A transposición a España no 2007 da Directiva Europea 2004/39, que establece que, cando se comercialice aos pequenos investidores,

terá que facerse o famoso test MiFID, unha proba de idoneidade cliente a cliente. E finalmente, en último lugar, a última normativa aplicable é a que establece en 2008 o Real decreto 216, que establece como se computan como recursos propios este tipo de produtos financeiros.

É evidente que, ao longo deste tempo, nin a Administración do Estado nin o poder Executivo nin os reguladores pensaron que podería haber algún tipo de problema cuns produtos nunha etapa de expansión —en xeral— das entidades financeiras que, evidentemente, evitaban ou eludían a posibilidade de que entrasen en perdas contables e, polo tanto, que estes produtos non estivesen retribuídos. O problema real, polo tanto, comeza a producirse a partir de finais do ano 2008, cando os clientes deste tipo de produtos deixan de ser maioristas ou clientes institucionais e as entidades comezan a comercializar masivamente aos retalistas, aos pequenos aforradores, este tipo de produtos. En Galicia concretamente, como xa dixemos nalgunha outra ocasión, dezaseis entidades financeiras, delas oito bancos e oito caixas de aforros, colocaron un total de máis de mil millóns de participacións preferentes. Normalmente, como sabemos, isto foi debido precisamente a un posicionamento —coñecido polo Banco de España— para mellorar o capital principal cando as entidades financeiras comezaban a telo máis feble.

Evidentemente, en Galicia coñeciamos a existencia de participacións preferentes nas caixas de aforros; o que non tiña ninguén, nin o Goberno anterior nin o actual, é coñecemento do mecanismo de comercialización. Ese problema xorde, precisamente, cando cae o mercado secundario, no que as persoas titulares destes produtos podían recuperar os seus aforros colocándollos a outro cliente da mesma entidade. Xorde —insisto— a finais de 2011, cando desaparecen eses mercados secundarios e os clientes comezan a decatarse de que están atrapados nun produto que non é líquido, salvo que acepten perdas moi grandes, do 60 % ou 80 %.

E a partir de aí ¿que foi o que fixemos as institucións autonómicas? Eu persoalmente, e especialmente hoxe, que aprobaremos esta proposición de lei por unanimidade, quero defender o valor das institucións autonómicas, ás que se acusa de distancia dos problemas da xente, de falta de sensibilidade cos problemas da xente, e mesmo tamén para defender esas incógnitas que ás veces nos chegan á mente a algúns deputados, que pensamos se estamos a facer algo que sexa útil.

Pois ben, con estes tempos que acabo de dicir, houbo un primeiro acordo na Comisión 3ª, por iniciativa da señora Caride, a entón portavoz de Economía do Grupo Socialista, polo cal acordamos todos por unanimidade dirixirnos ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que promovesen e prestasen as autorizacións necesarias a Novagalicia Banco para recuperar o investimento –falabamos entón de investimentos, señor Ron, porque formalmente aquilo era un investimento– polos subscritores das participacións preferentes en Galicia.

Pouco tempo despois –isto foi o 10 de febreiro–, o día 14 de febreiro, celebramos o Debate do Estado de Autonomía, e nese debate, unha vez máis por unanimidade, e neste caso cunha transacción que ía sobre unha proposta de resolución do Bloque Nacionalista Galego que defendeu o señor Aymenrich, e outra do Grupo Socialista que defendeu a señora Caride, unha vez máis instamos novamente o anterior e engadímos un terceiro apartado, dos cinco que constaba esa proposta de resolución, que era apoiar e informar aos posibles afectados pola comercialización das participacións preferentes sobre as vías de reclamación das que dispoñan a través das oficinas galegas de consumo. E saliento isto, que foi o 14 de febreiro dese ano, porque, como acabo de dicir, formalmente os preferentistas eran entendidos sempre como inversores, o cal é razoable tendo en conta o que se di en economía, que o que non é consumo é basicamente aforro, polo tanto investimento. Tiñan un tratamento legal e económico como investidores, e sen embargo nós implicámos á autoridade de Consumo. Eu, que transaccionei aquel texto, recordo perfectamente que tiveron varias discusións e varias horas de razoamento cos encargados en materia de política financeira en Galicia porque insistían na imposibilidade de considerar a estes aforradores enganados como clientes, é dicir, como consumidores, e non como investidores. Ben, ao final chegamos a ese acordo e inmediatamente a Xunta, segunda institución autonómica, se puxo a funcionar.

Quero recordar que xa a raíz desa proposta de resolución inmediatamente a Xunta se puxo en contacto coas entidades financeiras para que promovesen solucións. Dirixiuse ao Banco de España e á CNMV para promover as autorizacións necesarias e comezou unha vía de apoio e información aos afectados sobre a vía de reclamación. De feito houbo que organizar unha xornada de formación entre os responsables de política financeira e os responsables do Instituto Galego

de Consumo porque as autoridades de Consumo nunca interviñeran neste tipo de procesos de comercialización. E, así mesmo, creouse por parte da Xunta un plan conxunto para actuacións máis ambicioso, para dar resposta a este tipo de problemas, que foi aprobado no Consello da Xunta do 16 de marzo, sendo a primeira comunidade autónoma que se implicaba desde o seu Executivo nesta cuestión, e nada máis que tres días despois do segundo acordo unánime que tiñamos no Parlamento instando a actuación da Xunta a través da autoridade de Consumo.

A partir de aí houbo moitas reunións cos representantes do sector, tanto por parte do entón conselleiro de Economía, responsable do Instituto de Consumo, como por parte do presidente da Xunta, o 18 de maio de 2012, no que se reuniu coas plataformas de afectados e membros do Consello Galego de Consumidores e Usuarios. Comezaron a habilitarse puntos de información especializada; elaborouse unha folia de reclamación específica para os titulares de preferentes; habilitáronse puntos de asesoramento no Rosal, Cangas, Ponteareas, Vilagarcía de Arousa, e despois estendéronse a Cambados, Marín, O Porriño, A Guarda, Tomiño e Tui, á parte da oficina principal na cidade de Pontevedra. E empezamos a facer as xestións oportunas para que a través do Instituto de Consumo se permitise a arbitrase.

Quero recordar que naquel momento, como se producira a fusión e xa había apoio financeiro de Europa, o FROB 1, que era o fondo co que se financiou para que fose solvente –como certificou o Banco de España– a fusión das dúas caixas de aforros galegas, aí empezou o problema fundamentalmente con Bruxelas, que tiña problemas para aceptar esa conversión ou esas arbitaxes ou esa solución ao problema dos preferentistas precisamente por contar a entidade con axudas do Estado. E quero dicir ao respecto que, se nesas oficinas se trataron 116.000 consultas, que son moitas consultas, a afectados polos problemas das preferentes, a Xunta tivo coñecemento directo de que había claras posicións de abuso por parte das entidades financeiras. Aquí sabemos e coñecemos varios, desde o famoso cliente que tiña anotada unha emisión de preferentes a man sobre unha cartilla de aforro, ou a máis comentada e a máis traída, na que o test MiFID, neste caso dunha caixa de aforro, ten como resultado conveniente –un test que é para ver a adecuación dun cliente a este produto–, que está asinado co dedo gordo, coa sinatura –digamos– da impresión do dedo gordo do cliente, a súa aceptación dese produto.

Ben, a Xunta reúnese coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, dálle traslado de máis de 7.200 queixas á Comisión Nacional do Mercado de Valores. O entón responsable da Comisión Nacional do Mercado de Valores, don Julio Segura, dixo nesta sede parlamentaria, na súa comparecencia na comisión de investigación, que “el Instituto Gallego de Consumo recibe y ve una mala praxis en la comercialización”. Y en abril del 2012 la CNMV contesta que efectivamente “la Xunta no puede hacer nada más de lo que está haciendo, y que hay una ley especial, que es la CNMV, que prevalece en el ámbito de atribución de competencias”.

Reúnese tamén a Xunta co Banco de España, co FROB e co Comisario de Competencia da Unión Europea para darlles a entender que o sistema de arbitraje forma parte do noso sistema xudicial, e que polo tanto é comparable a unha resolución xudicial, que é o que dá luz verde finalmente ao proceso de arbitraje.

Almunia di que o engano das preferentes debe solventalo España. Isto foi o que dixo sempre a Unión Europea. Nunca entendemos por que Europa lle pode dar solución cando o banco ou a entidade financeira fai un mal investimento, por exemplo, nunha promoción inmobiliaria, e non cando fai unha comercialización de participacións preferentes. Pero o caso é que a Xunta, a través do seu conselleiro, conseguiu levantar os atrancos para poñer en marcha as arbitaxes.

Eu quero facer unha mención moi especial ao conselleiro de Economía, que falou coa CNMV, que falou co FROB e que foi a Bruxelas a conseguir que aceptasen a arbitraje, porque é o noso compañeiro de grupo Javier Guerra, que hoxe se senta nas nosas bancadas. *(Aplausos.)*

Antes mesmo de que o Parlamento o solicitara noutra proposta de resolución unánime o 12 de abril, a Xunta deu traslado á Fiscalía de ata 2.157 expedientes nos que apreciaba un engano ou unha estafa. Como todos sabemos, a Xunta colabora coa Fiscalía antes da súa presentación da acción que presentou para o resarcimento global e a anulación global das emisións das participacións preferentes, e con anterioridade á presentación da acción deulles as reclamacións, pero apoiou tamén na propia demanda outros 653 expedientes nos que se demostraba que había unha mala comercialización.

Desafortunadamente, esa iniciativa do fiscal non prosperou, de tal xeito que, como sempre se dixo aquí, inicialmente a única vía de saída foron as arbitaxes, para as que a Xunta tamén fixo un gran esforzo. Houbo momentos nos que había doce salas na EGAP totalmente equipadas, nas que se chegaron a realizar 520 audiencias diarias en horarios continuos desde as nove da mañá ata as dez da noite.

En resumo, o Instituto Galego de Consumo, que o ano 2011 fixera 42.000 asesoramentos, no ano 2012 fixo 114.000; e de atender 21.000 reclamacións pasou a atender 67.000. E no ano 2012 conseguiu 40.000 laudos arbitrais, cando estamos a falar dunha media de 5.000 nos anos previos.

Certamente, como lles dicía, todo isto a nós fainos pensar –unha vez que, ademais, comprobamos que a solución da arbitraje se estendeu ao resto do país, onde fomos pioneiros na súa implantación– que a situación final non é tan mala como era ao principio, grazas á actuación desta Cámara e tamén da Xunta de Galicia. Nestes momentos, o 97,2 % dos clientes que tiñan este tipo de produtos recuperaron por termo medio o 84 % dos seus depósitos. O 100 % máis da metade porque foron á vía da arbitraje; o resto a través dunha canxe que agora toca solventar.

Nós entendemos que hai que darlle unha solución. A vía xudicial que a Xunta tamén apoiou, e quero recordar que se asinou un acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo cal, das 4.000 demandas largas –4.200– que se presentaron, aquelas que non foron á arbitraje –2.200, é dicir, o 62 %– estanse a tramitar nos xulgados especializados da Coruña e Vigo que se habilitaron grazas á intervención da Xunta de Galicia e o convenio co TSX. E, por certo, levan unha ratio dun 60 % de demandas resoltas a favor do cliente e o 40 % restante a favor da entidade.

En definitiva, agora cómpre falar do futuro sen esquecer que fixemos moito no pasado, e que podemos os galegos sentirnos honrados por ter sido os primeiros en buscar unha solución práctica e efectiva aos afectados polas preferentes. En primeiro lugar, isto non vai suceder nunca máis porque o novo Goberno do Partido Popular na Lei 9/2012, de 14 de novembro, modificou a Lei de recursos propios para evitar que os pequenos aforradores poidan adquirir este produto, limitando a 100.000 euros a cantidade para adquisición de preferentes e ademais mellorando a

capacidade da Comisión Nacional do Mercado de Valores para controlar a súa venda. E, en segundo lugar, temos unha lei que impide que ese problema vaia para adiante, e confiamos en que aprobemos hoxe, que isto saia adiante, e sexamos capaces todos de convencer o Congreso para que aprobe a proposición de lei que hoxe traemos por unanimidade a esta Cámara.

Xa se explicaron cales son os elementos centrais desta proposición de lei...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Puy, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...pero eu o único que quero dicir –porque iso é polo que o apoiamos– é que a entidade, as caixas, seguen vivas en Galicia, os clientes cos seus depósitos, e falta por resolver o problema das preferentes, que os novos xestores dixerón que resolverán a partir de que o día 1 de abril tomen posesión real da entidade.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Pero o compromiso das institucións galegas queda claro. Dixo o señor Jorquera que el pensaba que hoxe podíamos facer un brindado ao sol. Repítolle o mesmo que lle dixemos ao presidente cando dixo que merecía un brindado e que fose aprobada por unanimidade en Comisión. Nós só brindaremos cando o cen por cento dos enganados por esta estafa das preferentes recuperen o cen por cento dos aforros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(*A señora Gallego Calvar pide a palabra.*) Déanlle voz ao escano da señora Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Grazas, señora presidenta.

É para anunciar á Cámara que a emenda que se mantiña viva do Grupo Parlamentario Socialista decae.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo tanto, dado que a emenda ten decaído, loxicamente non hai turno de posicionamento sobre ela e pasamos á votación.

Votación dos textos lexislativos

A señora PRESIDENTA: Pasamos á votación dos textos lexislativos, comezando pola votación do ditame sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Votamos o ditame.

Votación do texto do Ditame elaborado pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64.

En consecuencia queda aprobada esta iniciativa por unanimidade.

Polo tanto, queda aprobada a Lei de iniciativa lexislativa popular para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Votamos, a continuación, o ditame sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito. Dado que a emenda ten decaído, votamos o ditame da comisión.

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, para garantirles a devolución íntegra do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada aos aforradores e pequenos investidores sen experiencia financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade a Lei de reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis horas.

Moitas grazas e boa tarde.

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde do día, que é o de comparecencia.

(O señor Jorquera Caselas pide a palabra.)

Si, señor Jorquera, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Si, señor presidente. Cremos que se está dando unha situación totalmente anómala nestes momentos no exterior deste Parlamento, que é a Cámara máxima de representación do pobo galego. Está habendo unha carga policial totalmente desproporcionada contra persoas que o único que fan é reivindicar o pan para as súas familias, a comida das súas familias.

Consideramos que a situación é de tal gravidade que se debe interromper esta sesión para convocar con urxencia unha Xunta de Portavoces e instar a que cese esta carga total e absolutamente desproporcionada. Desde logo, o BNG considera que o asunto ten a suficiente gravidade para que este Parlamento exixa a dimisión do delegado do Goberno, pero, en calquera caso, cremos que a situación exige a convocatoria inmediata dunha Xunta de Portavoces para que este Parlamento se pronuncie exixindo o fin desta carga desproporcionada.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Está entendido.

O señor JORQUERA CASELAS: Houbo deputados que foron a mediar para calmar os ánimos e a resposta foi que tamén foron agredidos, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Está entendido, señor Jorquera. Está entendido.

Se non lle importa, esa é unha decisión que tería que tomar a Mesa do Parlamento. Debemos esperar que a Presidencia o decida... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, esa é unha decisión que compete á Mesa do Parlamento *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é unha decisión que se vaia votar. Da Mesa do Parlamento neste momento só estou eu, polo tanto, eu vou proseguir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Bueno, non, pero falta a presidenta e non temos o quórum suficiente. Vanme permitir pero non. Imos reanudar a sesión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Non, non é que estea de vacacións, é que non é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está entendido.

(O señor Ron Fernández pide a palabra.)

Señor Ron, ¿para que quere a palabra?

O señor RON FERNÁNDEZ: Por unha cuestión de orde. Porque o que está acontecendo nas rúas é suficientemente grave. Eu creo que debера facer reflexionar como para que as autoridades se reúnan de forma urxente con eles, como requiren. E, desde logo, mentres non se faga, debería suspender o Pleno porque fóra agora mesmo hai unha auténtica batalla campal...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Xa dixen que esa é unha decisión ...

O señor RON FERNÁNDEZ: ...e non se pode tolerar a normalidade dun pleno nestas condicións.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, perdón, esa é unha decisión que debe adoptar a Mesa do Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón, en todo caso... Señor Fajardo, señor Fajardo *(O señor Fajardo Recouso pronuncian palabras que non se perciben.)* Señor Fajardo, non está no uso da palabra e chámoo á orde por primeira vez. *(Pronúncianse palabras que*

non se perciben.) Chámoo á orde por primeira vez, señor Fajardo. (*O señor Fajardo Recouso pronuncian palabras que non se perciben.*) Non está vostede no uso da palabra, chámoo á orde, señor Fajardo. Chámoo á orde por segunda vez e advírtolle (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que nunha terceira... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Señora Martínez, tamén a chamo a vostede á orde. Tamén a chamo a vostede á orde. Esta é unha decisión que compete á Mesa do Parlamento. En todo caso, será a señora presidenta e os órganos da Mesa correspondente quen tomen a decisión. Polo tanto, eu continuo co punto da orde do día, que é o de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Traballo e Benestar, por petición propia, para informar sobre o Plan de emprego xuvenil

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Ten a palabra a señora conselleira. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, por favor. Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non dialoguen, por favor.

Señora conselleira, cando queira, empece.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente. Moi boa tarde, señorías.

Comparezo nesta Cámara, por petición propia, para presentar o novo Plan de emprego xuvenil que vén de aprobar o Consello da Xunta de Galicia, que ten como obxectivo —e moi claro— ofrecer aos nosos mozos a mellora da súa empregabilidade e tamén novas e mellores oportunidades no mercado laboral.

Os últimos datos da enquisa de poboación activa dos que dispoñemos sitúan o desemprego xuvenil dos menores de 25 anos en Galicia por riba do 50 %. É unha cifra absolutamente inaceptable e que temos que combater con todos os mecanismos que están nas nosas mans.

É certo que tamén neste indicador estamos mellor que no conxunto do Estado, posto que Galicia se atopa case cinco puntos por debaixo da media estatal do paro xuvenil. Pero este dato de ningunha maneira é motivo de conformismo. Todo o contrario, as dificultades que están a atopar os nosos

mozos para acceder a un posto de traballo son unha das maiores preocupacións deste Goberno, e isto é algo que nos ocupa dende o noso primeiro día na Xunta. Así, á nosa chegada fixemos, de acordo cos axentes sociais, que a mocidade fora o colectivo prioritario en todas as ordes de emprego desta consellería. Tal é así que, de todos os beneficiarios das políticas activas de emprego nestes últimos catro anos, preto do 30 % eran mozos menores de 30 anos. E é un compromiso que agora, se cabe, ratificamos aínda máis coa aprobación do Plan de emprego que hoxe estamos a presentar e que imos levar adiante nos anos 2014 e 2015; un plan concibido, planeado e dirixido para garantir, blindar e dar resposta a unha das grandes eivas para afrontar a saída da crise, que é o acceso dos mozos ao mercado laboral.

Vaia por diante que o plan que hoxe presentamos é unha estratexia pioneira, ambiciosa, áxil, transversal e flexible. Pioneira e transversal porque é o primeiro plan do Goberno da Xunta de Galicia no que participan varias consellerías da Xunta. Só houbo outro goberno na Xunta de Galicia, desta comunidade, que fixera un plan para a mocidade e foi un goberno do Partido Popular. Son tres as consellerías que participan neste plan: a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Cultura e Educación e a Consellería de Economía. É evidentemente transversal porque non podería ser doutra forma, xa que aborda unha materia tan importante que precisa do compromiso de todos os departamentos da Administración.

E dicimos tamén que é un plan ambicioso, posto que no momento difícil que estamos a vivir, mesmo de restricións económicas, é un plan que blindará 100 millóns de euros para desenvolver en 19 medidas que ademais van dirixidas única e exclusivamente aos menores de 30 anos. E tamén digo que é áxil porque na medida en que se vaia desenvolvendo este plan será avaliado e mesmo tamén será modificado no caso de non obter a resposta axeitada. Mesmo tamén é áxil porque estamos a desenvolver as medidas, as 19 medidas, dende xa mesmo.

As 19 medidas que compoñen este plan agrúpanse en tres eixes esenciais, co obxectivo de acadar a dinamización do mercado laboral para os nosos mozos, a mellora da súa empregabilidade e tamén a posta en marcha de novos proxectos nos que están implicados. Estes tres eixes sobre os que se sustenta o plan: formación, contratación e emprende-

mento, temos que ter en conta que practicamente o total das medidas teñen influencia en máis dun eixe. É dicir, por exemplo, moitas das medidas serán unha combinación de formación ou contratación, ou mesmo tamén de medidas de emprendemento e formación.

Centrémonos agora no primeiro dos eixes, que é a formación. É un pilar esencial de todo este plan, posto que case a metade das medidas que se están a desenvolver van dirixidas precisamente á formación. E se facemos este esforzo é porque temos o firme convencemento de que os menores de 30 anos na nosa comunidade precisan dunha aposta seria por mellorar a súa cualificación e por mellorar a súa empregabilidade. Hai un dato certo que arrojan as estatísticas, que en concreto o 60 % dos 45.000 mozos desempregados que están agora na nosa comunidade non teñen estudos ou case só teñen estudos primarios. É dicir, máis da metade dos desempregados menores de 30 anos da nosa comunidade son mozos que case non teñen cualificación ou directamente ningunha.

No polo oposto atópanse os mozos titulados, con título universitario de grao medio ou de grao superior, e que non superan a cifra de 6.000. É dicir, arredor do 13,5 % dos desempregados da nosa comunidade son persoas con titulación.

Coido que estas cifras indican unha realidade moi clara: canto máis formado estea o traballador, máis posibilidades ten de atopar un emprego. E para ofrecerlles aos nosos mozos unha formación dirixida ao emprego están concibidas precisamente as medidas que tentarei explicar deste plan. Entre elas destacan algunhas por novidosas, ou ben por ter ampliado e mellorado actuacións que xa existían previamente.

En coherencia co que veño de expoñer, unha das medidas do plan é a destinada a facilitar a obtención de certificados de profesionalidade para os mozos que non dispoñen dunha titulación da ESO ou equivalente. É unha actuación na que este Goberno durante estes dous anos vai investir 4,6 millóns de euros, para que preto de 2.250 alumnos con baixa cualificación teñan a oportunidade de mellorar esa formación. Será desenvolvido con 150 accións formativas, e imos ofrecerlles a estes mozos a posibilidade de obter estes certificados e mellorar así os seus currículos de forma notable. Estas accións formativas estarán tamén dirixidas prioritariamente a algún dos xacementos de emprego que existen xa na nosa comunidade, como pode ser turismo, instalacións e

mantemento, servizos socioculturais, informática ou mesmo tamén telecomunicacións.

Dende a nosa consellería traballamos co convencemento de que a obtención destes certificados incrementa —e moito— e mellora tamén as oportunidades para acceder a un posto de traballo. Por iso nos colocamos á cabeza das autonomías en formación certificada. Pasamos de certificar arredor do 58 % dos cursos finalizados no ano 2012, a facelo de preto do cen por cento. É dicir, o cen por cento das persoas que participaron nos cursos de formación da Xunta de Galicia, da Consellería de Traballo, no ano 2013 obtiveron un certificado homologado. Así, son xa 36.000 os traballadores e traballadoras que obtiveron ese certificado na nosa comunidade.

Por outra parte, consideramos tamén que a mellor formación é aquela que precisamente combina a teoría coa práctica. Por iso imos reforzar a nosa aposta polo novidoso modelo de contrato: o contrato de formación dual; unha modalidade que estamos a desenvolver dende a Consellería de Educación e mesmo tamén dende a Consellería de Traballo e que puxemos en marcha no ano 2013. Vai, como todos vostedes saben porque o reconece así o real decreto do Estado, dirixido aos menores de 30 anos que teñen unha baixa cualificación. A formación dual permite aos seus beneficiarios acceder a unha experiencia laboral cun salario acorde ao convenio colectivo, e ademais obriga a que preto do 25 % do tempo —como mínimo o 25 %— dese contrato estea destinado á formación, e á formación certificada.

En primeiro lugar, dende a Consellería de Traballo e Benestar publicaremos este ano, o ano 2014, unha orde que vai regular as características e requisitos que teñen que ter estes contratos. Dita orde quero deixar ben claro que recolle a decisión voluntaria desta comunidade de garantir que toda a formación asociada a eses contratos, e que debería ser financiada polas empresas, vai ser financiada ao cen por cento polas administracións do Estado e da Xunta de Galiza.

Pola súa parte, a Consellería de Educación investirá máis de un millón de euros para precisamente fomentar tamén becas ou contratos de 650 persoas. Así, en definitiva, na formación, no contrato de formación dual, prevemos investir máis de dous millóns de euros que beneficiarán a preto de 800 persoas.

Neste camiño de coordinación entre departamentos vimos de asinar un convenio con Cultura, tamén dirixido especialmente para formar mozos e mozas desempregados na rede que xa ten a Xunta de Galicia de centros educativos. É un convenio que deixa clara a nosa aposta como Goberno de recoñecer o traballo dos excelentes profesionais docentes cos que conta a educación pública, así como tamén de optimizar o rendemento das infraestruturas autonómicas.

Estamos falando de preto de 130 cursos que se farán en dous tipos de centros: os centros integrados de formación profesional, ou mesmo tamén os institutos de ensinanza secundaria. Neste último caso, no caso dos institutos de ensinanza secundaria, será a primeira vez que se utilizan na nosa comunidade autónoma para dar formación a desempregados. É dicir, investimos coa Consellería de Educación 6,5 millóns de euros para formar a 2.000 persoas nos centros da rede educativa da Xunta de Galicia.

Pero, ademais de preocuparnos polos mozos con menor cualificación, tamén imos poñer en práctica medidas que favorezan o acceso ao mercado laboral dos mozos que contan xa cunha titulación. É, sen dúbida, nese eido que as prácticas en empresas constitúen unha importante porta de entrada ao mercado laboral.

Así, este plan contempla tres distintos tipos de bolsas, tres bolsas diferentes, desenvolvidas pola Consellería de Traballo e tamén pola Consellería de Economía, e tentaremos achegar estas becas, estas bolsas, a 1.300 persoas tituladas, investindo 7 millóns de euros.

E nesta liña quero salientar unha novidade importante, e é que imos publicar dende esta consellería unha orde que financie as prácticas en empresas por parte de mozos menores de 25 anos que dispoñan dalgunha titulación oficial, xa sexa título universitario ou de FP ou mesmo tamén certificado de profesionalidade.

Así, financiaremos estas prácticas durante nove meses. Neste tempo a empresa percibirá unha bolsa de apoio equivalente ao 80 % do IPREM; é dicir, de 426 euros ao mes. É un orzamento que esta consellería pon en marcha por primeira vez, e ao que imos destinar 3,8 millóns de euros.

Pola súa banda, dende a Consellería de Economía centrarán os seus esforzos en fomentar a mellora da competitividade dos titulados universitarios mesmo tamén en materia de xestión das pequenas e medianas empresas, ou da internacionalización, é dicir, da promoción exterior, con case 3 millóns de euros.

Outras medidas tamén vencelladas directamente á formación son as que se desenvolven dende a Consellería de Educación a través do programa Formación Profesional Modular, dirixido a menores de 30 anos con experiencia profesional que desexen actualizar as súas competencias, favorecendo así a obtención de títulos de Formación Profesional.

O segundo eixe do plan está vencellado directamente á contratación. Un eixe que se basea nun principio básico, que é incentivar a contratación da nosa mocidade e conseguir que teñan un papel esencial no camiño de recuperación que se prevé para a nosa economía a partir do ano 2014. É dicir, non se trata de que os nosos mozos estean o máis preparados que sexa posible para optar aos mellores postos de traballo, senón que ao mesmo tempo hai que promover que as nosas empresas aposten por elas e contén cos mellores profesionais. Neste eixe incorporamos catro medidas específicas, con máis de 6 millóns de euros de investimento. Especialmente novidosas son aquelas que afectan aos mozos que nin estudan nin traballan, os coñecidos como *ninis*. O novo Plan de emprego xuvenil presta unha atención preferente precisamente a estes mozos, aos mozos de entre 15 e 24 anos que nin estudan nin seguen ningunha formación; é dicir, como se coñecen, *ninis*. Unhas actuacións que estamos a desenvolver en coherencia co novo Programa de garantía xuvenil que promove a Unión Europea, e mesmo podería dicirse que nos adiantamos a ese programa.

Pola nosa banda, a iniciativa deseñada no marco do Plan de emprego xuvenil de Galicia ofrece aos *ninis* galegos inscritos no Servizo Público de Emprego unha atención que vai ser personalizada nun prazo inferior aos catro meses e en liña co que propón o Programa europeo Garantía Xuvenil. Isto vai permitir deseñar un itinerario individual cara ao emprego para cada un deles que vai incluír orientación, acompañamento e formación. A nosa previsión é chegar con esta medida a 16.000 beneficiarios.

De forma complementaria coa actuación anterior, imos ofrecer incentivos á contratación destes mozos que nin estu-

dan nin traballan na nosa comunidade. Esta é unha das medidas novidasas, nas que axudaremos con 200 euros ao mes —é dicir, 2.400 euros ao ano—, durante un ano como máximo, para que as empresas opten por este tipo de persoal nos seus contratos. O orzamento para esta liña vai ser de 4,8 millóns de euros nas dúas próximas modalidades, e estimamos que serán 2.000 os mozos e mozas contratados.

O plan tamén contempla o apoio á formación dual, tal e como desenvolvía antes no capítulo de formación, pero agora neste caso apoiando tamén a contratación, é dicir, o custo salarial. Para aqueles contratos que se desenvolvan baixo a forma de contratación dual serán 100 os euros ao mes, durante un máximo de un ano, o que lles daremos ás empresas que contraten persoas baixo este modelo de contratación. Así, nesta actuación destinaremos 480.000 euros para eses 400 beneficiarios que estimamos haberá do contrato de formación dual.

Neste eixe hai outras medidas tamén lideradas por Economía e Industria que ofrecen bolsas de traballo, pero neste caso bolsas de traballo para poder contratar —e hai apoio á contratación— xestores en internacionalización para as empresas. Deste xeito, ademais de apoiar aos nosos mozos, estamos contribuíndo tamén a axudar a que Galicia siga medrando na internacionalización de empresas, que é un dos principais indicadores económicos que sitúa a recuperación da economía da nosa comunidade.

E o terceiro plan é o eixe vencellado directamente ao emprendemento. Un compromiso de goberno, un compromiso de manter firme o noso apoio aos autónomos, aos emprendedores e, especialmente, ás cooperativas.

Na Xunta de Galicia sabemos que unha das receitas máis efectivas para a creación de emprego e a dinamización da nosa economía é precisamente o autoemprego e o emprendemento. Dende a nosa mesma chegada ao goberno fixemos do emprendemento e do traballo autónomo un dos piares das nosas políticas económicas, e o feito demostra que agora Galicia conta coa súa primeira Lei de emprendemento e competitividade económica da historia da comunidade. E fixémoslo subvencionando a contratación dun traballador, por exemplo, por parte dun autónomo. Logo mesmo tamén o ampliamos, para ter a subvención non só do primeiro traballador, senón tamén do segundo e do terceiro; e mesmo

tamén dende esta consellería blindando o orzamento de apoio á constitución de alta de autónomos con 25 millóns de euros. E, por suposto, como non podía ser doutro xeito, o Plan de emprego xuvenil recolle unha serie de medidas que buscan impulsar novos proxectos, ben pola vía do traballo por conta propia ou ben pola vía de constitución de pemes a través da experiencia cooperativa.

En total son 6 as medidas que compoñen o eixe de apoio ao emprendemento, con 15 millóns de euros, que beneficiarán a preto de 14.000 beneficiarios. Unha das grandes novidades do plan vai ser a publicación específica dunha orde para os mozos menores de 30 anos autónomos, cun investimento de 9 millóns de euros, e traballamos coa previsión de que se beneficien deles 3.100 autónomos menores de 30 anos.

As axudas para os novos autónomos menores de 30 anos oscilarán entre 6.000 e 10.000 euros, dependendo das circunstancias do solicitante e do seu investimento en activo fíxo. Falamos arredor dun 10 % máis das axudas ordinarias que actualmente se lles están a prestar aos autónomos. E nesta liña introducimos unha medida que é ambiciosa e que é novidosa. Por primeira vez, os mozos e mozas menores de 30 anos que se constitúan como autónomos, e cuxa actividade non supoña unha forte inversión, recibirán 1.200 euros. Isto supón que os mozos menores de 30 anos que se establezan como autónomos e que se beneficien destas axudas, xunto coa tarifa plana que ten o Goberno central de 50 euros ao mes, a súa cotización á Seguridade Social durante o primeiro ano en Galicia estará subvencionada ao 100 %. É dicir, a cotización á Seguridade Social dos menores de 30 anos que se dean de alta como autónomos durante o primeiro ano sairá a custo cero.

E se dicimos que o emprendemento é unha das fórmulas que máis teñen resistido á crise, e polo tanto tamén á destrución de emprego, non podemos deixar de destacar tamén a vixencia e a vitalidade que ten o cooperativismo na nosa comunidade, posto que dende o ano 2009 foron 255 as novas cooperativas que se deron de alta, con máis de 5.000 novos socios. Trátase dun 8 % máis de cooperativas das que había no ano 2009. Tal é así, que na pasada lexislatura fixemos unha lei específica de cooperativas e agora mesmo estamos a traballar noutra lei pioneira no Estado que é a Lei de economía social, que xa iniciou o seu proceso para consensuar coas entidades e asociacións da nosa comunidade.

Precisamente outra novidade é a creación dunha figura nova, que é cooperativa xuvenil. A semana pasada -e isto xa é unha realidade- publicábase no *Diario Oficial de Galicia* a orde de axudas para os programas de fomento do emprego a empresas de economía social e promoción do cooperativismo. Esta orde conta cun investimento de 1,8 millóns de euros e ten como gran novidade precisamente o estímulo á creación das cooperativas xuvenís, creadas por mozos e mozas de entre 16 e 29 anos. A orde inclúe unha primeira definición das cooperativas xuvenís e despois recolle axudas de ata 15.000 euros para financiar a posta en marcha de cada un destes proxectos, máis alá de que estes mozos e mozas que participen nunha cooperativa disfrutarán dun 25 % máis de incremento nas contías contempladas no resto dos programas de apoio e estímulo ás cooperativas.

Créase o programa Xuventude Coop; un programa que inclúe un conxunto integral de actuacións dirixidas á mocidade galega para que poida precisamente iniciar a súa experiencia cooperativa. Engloba accións de divulgación, de formación, de dotación de medios materiais, de acompañamento de titulación e tamén de financiamento. Xuventude Coop. vai estar dotado cun orzamento de 1,2 millóns de euros e os seus beneficiarios estimamos que sexan arredor de 600 mozos de menos de 30 anos.

Polo tanto, reforzamos especialmente o noso apoio aos mozos autónomos e tamén o cooperativismo xuvenil, cunha orde específica destinada aos mozos e mozas autónomos, quedándolles a custo cero a cotización á Seguridade Social durante o primeiro ano, e creando tamén, por outra banda, unha nova figura, a cooperativa xuvenil, a través da cal subvencionaremos con ata 15.000 euros, ademais de incrementar nun 25 % as medidas de estímulo e de apoio que había para cada socio cooperativo.

O plan tamén inclúe outras medidas destinadas a fomentar o emprendemento e o autoemprego, como pode ser o apoio ao desenvolvemento de proxectos empresariais a través dunha rede de viveiros que se chama Rede Emprime, que son 15 viveiros e que está situada nos centros educativos da Xunta de Galicia. Ou mesmo tamén a través da subvención a fondo perdido de ata un 50 % para a creación de pemes ou investimentos de novas empresas, pero neste caso promovido polos mozos menores de 30; ou accións formativas e de titorización do emprendedurismo ou mesmo tamén

accións formativas en ferramentas de creación e xestión de empresa para persoas con ideas que non teñan as ferramentas necesarias para podelas facer reais.

En definitiva, hoxe aos deputados aquí presentes lles presento na Cámara a folia de ruta para atallar un dos problemas que máis preocupa a este goberno, que é o desemprego xuvenil. Son 19 medidas concretas que inciden na formación, na contratación e no emprendemento, e das que sinalaría catro medidas especialmente salientables. Financiamos as prácticas en empresas para os menores de 25 anos. Promovemos incentivos á contratación especialmente dos coñecidos como *ninis*, cunha bolsa de axudas de 200 euros ao mes. Por primeira vez os menores de 30 anos que se constitúan como autónomos recibirán automaticamente 1.200 euros, é dicir, a cotización á Seguridade Social do primeiro ano saíralles a custe cero. Creamos a figura cooperativa xuvenil con axuda de 15.000 euros para a posta en marcha de proxectos constituídos por mozos. E as axudas para estes socios de cooperativas incrementase nun 25 %.

En definitiva, falamos dun plan deseñado por todo o Goberno da Xunta de Galicia, transversal, que conta cunha blindaxe de 100 millóns de euros para beneficiar a preto de 95.000 mozos. Este plan é un compromiso da Xunta de Galicia coa xuventude galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Tendo en conta as ausencias, corresponderíalle ao Grupo Parlamentario Socialista.

(*O señor Méndez Romeu pide a palabra.*) Si, señor Méndez Romeu, ¿para que quere a palabra?

O señor MÉNDEZ ROMEU: Para unha cuestión de orde, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Déanlle voz ao escano do señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, no nome do Grupo Socialista quero solicitar a suspensión durante uns minutos deste pleno e a convocatoria urxente e inmediata dunha xunta de portavoces para avaliar a grave situación de alteración da vida parlamentaria. Como sabe vostede, ares-tora hai persoas pechadas na sede parlamentaria, está habendo unha manifestación nas rúas reprimida cunha inusitada violencia e mesmo con feridos. Quero dicirle á súa señoría que isto non é Ucraína, que isto non é Ceuta e que o Parlamento ten que traballar libre de coaccións e, ao mesmo tempo, prestar atención aos problemas dos cidadáns.

Lamentamos ter que comprobar hai uns minutos que no día de hoxe ningún membro do Goberno, nin o presidente nin ningún membro do Executivo, tivo un minuto para tentar parar esta situación de crise, e, polo tanto, reclamamos que sexa a...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...Xunta de Portavoces...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...a que avalíe a situación.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Méndez Romeu.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.) ¿Perdón? Si, señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Para intervir en relación coa cuestión de orde plantexada polos tres voceiros dos grupos anteriores.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Proceda.

O señor PUY FRAGA: Eu podo entender que estamos ante unha situación nova. De feito, que saibamos, é a primeira vez que suceden acontecementos como os que están a pasar. Nós cremos no Parlamento, e cremos que precisamente o Parlamento debe estar traballando polo conxunto dos intereses dos cidadáns de Galicia con independencia de que algúns nalgún momento teñan un problema á porta desta Cámara.

Fraco favor lle fariamos á institución parlamentaria se un incidente ás portas do Pleno impedise que este Pleno desenvolvese a súa orde do día.

Dito isto, como portavoz do grupo da maioría, son consciente de que o Regulamento permite a unha quinta parte dos deputados, ou a dous grupos, pedir unha Xunta de Portavoces. Por parte deste portavoz, atendendo a esa petición, e a da propia Presidencia, non hai ningún inconveniente en reunirmos de urxencia ao remate da sesión, que entendemos que se debe desenvolver coa normalidade que exige a responsabilidade da institución parlamentaria.

Dito isto, quero dicir que os representantes do sector que están aí fóra, como ben sabe o portavoz do Grupo Socialista, teñen nestes momentos unha delegación nesta Cámara, nunha das dependencias desta Cámara. Sabe perfectamente que o Grupo Popular foi falar con eles, e sabe perfectamente que se lles ofreceu interlocución directa coa conselleira, que foi rexeitada polos representantes do sector. Polo tanto, estamos ante unha situación na que eu pediría que non se prexulguen as accións dun goberno que se ofreceu desde o primeiro momento a falar cos representantes do sector que están manifestándose ás portas desta casa.

Grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Puy.

Eu considero oportuno, primeiro, rectificar o meu erro do principio. Efectivamente, estaba a acompañarme a vice-secretaria, foi un erro meu. Eu quería dicir que a Mesa do Parlamento neste momento, cando eu estaba presidindo, estaba en minoría; polo tanto, quero facer público este erro que cometín.

Vostedes coñecen o Regulamento. O Regulamento establece que quince deputados ou dous grupos son os que poden pedir a reunión da Xunta de Portavoces. Ese escrito ten que ser cualificado pola Mesa do Parlamento. Polo tanto, este é o procedemento normal. Eu pídolles que se cumpra o Regulamento e, polo tanto –se non hai inconveniente por parte do Grupo Parlamentario Socialista–, tócalles posicionarse a un dos seus representantes, se o consideran oportuno; se non, daríalle paso ao representante do

Grupo Parlamentario Popular. (*O señor Méndez Romeu solicita a palabra.*)

¿Si, señor Méndez Romeu?, creo que está debatida a cuestión.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Si, está debatida, señor presidente, e acatamos. Pero teño que dicirlle que este grupo non pode elixir entre os cidadáns e a normalidade do Parlamento cando basta ver estes escanos para comprobar que está fundamentalmente alterada. Se vostede impón que non se pode alterar durante uns minutos a celebración do pleno para celebrar unha reunión da Xunta de Portavoces, teño que adiantarlle que este grupo renunciará a intervir no transcurso dos demais asuntos desta sesión.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Méndez Romeu.

Entendida, polo tanto, a cuestión, ten a palabra o representante do Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

A verdade é que hoxe estamos nesta sesión de tarde para falar nada máis e nada menos que de algo tan importante como o Plan de emprego xuvenil elaborado pola Xunta de Galicia para facer precisamente fronte a un dos grandes problemas que sacode a nosa sociedade, o desemprego xuvenil. E nisto, neste problema, o Goberno vén cun plan debaixo do brazo para aportar solucións. E fronte a iso o que temos é unha oposición que nin está nin se lle espera.

O Consello da Xunta de Galicia aprobaba o pasado 20 de febreiro un plan de emprego xuvenil destinado a facer fronte ao grave problema de desemprego que sofren os mozos e mozas do noso país, un plan que se vai acometer en dúas anualidades, 2014 e 2015, e que está dotado con 100 millóns de euros. Trátase de avanzar na inserción laboral dos mozos e mozas, especialmente daqueles que contan cunha menor formación, como indicaba antes a conselleira. Galicia conta cunha poboación xuvenil de 350.800 persoas en idades com-

prendidas entre os 16 e os 29 anos; deles, 43.446 queren traballar e non poden facelo porque non atopan un emprego, unha cifra altamente preocupante.

É certo que Galicia conta cunha taxa de paro xuvenil cinco puntos por baixo da media nacional, pero aínda así segue sendo unha taxa de paro xuvenil excesivamente alta. O estudo elaborado pola Xunta de Galicia para o deseño do Plan de emprego xuvenil aporta outro dato francamente preocupante e que pon de manifesto as debilidades da sociedade na que vivimos. O 60 % dos mozos desempregados de Galicia teñen unha baixa cualificación, é dicir, contan con estudos de primaria, de EXB, e non lograron superar a educación secundaria. A cifra revela, pois, a importancia que a formación ten para a consecución dun emprego. A cifra pon de manifesto que é preciso mellorar a formación dos nosos mozos para que así teñan máis posibilidades de acceder a un posto de traballo.

É verdade ese tópico que di que contamos coa xeración de mozos e mozas mellor formados da nosa historia. É certo que cada vez son máis os mozos que teñen acceso a estudos universitarios, pero aínda así é evidente que queda moito camiño por percorrer e moita reforma educativa que acometer para que o noso sistema educativo mire ao mercado laboral, loite contra o abandono escolar temprano e encare os mozos e mozas ao encontro do emprego.

España ten a taxa de paro xuvenil máis alta de Europa, e non é casual, non depende só do noso mercado laboral. Depende tamén en boa medida do noso sistema educativo. España ten unha taxa do 28 % de abandono escolar temprano, o dobre que a media europea, que se sitúa nun 14 %. E temos o nivel de formación dos nosos mozos máis baixo de Europa. O 48 % dos nosos mozos só contan con estudos primarios, mentres que a media da OCDE se sitúa nun 27 %. Datos que evidencian unha situación que debemos corrixir, e que non vai ser sinxelo. Nestes datos é fácil de encontrar motivos máis que suficientes para explicar a necesidade dunha reforma educativa, unha reforma do noso sistema educativo, algo ao que a oposición, por certo, se ten oposto.

O plan da Xunta é un plan transversal que involucra a distintos departamentos da Xunta de Galicia, involucra a Consellería de Traballo e Benestar, involucra a Consellería de Educación, involucra tamén a Consellería de Economía e

Industria. Un plan, como dixo a conselleira, pioneiro, ambicioso, áxil –porque é inmediato–, un plan flexible, un plan transversal, algo que a oposición non sabe o que significa. Un plan que contempla 19 medidas que van permitir mobilizar 100 millóns de euros. O 75 % dos fondos deste plan dedicaranse á formación dos mozos, eixo central deste plan que se adianta ao Programa de garantía xuvenil que vai levar adiante a Unión Europea en colaboración cos Estados membros e tamén con España.

Galicia, en materia de emprego xuvenil, estase a adiantar, aínda que a oposición non estea disposta a recoñecelo. E por iso este plan contempla un investimento de 4,6 millóns de euros, para que 2.250 mozos poidan optar a novos certificados de profesionalidade. O plan supón un impulso decidido á formación dual, un contrato novidoso que permite dotar os mozos sen traballo de formación e experiencia laboral cun salario acorde aos convenios colectivos.

Falabamos antes da transversalidade, unha transversalidade que vai permitir que mozos e mozas desempregados volten aos centros educativos, aos centros de formación profesional e aos IES, para mellorar a súa formación a través de 130 cursos nos que se investirán 6,5 millóns de euros. O plan de emprego xuvenil da Xunta contempla un programa de prácticas –como dicía antes a conselleira– non laborais remuneradas durante nove meses cunhas becas de 426 euros ao mes. Outra medida: incentivos de 2.400 euros para as empresas que contraten mozos e mozas que nin estudan nin traballan.

En definitiva, estamos ante un plan serio e rigoroso que amosa o compromiso firme da Xunta de Galicia na loita contra o desemprego xuvenil. Aínda non escoitamos proposta ningunha da oposición, e hoxe marcharemos sen escoitala, pero non é algo novo. A realidade é que sobre esta materia a oposición só fai críticas e nunca propuxo ningunha medida en concreto.

Nós non entendemos esa postura crítica que nos últimos días lle vimos escoitando ao Partido Socialista en relación con este plan de emprego xuvenil, unhas críticas que na nosa opinión son inaceptables porque a verdade é que non recordan o que vostedes fixeron cando gobernaron. E eu, a verdade, vou aproveitar para lembrarllelo.

Zapatero chegou ao Goberno cunha taxa de paro xuvenil do 18 % e deixou o Goberno cunha taxa de paro xuvenil do 48 % –18 % cando chegou, 48 % cando marchou–, un incremento do 266 % na era Zapatero. E iso que no medio houbo unhas eleccións no ano 2008 nas que o señor Zapatero se presentaba cun slogan que era: *A por el pleno empleo, motivos para crear*. Menos mal, Zapatero prometeu crear dous millóns de postos de traballo e a única realidade é que destruíu 2.200.000 postos de traballo. *Motivos para crear*, dicía a campaña; *a por el pleno empleo*.

Dende logo, esa si que foi unha estratexia de engano masivo, a que practicou o Goberno Socialista nos últimos oito anos. A vostedes, que presumen neste Parlamento todos os días do legado de Zapatero, teño que recordarlles que o seu líder chegou á Moncloa e había 2.200.000 parados, e marchou do Goberno e había 4.400.000 parados. Esa é a súa realidade, prometeron dous millóns de empregos e deixaron 2.200.000 parados máis que cando vostedes chegaron.

Vostedes, que critican a Xunta de Galicia por ter unha taxa de paro cinco puntos por baixo da media nacional son os mesmos que toman por exemplo a Junta de Andalucía. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ¿Saben qué taxa ten a Junta de Andalucía? O 63 % de paro xuvenil, 13 puntos máis que Galicia. Iso é do que vostedes presumen. Quizais iso explica que hoxe prefiran non tomar a palabra neste asunto, porque a verdade é que se tiveran que falar do Plan de emprego xuvenil o único posible é que se puxesen colorados. Esa é a única realidade.

E fronte a iso, estes gobernos, o Goberno de Mariano Rajoy e o Goberno da Xunta de Galicia, están adoptando medidas para facer fronte á crise e para inverter a tendencia de destrución de emprego e tamén da destrución de emprego xuvenil. Primeiro, evitando a intervención da nosa economía, e, agora, establecendo os mecanismos para a creación de emprego. E xa comeza, mal que lles pese, a haber signos de recuperación, mal que lles pese a vostedes, aos presentes e aos ausentes. Hai signos de recuperación, e proba diso é que o paro xuvenil diminuíu no

ano 2013, que vén de finalizar, en 40.900 mozos respecto de finais do ano anterior. O paro xuvenil diminuíu en España un 4,4 % a finais do 2013 con respecto a finais do 2012; un indicador positivo –insuficiente, dende logo, pero positivo– que indica en qué dirección camiñamos. Camiñamos na senda da creación de emprego, imos polo camiño contrario do camiño no que vostedes deixaron a economía española antes de que os españois fixeran un ERE nas filas do Partido Socialista nas eleccións xerais do 20 de novembro de 2011. Un ERE que mandou para casa aos que crearon esta crise e que aupou ao Goberno ao Partido Popular, a quen os españois confiaron a ardua tarefa de dirixir a saída da crise.

Asumimos así un mandato popular que levamos adiante con determinación, sen apoio ningún da oposición, que segue laiándose desa derrota electoral sen aportar idea ningunha e renunciando a tomar a palabra aquí no lugar onde hai que falar. Nin están nin se lles espera, pero nós iso xa o sabemos, e a cidadanía galega tamén, e por iso deu nas últimas eleccións unha maioría absoluta ao Partido Popular en Madrid e tamén aquí en Galicia. Só o Partido Popular está verdadeiramente preocupado polas vítimas desta crise, as vítimas da súa mala xestión, as vítimas da súa irresponsabilidade. Proba desa preocupación é este plan de emprego xuvenil que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia e que nós valoramos moi positivamente. Entendo que, ante esta realidade, a oposición quedase sen palabras.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Tellado.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señorías, pois isto é o que hai, uns falan e outros traballan. Lamentablemente, hoxe constatamos o que lles preocupa o emprego ou o desemprego da mocidade aos grupos parlamentarios cando nin están aquí nin, como dicía o portavoz do Grupo Popular, se lles espera, nin se lles escoita máis alá de para berrar.

Evidentemente, non podíamos esperar nada máis, non podíamos esperar que presentaran unha contraproposta deste plan de emprego xuvenil; quizais porque non a tiñan ou, se cabe, porque foi o que demostraron ao longo de toda a súa historia. Porque, señorías, nunca lles preocupou o emprego da mocidade, nunca, aos partidos que hoxe están na oposición. Demóstrao o feito de que, cando foron goberno, non foron quen nin de constituír unha soa vez a Comisión Interdepartamental da Mocidade. Demóstrao o feito de que, cando foron goberno, non foron quen de definir nin unha soa estratexia dirixida ás políticas da mocidade, demóstrao o feito de que, cando foron goberno, non foron quen de facer un plan de emprego xuvenil. Non contentos con non facelo –un plan de emprego xuvenil–, é que incluso estando en crise, mesmo tendo anos de bonanza, deixaron máis parados xuvenís no desemprego que cando chegaron no ano 2015. Así que, señorías, si, señor, nin están nin se lles espera, nin terán propostas. Non era o momento para falar.

E lamento profundamente, de verdade, lamento profundamente non ter a oportunidade de escoitar eses plantexamentos tan absolutamente construtivos que estou convencido de que fai a oposición dende os seus escanos. Uns falan e outros traballan, outros deciden. E este goberno decidiu levar adiante un plan de emprego, evidentemente, para mellorar a empregabilidade e mesmo tamén para darlles mellor oportunidade aos mozos de Galicia. E por iso este goberno, o Goberno do Partido Popular, nun momento difícil vai blindar 100 millóns de euros para precisamente os mozos de menos de 30 anos que teñan a oportunidade de mellorar a súa empregabilidade. E facémolo –volvo dicir– traballando, tomando decisións, poñendo enriba da mesa feitos, que son dezanove medidas; non falando, non só comprometendo, senón que poñemos enriba da mesa dezanove medidas –cada unha delas co seu presuposto– que van beneficiar a preto de 95.000 mozos en dous anos.

E queremos falar do que nos preocupa, do que a este goberno e a esta formación política, que é o Partido Popular, lle preocupa, que é do desemprego. E, en concreto, daqueles que teñen menos de 30 anos, porque son os máis prexudicados pola crise. Porque preto do 60 % dos desempregados menores de 30 anos atópanse practicamente cunha baixa cualificación, ou sen cualificación; e, polo tanto, queremos mudar esa situación, queremos que en Galicia haxa mozos e mozas que teñan unha preparación que lles abra as portas ao

mercado laboral. E por iso apostamos pola formación para os mozos sen cualificación, e mesmo tamén para contribuír á súa formación e adquirir o título da ESO, unha actuación á que destinaremos tamén 4,6 millóns de euros.

E tamén programas para cualificar as persoas, neste caso, que non teñen tampouco cualificación, a través dun convenio coa Consellería de Educación. E mesmo tamén fomentando a contratación dual, que, como xa expliquei, é unha aposta deste goberno por unha formación de calidade, vía teoría e vía tamén práctica. Este goberno vai ser o primeiro do Estado que vai financiar voluntariamente, voluntariamente, a formación que vai vinculada a esa contratación de formación dual, e serán dous os millóns de euros que destinaremos a 800 contratos. Facémolo á vez que financiamos as prácticas en empresas tamén para os menores de 25 anos, pero neste caso que teñan unha titulación oficial. Para eles contamos cunha bolsa de apoio de 426 euros ao mes durante nove meses; é dicir, un importe de 3,8 millóns.

Este plan tamén contempla medidas para incentivar a contratación dos mozos galegos. E, dentro delas, gustárame salientar a importancia de promover a contratación daqueles mozos de entre 15 e 24 anos que nin estudan nin traballan, é dicir, os *ninis*. Este colectivo recibe unha atención preferente neste plan, e por iso incentivamos a súa contratación mediante unha axuda de 200 euros ao mes nun período máximo de dous anos. A esta medida destinamos 4,8 millóns de euros, cos que incentivaremos a contratación de 2.000 mozos.

Todo isto á vez que continuamos co noso apoio aos autónomos e emprendedores, un apoio que temos demostrado desde a nosa chegada ao Goberno e que, ademais, seguiremos reforzando con este plan. Imos publicar unha orde específica para as mozas e mozos autónomos, unha orde que vai contar con 9 millóns de euros, e que terá axudas de entre 6.000 a 10.000 euros. Vólvoo repetir: para que teñan a oportunidade de que, aínda que non estean aquí, o saiban, os menores de 30 anos que desexen darse de alta como autónomos na nosa comunidade terán financiada o 100 % a cotización á Seguridade Social durante o primeiro ano. Isto só o fai Galicia. (*Aplausos.*)

Ademais, creamos unha figura nova, que é a cooperativa xuvenil. Aquelas cooperativas constituídas polos mozos de menos de 29 anos poderán tamén optar a unha axuda de

15.000 euros para financiar a posta en marcha de novos proxectos.

Estas son algunhas das medidas máis salientables que ten o Plan de emprego xuvenil. Pero consideramos fundamental o apoio da xuventude a todos estes ámbitos, non só do emprego senón da formación. Insisto, a mocidade da nosa comunidade merece moito máis que este silencio, a mocidade da nosa comunidade merece o compromiso, a mocidade da nosa comunidade merece un goberno serio que marque unha estratexia con eles e que sexa quen de aplicar unhas políticas non só, evidentemente, para o emprego, senón para favorecer todos os eidos da súa vida. E así o faremos, levando adiante a Estratexia de garantía xuvenil para o período 2014-2020, e mesmo tamén impulsando distintos programas que están amparados pola Comisión Europea a través do programa “Garantía xuvenil”.

En definitiva, estamos falando de que este goberno está poñendo en marcha mecanismos para loitar contra o desemprego, e especificamente para os menores. Falamos de formación, falamos de emprendemento e falamos de contratación. A ver de que falan as outras forzas políticas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora conselleira.

Grupo Parlamentario Popular.

Señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Non teña pena, conselleira, porque marche deste pleno con cero propostas da oposición. Pero o certo é que, se tivesen falado os catro grupos que conforman a oposición, vostede marcharía igual con cero propostas da oposición, porque nunca propoñen nada. (*Aplausos.*) Están en contra de todo, e iso que esta crise a crearon eles. Non se poñen de acordo nin para marchar do pleno. Iso foi porque tiveron que esperar a ver se Besteiro chamaba ou non chamaba, e a realidade é que a liña comunicaba. Non se poñen de acordo nin para marchar, nin para protestar. Eran a alternativa de Galicia, comezaron sendo un tripartito, agora xa son un quadripartito. E a verdade é que non votan xuntos nin por error.

Esa é a desgraza de Galicia. Pero a fortuna é que os galegos saben que contan cun goberno, cunha maioría parlamentaria que sostén ese goberno, e unha maioría parlamentaria que si sabe cales son as prioridades de Galicia, que é precisamente a creación de emprego xuvenil. Se teñen algo que dicir, puideron aproveitar o seu turno (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*); se non, rógo-lles que escoiten. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señora Quintas, señora Quintas, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: A verdade é que resulta lamentable o silencio dos grupos da oposición, efectivamente, resulta lamentable o silencio dos grupos da oposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Señora Quintas!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Conselleira, estamos dando pasos, insuficientes aínda, pero estamos dando pasos na boa dirección.

Con vostede, señora Quintas..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Quintas, chámola á orde por primeira vez.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o desemprego crecía. E agora o desemprego xuvenil está baixando, e así se reflicte na EPA do cuarto trimestre do 2013. Lamento que a vostede tanto lle moleste (*Murmurios.*)

¿Como van entender vostedes o que é un plan de emprego de xuvenil? Cocaína, copas e prostitución, a iso dedicaron vostedes os fondos de emprego na Junta de Andalucía, 600 millóns de euros do fondo de réptiles que desviou o seu director general de emprego a cocaína, copas e prostitución.

Efectivamente, señores do PSOE, temos unha visión moi diferente do que facer cos fondos e os recursos dedicados á creación de emprego. A nosa postura dedica todos os recursos á formación de mozos e mozas, a incentivos de contratación e ao fomento do cooperativismo xuvenil, opcións ben distintas ás súas. ¿Que plan de emprego xuvenil levou a cabo

o Goberno de Rodríguez Zapatero? Ningún. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ningún! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere intervir?

¿Que plan de emprego desenvolveu o Goberno bipartito? (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Ningún, señor Losada, ningún.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Losada, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O BNG, conselleira, si demostrou desde o bipartito a súa preocupación polo emprego xuvenil, cando gobernaron amosaron a súa preocupación polo emprego xuvenil no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Aí si que crearon empregos para os seus (*Aplausos.*): 200 contratos en fraude de lei, iso foi o que fixo o bipartito. Si, señor, aí si que estiveron preocupados.

Izquierda Unida tamén soe vir a estes plenos, cando vén, a dar leccións. E, claro, a realidade é que levan xa dous anos gobernando na Junta de Andalucía os señores de Esquerda Unida, eses que aquí veñen e aos que se lles enche a boca falando de recortes e de austericidio. Pois o certo é que o seu goberno en Andalucía ostenta a dubidosa honra de ser, xunto con Cataluña, o goberno que máis recorta en sanidade e educación: un 13 % de recorte en 2013-2014 en materia sanitaria e un 10,9 % de recorte en materia educativa en Andalucía nos anos 2013 e 2014. (*Murmurios.*) Entendo que vostedes estean orgullosos de pertencer ao Partido Socialista Obrero Español. Neste ano recortaron en gasto social en Andalucía 372 millóns de euros —en educación, sanidade e benestar—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor; silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E veñen aquí e queren dar leccións de como crear emprego e como apostar polo emprego xuvenil.

Señora conselleira, esta oposición vén a dar leccións de desemprego. A verdade é que poden facelo, porque o bipartito ostenta o récord de destrución de emprego en Galicia: 51.000 postos de traballo destruíron no seu último ano de goberno. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor.

Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: En definitiva, estamos ante un plan serio e rigoroso que amosa o compromiso firme da Xunta de Galicia na loita contra o desemprego xuvenil. Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos animar o Goberno da Xunta de Galicia a seguir traballando na dirección marcada. Queremos felicitar as consellerías que participan neste plan, coordinadas da man da Consellería de Traballo e Benestar. Estamos ante un plan ambicioso, un plan útil e inmediato que ten unha importante dotación orzamentaria –100 millóns de euros– e que foi debidamente deseñado polo equipo que dirixe Beatriz Mato. Por iso temos que darlle a noraboa a ela e a todo o seu equipo, porque Galicia é unha das primeiras comunidades autónomas en pór en marcha a súa propia estratexia de emprego xuvenil.

Facer política do máis baixo nivel criticando absolutamente todo, non querendo participar nos temas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...iso, dende logo, non redunda no beneficio de Galicia.

O noso reto, o do Grupo Parlamentario Popular e tamén do Goberno da Xunta de Galicia, é mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas e procurar a súa inserción no mercado laboral.

Señora conselleira, conta con todo o apoio deste Grupo Parlamentario nese obxectivo común que compartimos o Grupo Parlamentario Popular, o Goberno da Xunta de Galicia e o conxunto da cidadanía de Galicia. Mágoa que a oposición prefira calar, porque nin está nin se lle espera.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Tellado.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Grazas, presidente.

Moitas grazas, señoría, pola súa intervención e por expoñer a situación na que está vivindo Galicia –non fai falla ir a Andalucía para saber como foi a situación da nosa comunidade, mesmo tamén cando gobernaba o bipartito– e, por suposto, tamén por dar dende esta tribuna unha mensaxe de esperanza, posto que a situación do noso país, de España e mesmo tamén de Galicia, está a darlle a volta ao rexistro do paro, e tamén mesmo ao da afiliación á Seguridade Social.

A economía de Galicia e a economía de España non vai especialmente como nos gustaría, evidentemente, pero si que é verdade que se produciu un cambio. E si que é verdade tamén que Galicia non é a comunidade onde máis medrou o desemprego. Galicia está mellor que outras comunidades autónomas e mantemos o diferencial positivo. Non foi co Goberno do Partido Popular, dende o ano 2009, cando máis medrou o desemprego. Foi no ano 2008 cando houbo 35.000 parados máis segundo a enquisa de poboación activa, ou mesmo tamén no ano 2009, cando houbo 33.000 prados máis. Non son eses datos que correspondan a un goberno do Partido Popular. É máis, por poñer a fotografía da situación na que se atopa Galicia, das dezasete comunidades autónomas que hai, se falamos dende o ano 2009, en once comunidades autónomas medrou máis o desemprego que en Galicia. Se falamos só do último ano, no ano 2013, foron sete as comunidades autónomas nas que medrou máis o desemprego que en Galicia. E se falamos deste ano, neste mes hai oito comunidades autónomas que, efectivamente, tiveron un comportamento peor no desemprego que no último mes de febreiro da nosa comunidade.

Iso, evidentemente, señorías, non satisfai a este goberno, nin por suposto me vou conformar. Pero si é certo que son máis de 1.000 –1.006 en concreto– as persoas que saíron do desemprego no mes de febreiro, sendo a primeira vez dende

a crise, a primeira vez, que hai baixada do desemprego no mes de febreiro.

E centrámonos no que nos preocupa, centrámonos na mocidade, blindamos para a mocidade 100 millóns de euros. Porque –insisto– queremos ter a mellor mocidade, a mellor formada e a que mellor oportunidades de traballo teña. E por iso traballamos con eles non só no emprego senón en todo o que lles preocupa. Por iso fomos o primeiro goberno en volver revitalizar a Comisión Interdepartamental para poder definir unha estratexia de xuventude, unha estratexia que falara de vivenda, unha estratexia que falara de apoios fiscais para a emancipación, unha estratexia que falara de cultura, unha estratexia que falara de deporte, unha estratexia que falara de emprego.

E agora afondamos aínda máis, se cabe, e volve ser este goberno non só o que se compromete co Plan de emprego senón mesmo tamén o que está outra vez, unha vez máis, a definir a nova estratexia para a mocidade con todas as consellerías, e mesmo tamén coa Fegamp, para poder definir a estratexia de xuventude para esta lexislatura. E indo máis alá, tamén estamos aproveitando a oportunidade que nos dá a Unión Europea para, a través do Programa de garantía xuvenil, desenvolver un programa, un proxecto, que é novidoso e que está vencellado ao rural, que se chama “Aval xóvenes”. Un proxecto piloto que foi innovador na busca e caza do emprego, e que está orientado de forma moi especial cara ao emprendemento e cara ao emprego.

Insisto, por primeira vez na historia da Xunta de Galicia un goberno blindo 100 millóns de euros para os menores de 30 anos con dezanove medidas concretas e que beneficiarán a preto de 95.000 mozos. Mellora a empregabilidade e concrétese en nove medidas de formación, que son unhas das que teñen máis peso neste plan, para formar os mozos desempregados de baixa cualificación a través dun acordo, por exemplo, coa Consellería de Educación. Por primeira vez faise un convenio coa Consellería de Educación para que aqueles profesionais que están á fronte dos institutos e mesmo tamén dos CEIP teñan a oportunidade non só de formar os mozos que queren ter un título, senón aqueles mozos que están en desemprego e queren incrementar a súa formación.

E imos financiar, tamén por primeira vez dende esta consellería, as prácticas laborais para aqueles mozos tamén menores de 25 anos que teñen unha titulación media ou

superior cunha bolsa de 426 euros ao mes. Para este plan destinamos 3,8 millóns de euros.

E tamén queremos facilitar a aqueles que non decidan ter unha formación media ou superior a obtención de certificados de profesionalidade, investindo 4,6 millóns de euros para 2.250 alumnos. Somos o goberno que máis aposta pola formación dual do mapa do territorio español. Somos o goberno que vai poñer en funcionamento neste ano unha orde específica para financiar a formación que teñen a obriga nun principio de facer as empresas cada vez que contratan mozos menores de 30 anos. Unha formación que ten que ser certificada e de calidade e que en Galicia, subvencionada polo Estado e pola Xunta de Galicia, vai saír totalmente gratis para a empresa, e garantindo ese certificado aos mozos e mozas de menos de 30 anos, que ademais terán un contrato suxeito a convenio laboral nesa empresa.

E tamén facemos un especial fincapé naqueles mozos que nin estudan nin traballan, os *ninis*, cos que queremos facer unha atención personalizada antes dos catro primeiros meses dende que sexan detectados para poder facer un itinerario individual. E tamén estamos incentivando a contratación destas persoas con preto de 200 euros mensuais.

Con este plan tamén reforzamos o noso apoio aos autónomos, cunha orde específica. Por primeira vez, os menores de 30 anos que se constitúan como autónomos na nosa comunidade recibirán durante o primeiro ano 1.200 euros; é dicir, saíralles a custo cero a cotización á Seguridade Social. Así, destinamos 9 millóns de euros para os mozos autónomos, para que 3.100 mozos poidan darse de alta como autónomos. E desenvolvemos, por primeira vez tamén, a figura da cooperativa xuvenil, cunha axuda de 15.000 euros.

En definitiva, dezanove medidas –formación, contratación, emprendemento–, 100 millóns de euros blindados para a mocidade da nosa comunidade, compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa nosa mocidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 5, de mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de enerxía eólica

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, ten a palabra.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, tal e como manifestou o portavoz do Grupo Socialista, este grupo non vai facer uso da palabra, non vai defender as súas iniciativas, especialmente mentres se ataca con bólas de goma a traballadores que están reivindicando os seus dereitos nunha situación laboral...

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, só lle preguntei se vai defender ou non a súa iniciativa.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Xa non ten a palabra. Ben, moitas grazas.

Dado que o señor Abel Losada Álvarez non substancia a súa moción, en aplicación do artigo 75.1 do Regulamento enténdese decaída a iniciativa.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Carmen Acuña do Campo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia sanitaria na provincia de Pontevedra

A señora PRESIDENTA: Tamén entendo que vostede fixo referencia ás iniciativas do seu grupo, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, en aplicación do mesmo artigo 75.1 enténdese decaída por non facer uso da palabra a deputada.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Juan Manuel Fajardo Recousó, sobre as

actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para paliar a situación de pobreza enerxética que sofren as familias galegas

A señora PRESIDENTA: En aplicación do artigo 75.1 do Regulamento enténdese decaída a iniciativa por non facer uso da palabra o deputado, dado que non se atopa presente.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto 6, de proposicións non de lei, tal e como estaba previsto na orde do día deste pleno.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de loita contra o lume

A señora PRESIDENTA: Enténdese decaída, en aplicación do mesmo artigo 75.1, por non estar presente o deputado para substanciar a iniciativa.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e D. Raúl Fernández Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o sector galego do transporte de mercadorías por estrada

A señora PRESIDENTA: Entendo que tampouco se vai substanciar.

Esta era a previsión existente por parte desta Presidencia para a orde do día de hoxe. Polo tanto, suspendemos a sesión ata mañá.

Boa tarde e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás cinco e once minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
19.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
20.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
21.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
22.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
23.- García Pacín, Isabel	(PP)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
26.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
27.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
28.- Iglesias Sueiro, Carme	(AGE)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
40.- Pardo López, Carmen	(PP)
41.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25